

INFORME
ECONÓMICO E
FINANCEIRO





INFORME ECONÓMICO E FINANCEIRO

CONTIDO

I.	ESTABILIDADE, PERSOAS, FUTURO	7
I.1.	CAMIÑO DA INCERTIDUME. A ECONOMÍA MUNDIAL ENCAMIÑADA, MAIS AÍNDA NON FÓRA DE PERIGO	9
I.2.	POLÍTICAS PÚBLICAS	16
I.3.	OS ORZAMENTOS PARA 2024: ESTABILIDADE, PERSOAS E FUTURO	18
I.4.	O SEMESTRE EUROPEO 2023	24
I.5.	PLAN ORZAMENTARIO 2024	31
II.	CONTORNA ECONÓMICA	33
II.1.	O CONTEXTO INTERNACIONAL	35
II.2.	ECONOMÍA ESPAÑOLA	37
II.3.	ECONOMÍA GALEGA	41
II.4.	ESCENARIO MACROECONÓMICO	44
III.	O ESCENARIO FINANCEIRO	53
III.1.	ENTORNO DE MERCADO	55
III.2.	EVOLUCIÓN RECENTE DOS MERCADOS FINANCEIROS.	56
III.3.	O ACTUAL CICLO DA POLÍTICA MONETARIA DO BANCO CENTRAL EUROPEO.	63
III.4.	SITUACIÓN DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA ANTE O CAMBIO DA POLÍTICA MONETARIA E O ENDURECEMENTO DAS CONDICIÓNS DE FINANCIAMENTO.	70
IV.	O PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA.	79
IV.1.	INTRODUCCIÓN	81
IV.2.	OBXECTIVOS E PRIORIDADES DE GASTO NOS ORZAMENTOS 2024 DO PLAN ESTRATÉXICO	83
IV.3.	EIXES DE ACTUACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA (PEG).	85
IV.4.	NEXT GENERATION EU.	110
IV.5.	ALIÑAMENTO DOS ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA COS	

	OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE _____	118
V.	ORZAMENTOS XERAIS DE GALICIA PARA O EXERCICIO 2024 _____	123
V.1.	EVOLUCIÓN DAS FONTES DE FINANCIACIÓN. _____	125
V.1.1.	EVOLUCIÓN DOS INGRESOS TRIBUTARIOS _____	125
V.1.2.	EVOLUCIÓN DOS FONDOS FINALISTAS E EUROPEOS _____	128
V.1.3.	EVOLUCIÓN SISTEMA DE FINANCIAMENTO AUTONÓMICO _____	129
V.1.4.	EVOLUCIÓN GLOBAL DOS INGRESOS. _____	132
V.2.	EVOLUCIÓN DOS GASTOS E PRINCIPAIS MAGNITUDES. _____	133
V.2.1.	EVOLUCIÓN GLOBAL DO GASTO NON FINANCEIRO _____	133
V.2.2.	EVOLUCIÓN DO GASTO CORRENTE. _____	134
V.2.3.	EVOLUCIÓN DO AFORRO COMO GARANTE DO INVESTIMENTO _____	135
V.2.4.	EVOLUCIÓN DO INVESTIMENTO. _____	137
V.2.5.	EVOLUCIÓN DA CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO _____	139
V.3.	PRINCIPAIS POLÍTICAS DE GASTO NO ORZAMENTO 2024 _____	141
V.3.1.	EVOLUCIÓN DO GASTO SOCIAL _____	141
V.3.2.	FINANCIAMENTO AUTONÓMICO DA ADMINISTRACIÓN LOCAL, INVESTIMENTO EN I+D+I E FINANCIAMENTO DAS UNIVERSIDADES. _____	142
V.4.	GASTO CON PERSPECTIVA TERRITORIAL _____	146
V.5.	O IMPACTO DOS RECURSOS EXTRAORDINARIOS-NGEU _____	147
V.6.	DISTRIBUCIÓN POR CONSELLERÍAS E ORGANISMOS ESTATUTARIOS. _____	148
VI.	SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA E DISCIPLINA ORZAMENTARIA _____	153
VI.1.	REGRAS FISCAIS E ORZAMENTO 2024 _____	155
VI.1.1.	LÍMITE DE DÉBEDA. _____	156
VI.2.	EVOLUCIÓN DA SITUACIÓN FINANCEIRA AUTONÓMICA. _____	156
VI.2.1.	EVOLUCIÓN ORZAMENTARIA _____	156
VI.2.2.	SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA _____	164
VI.3.	EVOLUCIÓN DO ENDEBEDAMENTO: POSICIÓN RELATIVA _____	168
VI.4.	EFFECTO BOLA DE NEVE _____	172
VI.5.	TRANSPARENCIA _____	176



ESTABILIDADE, PERSOAS, FUTURO

I. ESTABILIDADE, PERSOAS, FUTURO

I.1. Camiño da incertidume. A economía mundial encamiñada, mais aínda non fóra de perigo

Cando en plena segunda crise do petróleo John K Galbraith escribiu “A era da incertidume” para describir a situación da economía e a sociedade de finais do século XX, pouco podía aventurar as dificultades que habería de superar a humanidade nesta época de policrisis.

Hoxe, a economía mundial segue a recuperarse paseniñamente segundo o previsto, con sinais innegables de recuperación pero reflectindo os efectos do endurecemento das condicións monetarias despregadas polos bancos centrais para frear a suba de prezos.

A crise sanitaria da COVID-19 chegou ao seu fin de xeito oficial e os trastornos nas cadeas de subministración están a retomar aos niveis observados antes da pandemia. Malia unha conxuntura complicada, a actividade económica no primeiro trimestre do ano foi resiliente e estivo caracterizada pola solidez dos mercados laborais. Os prezos da enerxía e os alimentos descenderon abruptamente con respecto aos máximos acadados a raíz da invasión de Ucraína, e iso posibilitou que as presións inflacionarias mundiais minguasen máis cedo do esperado polo FMI ou a OCDE. Por outra banda, a inestabilidade financeira tras a turbulencia bancaria de marzo permanece contida grazas ás firmes medidas adoptadas polas autoridades estadounidenses e helvéticas.

Porén aínda hai moitas incertezas no horizonte como para desbotar novas complicacións.

Se ben as previsións de crecemento mundiais son lixeiramente máis favorables, aínda que moi febles neste ano para o FMI ¹, as economías avanzadas son as que concentran a desaceleración, onde o crecemento descenderá de 2,7% no 2022 ao 1,5% este ano, permanecendo nun moderado 1,4% o próximo ano.

Pola contra, para as economías dos mercados emerxentes e en desenvolvemento, segue a preverse unha repunta do crecemento, con unha aceleración interanual de 3,1% no 2022 a 4,1% este ano e o vindeiro.

(Este promedio oculta importantes diferencias entre países: nas economías emerxentes de Asia, o crecemento acadará un firme 5,3% este ano, en tanto que moitos produtores de materias primas acusarán una diminución dos ingresos por exportacións).

No que atinxe á Europa, o golpe da escalada dos prezos do gas o ano pasado, faise notar en forma de maior desaceleración, as previsións da Comisión Europea estiman que


1

Un 3% de crecemento mundial FMI, perspectivas da economía mundial, informe WEO

o crecemento da zona euro se desacelerará do 3,3% no 2022 ao 0,8% este ano e a un 1,3% no 2024. Proxéctase que a inflación baixe dun 5,6% neste ano a un 2,9% no 2024, tanto as previsións de crecemento como de prezos revisáronse á baixa ao longo do ano.

O cadro seguinte mostra como teñen evolucionado as previsións de crecemento do PIB ao longo do ano pasado, e como melloran para as economías avanzadas dende primavera para 2023 e moi lixeiramente para 2024.

Gráfica I. Previsións de Crecemento. Recuperación lenta e estable




Source: IMF staff calculations.

Note: Solid lines denote GDP growth from the October 2023 WEO, and dashed lines and dotted lines denote GDP growth forecasts from the April 2023 WEO and the January 2022 WEO Update, respectively. WEO = *World Economic Outlook*.

Fonte: FMI World Economic Outlook, outubro de 2023.

De seguido se mostra tamén como a revisión de prezos evidencia a resistencia de estes á baixa, en especial da inflación subxacente, se ben coincide en que ambos índices comezan a baixar cara ás taxas obxectivo ao longo do vindeiro ano.

Gráfica II. Perspectivas de Inflación: Caendo
Inflación %, liña descontinua: previsión de abril 2023



Source: IMF staff calculations.

Note: Solid lines denote inflation rates from the October 2023 WEO, and dashed lines denote inflation rates from the April 2023 WEO. Core inflation excludes volatile food and energy prices. WEO = *World Economic Outlook*.

Fonte: FMI World Economic Outlook, outubro de 2023.


Un crecemento sobre o previsto hai un ano, e unha inflación máis baixa do previsto son boas novas, que indican que a economía mundial está ben encamiñada. Entre tanto, se ben minguan algúns dos riscos adversos detectados o ano pasado, a balanza non deixa de inclinarse á baixa.

Riscos

En primeiro lugar, cada vez hai máis sinais de que a actividade mundial está a perder forza. O endurecemento da política monetaria a escala mundial levou as taxas de política monetaria a territorio contractivo.

Isto comeza a impoñer un lastre na actividade que está a frear o crecemento do crédito ao sector non financeiro, incrementando os pagos de intereses dos fogares e as empresas, e exercendo presión sobre os mercados inmobiliarios.


Gráfica III. A Conianza dos consumidores e negocios permanece aínda a baixa



Fonte: FMI World Economic Outlook, outubro de 2023.

En segundo lugar, a inflación subxacente, a que non recolle os prezos da enerxía e os alimentos, segue a superar os niveis fixados como meta polos bancos centrais, e prevese que diminúa de xeito gradual do 6% este ano ao 4,7% no 2024, unha revisión á alza de 0,4 puntos porcentuais. Algo máis preocupante é que se prevé que este ano a inflación subxacente nas economías avanzadas siga a rexistrar unha taxa media anual do 5,1%, que logo diminuírá a 3,1% no 2024. Está claro que a batalla contra a inflación aínda non está gañada

Gráfica IV. Inflación Xeral (Mundo % interanual)
A inflación baixa, pero o ritmo de desinflación está desacelerándose:




Fonte: FMI, perspectivas da economía mundial e cálculos do persoal técnico do fondo.

A persistencia da inflación dependerá en gran medida da evolución nos mercados laborais e a dinámica entre os salarios e os produtos consumibles.

Os mercados laborais seguen a amosar sinais moi alentadoras; en moitas economías podemos observar taxas de desemprego inferiores ás rexistradas antes da COVID e niveis de emprego máis altos. En termos xerais, a inflación salarial aumentou, pero a ritmo máis lento que a inflación de prezos na maioría dos países. A razón é sinxela: os prezos axústanse á alza con máis velocidade que os salarios cando a demanda nominal supera con creces o que a economía é quen de producir. Como resultado, os salarios reais diminuíron aproximadamente 3,8% entre o primeiro trimestre de 2022 e 2023 para as economías avanzadas e as principais economías de mercados emerxentes, segundo o FMI.

Os salarios reais máis baixos se traducen en custos de man de obra reducidos. Isto quizás explique a solidez do mercado laboral pese á desaceleración do crecemento e a conseguinte caída da produtividade. Pero en moitos países, o aumento observado no emprego vai alén do que cabe deducir da redución dos custes de man de obra. O seguinte cadro do FMI mostra como aínda persiste unha importante fenda entre as vacantes por desempregado dende o nivel de 2019.



Fonte: FMI. WEO Outubro 2023

Se os mercados laborais conservan o seu dinamismo, cómpre agardar que os salarios reais recuperen o terreo perdido, de xeito que a fenda prezos-salarios tenda a pechase, o FMI estima que hai espazo para unha repunta dos salarios reais sen que se desencadee unha espiral salarios-prezos.


Na medida en que as expectativas inflacionarias están ben ancoradas nas principais economías, e como a economía está a desacelerarse respecto do ano pasado, as presións do mercado deberían axudar a moderar o traspaso dos custes da man de obra aos prezos.

Esta evolución no mercado laboral é de suma importancia. Polo seu impacto no consumo futuro, pero tamén pola febleza do seu fundamento, en especial se temos en conta os modestos aumentos de produto que acompañan ao actual aumento do emprego, indicativos dun deterioro da produtividade da man de obra —o produto por hora traballada—. Se esta tendencia persiste, non será un bo augurio para o crecemento a medio prazo.

Por fin, pese ao endurecemento da política monetaria e a ralentización dos préstamos bancarios, as condicións financeiras flexibilizáronse dende o episodio de tensión bancaria en marzo. En diante, o perigo é, que unha revaloración brusca —se a inflación da unha sorpresa ao alza ou se o apetito mundial polo risco se deteriora— provoque unha fuga cara a activos seguros en dólares, unha suba dos custos de endebedamento, e un aumento das tensións por sobreendebedamento.

Respecto a este último dato, a muda de tendencia dos xuros implica un cambio na pendente de custe financeiro dos servizos da débeda, que aconsella disciplinar o recurso ao déficit e comezar a xerar reservas fiscais, sobre todo nos países máis endebedados.

Gráfica VI. Pagamentos de xuros do Goberno Central. % DOS INGRESOS



Fonte: FMI. World economic outlook. Outubro de 2023

Galicia

A economía galega, fortemente vencellada ás economías da zona euro non será unha excepción á situación xeral descrita para Europa e as economías máis desenvolvidas, se ben seguindo a súa propia traxectoria.

En efecto, a travesía dende a pandemia para a nosa economía foi diferente á da media do país, despois dun menor impacto da pandemia que a levou a baixar un 8,8% o noso produto interior, rebotou con menos forza que a media nacional (5,2% no 2021 e 3,8% no 2022), para saír da crise xa a finais de 2022 e atoparse agora, a lo menos nun 1,2% por encima da situación pre pandemia.

A composición do crecemento é semellante por sectores á media nacional: crecendo os servizos con forza, recuperándose o sector primario de xeito paralelo á climatoloxía e sufrindo a industria para recuperar a velocidade de cruceiro..

O crecemento do 2023 será máis vigoroso do previsto, esperando pechar, unha décima por enriba da previsión do cadro macro dos orzamentos para 2023, grazas a unha demanda externa superior á prevista e a un primeiro semestre cun mellor comportamento do esperado. Para 2024 a ralentización dos nosos socios e os efectos da política monetaria, deixaranse notar; aínda así crecemos a ritmo de pib potencial, máis que no ano

2023 e cun emprego que mostra unha importante consistencia, aumentando en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo e diminuíndo o a taxa de paro.

O apartado do cadro macro da presente memoria describe con maior grao de detalle a evolución dos diferentes compoñentes do PIB galego, pola banda da oferta e da demanda.

I.2. Políticas públicas

Neste contexto de recuperación ameazada por múltiples riscos e incertezas, as políticas públicas asumen un papel fundamental; estes son algún dos seus obxectivos principais:

- Xestionar as incertezas no actual camiño cara a desinflación. De cara ao verán esperabamos que ao comezar a ceder a inflación, entráramos na etapa final do ciclo inflacionario que comezou no 2021, máis a esperanza non é unha política, e a bo seguro a aterraxe non será doada de executar. Os riscos para a inflación agora están máis equilibrados, e é menos probable que a maioría das principais economías precisen novos aumentos considerables das taxas de xuro da política monetaria.
- É fundamental evitar reducir os xuros demasiado cedo, é dicir, antes de que a inflación subxacente dea sinais claras e sostidas de que se está a arrefriar. Aínda non estamos nese punto.
- Uns orzamentos que coordinen as políticas fiscais e a monetaria, apostando pola axuda ás persoas máis vulnerables e o impulso dos investimentos transformadores, pode facer moito para mellorar a situación de xeito acelerado e transitar cara a estabilidade de prezos sen quebrantos.
- Voltar progresivamente ao nivel obxectivo de prezos. Onde as presións inflacionistas sigan a ser elevadas, os Bancos Centrais deben aumentar os tipos de xuro reais por riba dos naturais e mantelos así ata que a inflación subxacente entre nunha clara traxectoria descendente.
- Un relaxo antes de tempo pode supor o risco de desfacer os avances acadados ata o de agora, pola contra unha restrición monetaria excesivamente forte ou duradeira pode levar á recesión a unha economía.
- Neste senso o BCE na súa reunión de política monetaria do pasado 27 de xullo, acordou acadar o obxectivo de inflación no 2025 para tentar causar excesivos danos á economía europea. O BCE leva máis dun ano revisando á alza as súas proxeccións de inflación e retrasando a data que considera que acadará o obxectivo do 2%, o último dato de crecemento dos prezos, correspondente a finais de agosto era dun 5,6%, neste tempo o banco central ten elevado os tipos de

xuro en 425 puntos básicos, ate o 4,25% no que xa é o ciclo de endurecemento monetario máis intenso e longo súa historia.

- Reforzar a supervisión financeira. No entanto, a contorna financeira segue a ser feble en todo o mundo, nun contexto, no que os bancos centrais avanza por un camiño descoñecido para reducir os seus balances. Será importante vixiar a acumulación de riscos e abordar as vulnerabilidades, polo miúdo no sector inmobiliario ou no financeiro non bancario que está menos regulado. Os bancos centrais deben seguir a vixiar o sistema financeiro e estar preparados para usar as súas ferramentas para velar pola estabilidade financeira.
- Coordinar a política fiscal e monetaria. Moitos países respostaron á crise do custe da vida con políticas amplas e non focalizadas de apoio ás persoas e as empresas que contribuíron a amortiguar o shock. Moitas destas medidas son moi custosas e cada vez menos sostibles. No seu lugar, o FMI, a OCDE e a Comisión Europea aconsellan adoptar medidas focalizadas que conserven o espazo fiscal, permitan que os altos prezos da enerxía reduzan a demanda de enerxía e eviten estimular en exceso a economía.
- As políticas pola banda da oferta tamén desenvolven a súa misión, en especial en episodios coma o vivido. Estas poden contribuír a eliminar restricións importantes do crecemento, mellorar a resiliencia, aliviar as presións sobre os prezos e impulsar a transición verde.
- Normalizar as políticas de gasto e apoiar aos vulnerables. Ademais e non menos importante é o feito de que tras varios anos de forte apoio fiscal en moitos países, chegou o momento de repoñer gradualmente as reservas fiscais e de situar a dinámica da débeda sobre unha base máis sostible. Isto axudará a salvagardar a estabilidade financeira e a apuntalar a credibilidade xeral das estratexias de desinflación. Non se trata dunha necesidade xeral de austeridade: o ritmo e a composición da consolidación fiscal han de ter en conta a intensidade da demanda privada, e ao tempo a protección das persoas máis vulnerables.

De todos modos, certas medidas de consolidación a nivel central en especial, seme llan máis que apropiadas, como recomendan o FMI, a OCDE e a CE ao noso país; como as consistentes en reverter paulatinamente as axudas extraordinarias para paliar a suba dos prezos da enerxía, unha vez que vaian volvendo a niveis pre crise.

O espazo fiscal tamén é crucial para executar moitas reformas estruturais precisas para posibilitar o ensanchamento do crecemento potencial. Isto é especialmente importante dado que as perspectivas para o crecemento do ingreso per cápita a medio prazo tense deteriorado na última década.

I.3. Os orzamentos para 2024: Estabilidade, Persoas e Futuro

No difícil e incerto contexto económico descrito, os orzamentos da Comunidade Autónoma para 2024, tentan ser un revulsivo que guíe o crecemento e o emprego perante esta situación de forte incerteza e a axuda para que os galegos que o precisen podan encarar a evolución dos prezos.

Para iso, contamos co orzamento máis alto da historia da comunidade autónoma, malia rematar algúns dos programas máis cuantiosos de financiamento de investimentos como o REACT-UE e os fondos estruturais da Unión Europea do período 14-24 (todos eles financiaban investimentos por importe superior a os 388 millóns de euros no 2023).

A consistencia do orzamento da comunidade pode apreciarse na evolución crecente do orzamento financiado con fondos propios durante toda a lexislatura.

Gráfico VII. Gasto non financeiro financiado con fondos propios



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública. Xunta de Galicia

Podemos apreciar así como este “orzamento subxacente” medra sen cesar, financiando investimentos e servizos para saír con forza da crise pandémica primeiro e agora para garantir un crecemento e emprego estables, a mellora dos servizos públicos e rebaixas tributarias. Auténtico reflexo da creación de valor para os galegos, que supón a acción do goberno concretada nas contas públicas, acción que chega a todos os galegos e a todos os territorios de Galicia.

E todo isto cun recurso cero ao endebedamento neste 2024, o que implica un orzamento equilibrado e por tanto, xa en situación de consolidación fiscal.


Ademais, a constancia, a previsibilidade e a estabilidade son valores económicos en si mesmos que cobran máis importancia na actualidade, a orientación da política fiscal cara a un gasto eficiente e que aporta resultados, que é solidario para garantir unha sociedade cohesionada, e que inviste no futuro e apoia o emprego e a os que máis o precisan, e todo elo de xeito con unha fiscalidade competitiva ao longo dos anos.

Como se orienta a política asignativa nos orzamentos 2024?

- *Investir en estabilidade*, cunhas finanzas solventes, que non xeran débeda e que consolidan os beneficios fiscais a os galegos, para ser unha das comunidades cun mellor tratamento as rendas medias e baixas, que permiten contar con maior renda a dispor a os cidadáns aproveitando os dividendos do rigor orzamentario.

Cun dos menores endebedamentos acumulados das CC.AA., que permite achegar máis recursos a financiar políticas de gasto, e menos, ao pago do servizo da débeda.

Gráfica VIII. Débeda pública. Variación 2008-2022



Ademais de consolidar todas as rebaixas en vigor, estes orzamentos recollen as seguintes novidades:

No Imposto de Transmisións Patrimoniais tomamos dúas decisións de rebaixa.

- Rebaixamos un punto o tipo xeral para a compra de vivendas usadas (do 9% ao 8%), que se suma a outro punto que xa baixamos no ano 2022. Co cal unha persoa que merque unha vivenda usada aforrase en 2024 en torno a 1.000 por cada 100.000€ que invista na súa compra.
- Por outra banda, rebaxamos máis da metade o Imposto de Transmisións Patrimoniais para a compra de vehículos usados (do 8 ao 3%). E eliminamos este imposto para as compras de vehículos cualificados de 'baixas emisións' e os vehículos de mobilidade persoal.

O noso modelo fiscal baséase nas rebaixas tributarias que priorizan cada ano ás rendas medias e baixas e que atenden de maneira prioritaria a estes colectivos:

- Mozos menores de 36 anos.

- Familias numerosas.
- Persoas con discapacidade.
- E outros colectivos desfavorecidos, entre os que se atopan –por exemplo- as vítimas de violencia de xénero.

Sen esquecermos da consolidación das rebaixas existentes:

No Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas levamos aprobadas catro rebaixas do tramo autonómico desde o ano 2014: Galicia é a 3º CC.AA. con mellor tratamento fiscal para rendas de ata 20.200€. O ano pasado deflactáronse os tres primeiros tramos do IRPF e minorouse o máis baixo, con efectos retroactivos a 1 de xaneiro de 2022. E aumentáronse os mínimos persoal e familiar. Unhas medidas que permitiron aforrar aos contribuíntes galegos 128 millóns de euros. Ademais, para a declaración da renda do IRPR que ven, equipárase fiscalmente ás familias de dous fillos coas numerosas, ás que se lle duplica a dedución. As familias con dous fillos xa poderán deducir 250€, dedución que ata agora tiñan as numerosas e que agora se duplica, ata os 500€. Ademais, por cada fillo a maiores, a partir de tres, esta dedución, se incrementa noutros 250€.

No Imposto sobre Sucesións e Doazóns, Galicia é a CA con mellor tratamento fiscal:

- O 99,9% das herdanzas de un familiar directo non tributan.
- Máis de 794.000 beneficiarios desde 2016
- Aos que hai que engadir máis de 13.200 beneficiarios do mellor tratamento fiscal en herdanzas entre irmáns

No Imposto de Transmisións Patrimoniais,:

- a rebaixa dun punto no tipo xeral hai dous anos, que agora baixamos outro punto, e con tipos reducidos para os colectivos prioritarios (desde o 7%, 5%, 3% e ata a supresión en zonas pouco poboadas).
- Máis de 158.000 beneficiarios desde 2019.
- Galicia foi pioneira en España en implantar un programa: 'Impostos 0 no Rural'. Favorecendo os galegos para que poidan vivir no rural e, ademais, vivir do rural. Máis de 163.000 beneficiarios desde 2016.

Nas universidades conxelamos, un ano máis, as taxas, que supoñen un aforro medio por curso de grao de máis de 1.500€.

- *Investir nas persoas.* Os orzamentos para 2024 reforzan os servizos públicos autonómicos e o apoio aos galegos que máis o precisan, apostando pola modernización do servizo de saúde, coa inclusión de novas prestacións, dos servizos sociais en especial aos maiores e reforzando o apoio ás familias e as políticas de vivenda.

E mantendo o apoio aos que máis o precisan, impulsando as medidas de integración no mercado de laboral e loita contra a exclusión.

Co obxectivo de investir nas persoas, para o vindeiro exercicio, a primeira decisión de gasto que tomamos como Goberno galego é reforzar o gasto social, a sanidade, a educación, as políticas sociais e o emprego. O resultado é que chegamos 9.774 M€, 1.234 M€ máis que hai tres anos.


Un ano máis dedicaremos á Sanidade pública máis recursos ca nunca: 5.165 millóns de euros, 198 millóns máis.

Dedicaremos ao Ensino Público máis recursos ca nunca: 2.858 millóns de euros, 63 millóns máis.

Dedicaremos a Políticas Sociais máis recursos ca nunca: 1.303 millóns de euros, 139 millóns máis.

Dedicaremos a Emprego máis recursos ca nunca: 448 millóns de euros, 5 millóns máis.

Gráfica IX. Gasto Social 2021-2024



E como investimos nas persoas?

A través de diversas medidas, das que podemos salientar

- O programa de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio cunha dotación de 25 millóns de euros.
- Redimensionando a oferta de formación profesional achegando 7,7 millóns de euros.

- Cun programa para facilitar a inclusión sociolaboral de colectivos vulnerables cunha dotación de 14,5 millóns de euros.
- Dotando de infraestruturas e equipamentos a atención primaria cunha dotación para este fin de 61 millóns de euros na atención hospitalaria por valor de 255 millóns de euros.
- Así tamén son salientables un conxunto de actuacións como as seguintes
 - O centro de protonterapia dotado con 14,8 millóns de euros.
 - O programa de vacinación ampliando o catálogo de vacinas dotado con 39,7 millóns de euros.
 - A construción de vivendas en alugueiro social cun investimento de 27,5 millóns de euros.
 - Acompañamento no acceso á vivenda para persoas sen fogar dotado con 2,5 millóns de euros.
 - O Bono deportivo de 120 € para os rapaces federados de 6 a 16 anos de idade cunha dotación de 16,2 millóns de euros.
 - Teleasistencia e vivendas conectadas con actuacións por valor de 9,6 millóns de euros.
 - O Bono coidado universal para persoas con dependencia atendidas no seu domicilio de 5.000 € ao ano.
 - Un complemento de 1.200€ para as persoas que reciban unha axuda para residencias privadas.
- *Investir no futuro*, os orzamentos para 2024 sentan as bases do crecemento e emprego futuros, fomentando as condicións financeiras que possibiliten o desenvolvemento dos proxectos transformadores que a comunidade autónoma está a impulsar en liña cos procesos europeos de muda do paradigma dixital, ecolóxico e enerxético e aproveitando os fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea. Fortalecendo a educación e a investigación, apostando pola modernización do tecido industrial, focalizando os investimentos produtivos na transición enerxética e a electrificación da economía, a nova mobilidade, traccionando a dixitalización da economía e actuando con sentidío na protección perante o cambio climático. Investimentos que apostan polo crecemento e a transformación, máis tamén pola mellora dos servizos públicos e a asistencia ao cidadán. Investimentos que fortalecen a capacidade de innovar e, polo tanto actúan como panca de crecemento económico.
Investimento que apostan pola mellora da educación, dende a gardería ata a Universidade, fomentan a formación profesional e a acreditación de novas capacidades para os traballadores que lles permitan integrarse ou mellorar na súa vida laboral.

Apoio á modernización do sector primario de especial importancia na nosa comunidade e pilar fundamental cara a acadar unha estrutura económica máis verde, sostible e que cohesione o territorio.

E como investimos no futuro?


Fortalecendo o crecemento económico:

- A través dos programas Galicia empresa dixital dotado con 6 millóns de euros, Galicia exporta empresas dotado con 4,8 millóns de euros, emprendemento e competitividade con 14 millóns de euros.
- Descarbonización das pemes e incentivos ás enerxías renovables: 9,1 millóns de euros.
- Centro de formación avanzada en transición dixital e verde nas Cidade das TIC: 5 millóns de euros.

Investir no futuro tamén é modernizar o sector primario e avanzar na dixitalización e automatización:

- Centro de ciberseguridade de Galicia e xestión intelixente dotado con 14,3 millóns de euros..
- Polo de tecnoloxías cuánticas dotado con 8 millóns de euros
- Promoción da Tenreira Galega dotado con 12 millóns de euros.
- E investimentos en tecnoloxías forestais dotado con 11 millóns de euros.

Gráfica X. Evolución do orzamento de I+D+i nos orzamentos da comunidade autónoma



I.4. O SEMESTRE EUROPEO 2023

A Comisión Europea (CE) estableceu no 2011 o nomeado «Semestre Europeo», co gallo de mellorar as sinerxias entre as políticas económicas dos países que integran a Unión Europea (UE) e aumentar a vixilancia sobre os seus potenciais desequilibrios macroeconómicos, de xeito especial naqueles que pertencen á Unión Económica e Monetaria (UEM) un ciclo anual no que se deseñan e coordinan as políticas económicas e que recolle a análise da situación económica dos Estados membros, así como dos seus plans de reformas orzamentarias, macroeconómicas e estruturais.

O 22 de novembro de 2022, a Comisión adoptou o Estudo Prospectivo Anual sobre o Crecemento Sustentable para 2023, marcando así o inicio do Semestre Europeo de 2023 para a coordinación das políticas económicas. O 23 de marzo de 2023, o Consello Europeo referendou as prioridades do estudo ao redor das catro dimensións da sustentabilidade competitiva. O 22 de novembro de 2022, a Comisión, sobre a base do Regulamento (UE) n.º 1176/2011, adoptou así mesmo o Informe sobre o Mecanismo de Alerta de 2023, no que sinalaba a España como un dos Estados membros que poden presentar desequilibrios ou poden estar expostos ao risco de padecelos, e para os que sería necesario un exame exhaustivo. Na mesma data, a Comisión adoptou tamén un ditame sobre o proxecto de plan orzamentario de España para 2023. A Comisión adoptou así mesmo unha Recomendación de Recomendación do Consello sobre a política económica da zona do euro, que o Consello aprobou o 16 de maio de 2023, así como a proposta de Informe Conxunto sobre o Emprego de 2023, no que se analiza a execución das orientacións para as políticas de emprego e os principios do alicerce europeo de dereitos sociais, que o Consello adoptou o 13 de marzo de 2023.

Aínda que as economías da UE están a mostrar unha notable resiliencia, o contexto xeopolítico segue tendo unha incidencia negativa. En tanto que a UE apoia de maneira firme a Ucraína, a súa axenda de política económica e social céntrase en reducir os efectos negativos das perturbacións enerxéticas a curto prazo, tanto para os fogares como para as empresas vulnerables, e en manter os esforzos para contribuír á consecución da transición ecolóxica e dixital, apoiar o crecemento sustentable e inclusivo, salvagardar a estabilidade macroeconómica e aumentar a resiliencia a medio prazo. Tamén se centra especialmente en aumentar a competitividade e a produtividade da UE.

O 1 de febreiro de 2023, a Comisión publicou a Comunicación titulada «Un Plan Industrial do Pacto Verde para a era de cero emisións netas» co fin de impulsar a competitividade da industria de cero emisións netas da UE e apoiar a rápida transición cara á neutralidade climática. O Plan complementa os esforzos que se están realizando no marco do Pacto Verde Europeo e do plan REPowerEU. O seu obxectivo é crear unha contorna máis propicia para aumentar a capacidade de fabricación da UE en relación coas tecnoloxías e produtos de cero emisións netas necesarios para cumprir os ambiciosos obxectivos climáticos da UE, así como garantir o acceso ás materias primas fundamen-

tais pertinentes, en particular mediante a diversificación do abastecemento, a explotación adecuada dos recursos xeolóxicos nos Estados membros e a maximización da reciclaxe de materias primas. O Plan baséase en catro alicerces: un marco regulador previsible e simplificado, un acceso máis rápido ao financiamento, a mellora das capacidades e un comercio aberto para unhas cadeas de subministración resilientes. O 16 de marzo de 2023, a Comisión publicou tamén a Comunicación titulada «Competitividade a longo prazo da UE: máis aló de 2030»⁶, estruturada ao redor de nove factores que se reforzan mutuamente, co obxectivo de traballar en pos dun marco normativo que favoreza o crecemento. A Comunicación establece prioridades políticas destinadas a garantir activamente melloras estruturais, investimentos ben enfocados e medidas normativas para a competitividade a longo prazo da UE e os seus Estados membros. As recomendacións que figuran a continuación contribúen a abordar estas prioridades.

En 2023, o Semestre Europeo para a coordinación das políticas económicas segue evolucionando en consonancia coa aplicación do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. A execución plena dos plans de recuperación e resiliencia segue sendo esencial para cumprir as prioridades políticas no marco do Semestre Europeo, xa que devanditos plans abordan a totalidade ou unha parte significativa das recomendacións específicas por país pertinentes formuladas nos últimos anos. As recomendacións específicas por país de 2019, 2020 e 2022 seguen sendo igual de pertinentes tamén para os plans de recuperación e resiliencia revisados, actualizados ou modificados de conformidade cos artigos 14, 18 e 21 do Regulamento (UE) 2021/241.

O Regulamento relativo a REPowerEU, adoptado o 27 de febreiro de 2023, ten por obxecto eliminar rapidamente a dependencia da UE das importacións de combustibles fósiles de Rusia. Isto contribuirá á seguridade enerxética e á diversificación da subministración enerxética da UE e aumentará a implantación das enerxías renovables, a capacidade de almacenamento de enerxía e a eficiencia enerxética. O Regulamento permite aos Estados membros incluír un novo capítulo de REPowerEU nos seus plans nacionais de recuperación e resiliencia co fin de financiar reformas e investimentos cruce que contribúan a alcanzar os obxectivos de REPowerEU. Tamén contribuirán a impulsar a competitividade da industria de cero emisións netas da UE, tal como indícase no Plan Industrial do Pacto Verde para a era de cero emisións netas, e a poñer en práctica as recomendacións específicas por país en materia de enerxía dirixidas aos Estados membros en 2022 e, no seu caso, en 2023. O Regulamento relativo a REPowerEU introduce unha nova categoría de axuda financeira non reembolsable, facilitada aos Estados membros para financiar novas reformas e investimentos relacionados coa enerxía no marco dos seus respectivos plans de recuperación e resiliencia.

O 8 de marzo de 2023, a Comisión adoptou unha Comunicación na que se proporcionan orientacións para a política fiscal en 2024. O seu obxectivo é apoiar a elaboración dos programas de estabilidade e converxencia dos Estados membros e así reforzar a coordinación das políticas. A Comisión lembrou que a cláusula xeral de salvaguardia do

Pacto de Estabilidade e Crecemento desactivarase a finais de 2023 e avogou por unhas políticas fiscais en 2023-2024 que garantan a sustentabilidade da débeda a medio prazo e aumenten o potencial de crecemento de maneira sustentable. Convidouse os Estados membros a que explicasen nos seus programas de estabilidade e converxencia de 2023 o modo en que os seus plans de política fiscal garantirán o respecto do valor de referencia do déficit do 3 % do PIB e unha redución da débeda verosímil e continuada ou o seu mantemento en niveis prudentes a medio prazo. A Comisión convidou os Estados membros a eliminar gradualmente as medidas fiscais nacionais introducidas para protexer aos fogares e as empresas da perturbación nos prezos da enerxía, empezando polas menos específicas. Especificou que, se fose necesario prorrogar as medidas de apoio en resposta a novas presións dos prezos da enerxía, os Estados membros deberían orientalas moito mellor que no pasado aos fogares e as empresas vulnerables. A Comisión propuxo que as recomendacións de política fiscal cuantifícasense e diferenciasen e formulásense sobre a base do gasto primario neto, tal como propónse na súa Comunicación sobre as orientacións para unha reforma do marco de gobernanza económica da UE. Recomendou que todos os Estados membros deben seguir protexendo os investimentos financiados a nivel nacional e garantir a absorción efectiva dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e outros fondos da UE, atendendo especialmente á transición ecolóxica e dixital e aos obxectivos en materia de resiliencia. A Comisión indicou tamén que propoñerá ao Consello a apertura, na primavera de 2024, dos procedementos de déficit excesivo baseados nos datos de execución de 2023, de conformidade coas disposicións legais vixentes.

O 26 de abril de 2023, a Comisión presentou propostas legislativas para aplicar unha reforma global das normas de gobernanza económica da UE. O obxectivo central das propostas é reforzar a sustentabilidade da débeda pública e promover o crecemento sustentable e inclusivo en todos os Estados membros a través de reformas e investimentos. As propostas teñen por obxecto proporcionar aos Estados membros un maior control sobre o deseño dos seus plans a medio prazo, á vez que se establece un réxime de control do cumprimento máis estrito para garantir que os Estados membros cumpren os compromisos asumidos nos seus plans fiscais estruturais a medio prazo. O obxectivo é concluír o labor legislativo en 2023.

O 28 de abril de 2023, España presentou o seu Programa Nacional de Reformas de 2023 e, o 28 de abril de 2023, o seu Programa de Estabilidade de 2023, de conformidade co artigo 4, apartado 1, do Regulamento (CE) n.º 1466/97. Tendo en conta as súas interrelacións, ambos os programas avaliáronse conxuntamente. De conformidade co artigo 27 do Regulamento (UE) 2021/241, o Programa Nacional de Reformas de 2023 reflicte tamén o informe semestral de España sobre os avances realizados na execución do seu Plan de Recuperación e Resiliencia.

A Comisión publicou o informe específico de 2023 sobre España o 24 de maio de 2023. Nel avaliábanse os avances realizados por España para poñer en práctica as recomendacións específicas por país pertinentes adoptadas polo Consello entre 2019 e 2022

e faciase balance da execución do Plan de Recuperación e Resiliencia por parte de España. Partindo desta análise, no informe específico sinálanse as deficiencias con respecto aos retos que non se abordan, ou só abórdanse parcialmente, no Plan de Recuperación e Resiliencia, así como os retos novos e emerxentes. Así mesmo, avalía os avances de España na aplicación do alicerce europeo de dereitos sociais e na consecución dos obxectivos principais da UE en materia de emprego, capacidades e redución da pobreza, así como na consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable das Nacións Unidas..

A Comisión realizou un exame exhaustivo sobre España de conformidade co artigo 5 do Regulamento (UE) n.º 1176/2011 e publicou os seus resultados o 24 de maio de 2023. Chegou á conclusión de que España está a experimentar desequilibrios macroeconómicos. En particular, as vulnerabilidades relacionadas coa elevada débeda privada, pública e exterior, que teñen relevancia transfronteiriza, están a diminuír, pero seguen presentes. A débeda exterior e especialmente as cocientes de débeda privada diminuíron durante a década de 2010 e, tras unha interrupción temporal en 2020, renovaron o seu descenso en 2021 e espérase que sigan diminuíndo, favorecidas polo crecemento económico. Con todo, mantéñense en niveis aínda elevados. A posición exterior beneficiouse dunha balanza por conta corrente que rexistrou superávit durante unha década, aínda que se reduciu recentemente, reflectindo os efectos da pandemia nas exportacións turísticas e do aumento dos prezos da enerxía en 2022. A débeda pública segue sendo elevada. En 2022 retomou a traxectoria descendente que produciu melloras antes da pandemia, impulsada polo forte crecemento do PIB nominal, pero mantense por encima dos niveis anteriores á pandemia. Prevese que esta redución continúe en 2023 e 2024, a un ritmo máis moderado, apoiada por medidas en materia de políticas contidas no Plan de Recuperación e Resiliencia. O sistema financeiro ha mostrado resiliencia fronte ás recentes perturbacións provocadas pola pandemia e a crise enerxética. O desemprego volveu a diminuír, pero segue sendo elevado e seguen existindo bolsas de vulnerabilidade, cun desemprego xuvenil e de longa duración moi elevado. Os posibles riscos que afectan á maior redución das vulnerabilidades están relacionados principalmente cos efectos do endurecemento das condicións financeiras sobre a situación financeira dos fogares e as empresas, así como sobre a sustentabilidade da débeda pública a medio e longo prazo ante as actuais condicións do mercado e o envellecemento da poboación. Os avances nas políticas foron favorables e a continuación da execución do Plan de Recuperación e Resiliencia debería achegar novas melloras.

No Programa de Estabilidade 2023, prevese que o déficit das administracións públicas diminúa ao 3,0 % do PIB en 2024. A diminución en 2024 tamén reflicte a eliminación gradual das medidas relativas á enerxía. O programa prevé que a cociente de débeda pública con respecto ao PIB diminúa ao 109,1 % a finais de 2024. Sobre a base das medidas coñecidas na data límite das previsións, as previsións da primavera de 2023 da Comisión contemplan un déficit público do 3,3 % do PIB en 2024. Estas previsións están en consonancia co déficit previsto no programa. As previsións da primavera de 2023 da Comisión indican unha cociente de débeda pública con respecto ao PIB similar, do 109,1 % a finais de 2024.

○ Programa de Estabilidade prevé a eliminación progresiva das medidas de apoio en materia enerxética en 2024, con excepción do imposto sobre os beneficios inesperados aplicable ás empresas enerxéticas. A Comisión tamén conta coa eliminación progresiva de case todas as medidas de apoio en materia enerxética en 2024 (ingresos netos do 0,1 % do PIB en 2024). Estas estimacións están supeditadas ao suposto de que non se produzan novas subidas dos prezos da enerxía.

○ Regulamento (CE) n.º 1466/97 do Consello esixe unha mellora anual do saldo orzamentario estrutural para cumprir o obxectivo a medio prazo, dun 0,5 % como valor de referencia. Tendo en conta consideracións de sustentabilidade da política fiscal e a necesidade de reducir o déficit por baixo do valor de referencia do 3 % do PIB, sería adecuado mellorar o saldo estrutural en polo menos o 0,7 % do PIB en 2024. Para garantir esta mellora, o crecemento do gasto primario neto financiado a nivel nacional en 2024 non debería superar o 2,6 %, como se reflicte na recomendación. Ao mesmo tempo, as restantes medidas de apoio en materia enerxética (estimadas actualmente pola Comisión nun 0,6 % do PIB en 2023) deberían eliminarse progresivamente, dependendo da evolución do mercado da enerxía e comezando coas menos específicas, e os aforros correspondentes deberían utilizarse para reducir o déficit público.

Supoñendo que as políticas non varíen, as previsións da primavera de 2023 da Comisión estiman que o gasto primario neto financiado a nivel nacional creza nun 1,4 % en 2024, o que se sitúa por baixo da taxa de crecemento recomendada.

○ Programa de Estabilidade esboza unha traxectoria de política fiscal a medio prazo ata 2026. Segundo o programa, prevese que o déficit público diminúa gradualmente ata alcanzar o 2,7 % do PIB en 2025 e o 2,5 % en 2026. Por conseguinte, prevese que o déficit público diminúa e sitúese por baixo do 3 % do PIB en 2025. Segundo o programa, espérase que a cociente de débeda pública con respecto ao PIB baixe do 109,1 % a finais de 2024 ao 106,8 % a finais de 2026.

De conformidade co artigo 19, apartado 3, letra b), e co anexo V, criterio 2.2, do Regulamento (UE) 2021/241, o Plan de Recuperación e Resiliencia inclúe un amplo conxunto de reformas e investimentos que se reforzan mutuamente e que deben realizarse de aquí a 2026. Ata a data, a aplicación do Plan de Recuperación e Resiliencia de España avanzou ben. España presentou tres solicitudes de pago, correspondentes a 121 fitos e obxectivos do plan e que deron lugar a un desembolso total de 28.000.000.000 EUR. Aínda que España estaba entre os Estados membros máis avanzados na aplicación do plan, agora prevé revisalo para duplicar con fartura o seu volume. Esta revisión debería ir acompañada dunha capacidade administrativa suficiente para garantir a absorción eficaz e eficiente dos fondos de recuperación e resiliencia e doutros fondos dispoñibles da UE e nacionais. En particular, España manifestou a súa intención de solicitar préstamos e beneficiarse dunha maior asignación de subvencións do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. O plan revisado tamén incluírá un capítulo de REPowerEU, que se financiará polo menos parcial-

mente coas subvencións adicionais de REPowerEU. A rápida inclusión do novo capítulo de REPowerEU no Plan de Recuperación e Resiliencia permitirá financiar reformas e investimentos adicionais en apoio dos obxectivos estratéxicos de España no ámbito da enerxía e a transición ecolóxica. De conformidade co artigo 14, apartado 6, do Regulamento (UE) 2021/241, o 28 de marzo de 2023, España manifestou a súa intención de solicitar 84.000.000.000 EUR de axuda adicional en forma de préstamos no marco do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. A participación sistemática e efectiva das administracións autonómicas e locais, dos interlocutores sociais e outras partes interesadas pertinentes segue sendo importante para a execución satisfactoria do Plan de Recuperación e Resiliencia, así como doutras políticas económicas e de emprego que van máis aló do que este abarca, a fin de garantir unha ampla asunción do programa de políticas no seu conxunto.

Á luz da avaliación da Comisión, o Consello examinou o Programa de Estabilidade de 2023 e o seu ditame reflíctese na recomendación I que figura a continuación.

Tendo en conta das estreitas interrelacións entre as economías dos Estados membros da zona do euro e a súa contribución colectiva ao funcionamento da unión económica e monetaria, o Consello recomendou aos Estados membros da zona do euro que tomasen medidas, tamén a través dos seus plans de recuperación e resiliencia, para: i) preservar a sustentabilidade da débeda e absterse de prestar un apoio xeneralizado á demanda agregada en 2023, orientar mellor as medidas de política fiscal adoptadas para mitigar os efectos dos elevados prezos da enerxía e reflexionar sobre formas adecuadas de reducir paulatinamente o apoio a medida que diminúan as presións dos prezos da enerxía; ii) manter un elevado investimento público e promover o investimento privado para apoiar a transición ecolóxica e dixital; iii) apoiar unha evolución salarial que mitigue a perda de poder adquisitivo e ao mesmo tempo limite os efectos de segunda rolda sobre a inflación, seguir mellorando as políticas activas do mercado de traballo e responder á escaseza de persoal cualificado; iv) mellorar a contorna empresarial e asegurarse de que o apoio ás empresas en materia enerxética sexa rendible, temporal, estea dirixido a empresas viables e manteña os incentivos para a transición ecolóxica; e v) preservar a estabilidade macrofinanciera e supervisar os riscos, á vez que se segue traballando na culminación da unión bancaria. No caso de España, as recomendacións 1, 2 e 3 contribúen á aplicación das recomendacións primeira, segunda e terceira para a zona do euro.

Á luz do exame exhaustivo da Comisión e desta avaliación, o Consello examinou o Programa Nacional de Reformas de 2023 e o Programa de Estabilidade de 2023. As súas recomendacións, formuladas en virtude do artigo 6 do Regulamento (UE) n.º 1176/2011, reflíctense na recomendación I que figura a continuación. As políticas a que fai referencia a recomendación I contribúen a abordar as vulnerabilidades relacionadas coa elevada débeda pública. A recomendación 2 contribúe a aplicar a recomendación I. As políticas a que fai referencia a recomendación I contribúen tanto a abordar os desequilibrios como a aplicar as recomendacións para a zona do euro,.

RECOMENDA a España que tome medidas en 2023 e 2024 co fin de:

1. Eliminar gradualmente as medidas de apoio en materia enerxética en vigor ata finais de 2023, aproveitando os aforros correspondentes para reducir o déficit público. No caso de que fosen necesarias medidas de apoio debido a novos aumentos dos prezos da enerxía, garantir que ditas medidas oriéntense a protexer aos fogares e as empresas vulnerables, que sexan factibles desde o punto de vista da política fiscal e que manteñan os incentivos para o aforro de enerxía.

Garantir unha política fiscal prudente, en particular limitando o aumento nominal do gasto primario neto financiado a nivel nacional en 2024 a un máximo do 2,6 %.

Preservar o investimento público financiado a nivel nacional e garantir a absorción efectiva das subvencións do MRR e outros fondos da UE, en particular para fomentar as transicións ecolóxica e dixital.

Para o período posterior a 2024, seguir aplicando unha estratexia de política fiscal a medio prazo de saneamento gradual e sustentable, combinada con investimentos e reformas que propicien un maior crecemento sustentable, co fin de lograr unha situación orzamentaria prudente a medio prazo..

2. Manter o impulso na execución constante do seu Plan de Recuperación e Resiliencia e finalizar rapidamente o capítulo de REPowerEU, con vistas a iniciar rapidamente a súa aplicación. Garantir que segue dispoñendo de capacidade administrativa suficiente tendo en conta do aumento previsto do alcance do plan. Proceder á rápida execución dos programas da política de cohesión, en estreita complementariedade e sinerxia co Plan de Recuperación e Resiliencia.

3. Reducir a dependencia dos combustibles fósiles. Acelerar a implantación das enerxías renovables, en particular mediante unha maior simplificación e dixitalización dos procedementos de concesión de permisos, o apoio ao labor das autoridades responsables da concesión de permisos, a mellora do acceso á rede e o investimento no almacenamento de enerxía, o transporte e a distribución de electricidade e as interconexións eléctricas transfronteirizas. Aumentar a dispoñibilidade de vivendas sociais e alcanzables eficientes desde o punto de vista enerxético, tamén mediante a renovación, e acelerar a electrificación dos edificios e a penetración da electromovilidad. Intensificar os esforzos en materia de políticas destinados a proporcionar e adquirir as capacidades necesarias para a transición ecolóxica.

I.5. PLAN ORZAMENTARIO 2024

O pasado 15 de outubro o goberno de España presenta o plan orzamentario perante a Comisión Europea para 2024. O enfoque que se seguiu na elaboración e remisión do Plan Orzamentario para 2024 consiste nun escenario fiscal inercial. No devandito escenario, en 2024 os ingresos tributarios proxéctanse sen ter en conta as medidas de carácter temporal que afectan os impostos sobre a produción con data de vencemento do 31 de decembro de 2023. Polo lado dos gastos, si se inclúen determinadas medidas por considerar que se adoptarán en calquera escenario. É o caso da revalorización das pensións para garantir o mantemento do seu poder adquisitivo ou o incremento de retribucións dos empregados públicos para 2024 segundo o acordo de outubro de 2022 da Mesa Xeral de Negociación da Función Pública.

O déficit previsto para o conxunto das Administracións Públicas en 2024 sería do 3,0 por cento do PIB, cunha previsión de peche do exercicio 2023 cun déficit público do 3,9 por cento do PIB, resultado totalmente aliñado coa senda remitida a Bruxelas no Programa de Estabilidade 2023-2026 o pasado mes de abril.

En concreto, a senda de déficit e débeda que se presentaba na Actualización do Programa de Estabilidade 2023-2026 remitido a Europa reflectía un equilibrio entre o reforzo da sustentabilidade das finanzas públicas, a protección dos colectivos máis vulnerables e o apoio ao crecemento económico.

O pasado 8 de marzo a Comisión Europea publicou unha Comunicación coas “Orientacións de Política Fiscal para 2024” que terán que cumprir os Programas de Estabilidade e Converxencia dos Estados membros

Nestas Orientacións a Comisión reiterou que en 2024 desactívase a cláusula de salvagarda. Ademais, a Comisión tamén pediu aos Estados membros que reforzasen a sustentabilidade das súas finanzas públicas a partir do ano que vén, sempre na medida en que a inestabilidade xeopolítica e de prezos provocada pola invasión rusa permítalo.

Por último, neste contexto, o proceso de reforma do marco de gobernanza económica da Unión Europea que a Comisión Europea iniciou en febreiro de 2020 adquire tamén un papel relevante. Este proceso retomouse no outono de 2021, e en novembro de 2022 a Comisión publicou unha Comunicación esbozando as principais liñas da súa proposta. O 26 de abril de 2023 a Comisión presentou finalmente tres textos lexislativos: novo regulamento para o brazo preventivo, modificación do regulamento para o brazo correctivo e modificación da directiva de marcos orzamentarios nacionais.

As propostas da Comisión Europea para a activación das regras fiscais representan unha oportunidade importante para España. Estas propostas buscan reforzar a sustentabilidade da débeda pública e promover un crecemento sustentable e inclusivo en todos

os Estados membros. A simplificación das normas fiscais e a introdución de salvaguardias comúns proporcionan un marco máis claro e predicible para a xestión fiscal do país. Isto facilita a toma de decisións e a planificación fiscal.

Ademais, as propostas alentan as reformas e investimentos necesarias para abordar as transicións ecolóxicas e dixitais. Isto está aliñado coas prioridades do país e brinda a oportunidade de fortalecer a economía de España en áreas crave.

O déficit previsto para o conxunto das Administracións Públicas en 2024 no presente Plan Orzamentario sería do 3,0 por cento do PIB, o mesmo que o previsto na Actualización do Programa de Estabilidade do pasado abril. Devandito escenario, do mesmo xeito que nos anteriores Plans Orzamentarios, constrúese sobre a base do principio de “neutralidade” previsto para o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (que supón que no momento en que se computa un gasto con cargo a fondos do Mecanismo, automaticamente recoñécese un ingreso pola mesma cantidade, con independencia de cando se realicen finalmente os pagos), polo que non se incluíron os ingresos e gastos do MRR na táboa de previsións fiscais 2023-2026.

En 2023 a débeda continuará a senda descendente que viña observando desde 2021, prolongándose esta tendencia en 2024, situándoa por baixo do 110 por cento do PIB a peche de 2023. Espérase que se reduza así a cociente débeda PIB en 2024 un total de aproximadamente 14 puntos de PIB respecto a o seu valor en 2020, ata situarse no 106,3 por cento do PIB.



CONTORNA ECONÓMICA

II. CONTORNA ECONÓMICA

II.1. O CONTEXTO INTERNACIONAL

A evolución da economía mundial está marcada polo endurecemento da política monetaria, como consecuencia da inflación. Aínda que a inflación xeral diminuíu a nivel mundial, a inflación subxacente segue en niveis elevados. O ritmo do endurecemento foise reducindo nos últimos meses mais os seus efectos estanse a notar na actividade económica.

Nos últimos meses obsérvase unha desaceleración da economía mundial, principalmente pola perda de impulso da economía china, con problemas no sector inmobiliario.

As previsións máis recentes dos principais organismos internacionais: Fondo Monetario Internacional (FMI), Organización para la Cooperación y el Desarrollo Económicos (OCDE) e Comisión Europea recollen un crecemento máis moderado da economía mundial no ano 2023 respecto ao ano anterior.

A economía mundial podería crecer no entorno do 3,0% nos anos 2023 e 2024 segundo o FMI. Entre os factores negativos que afectan ao crecemento mundial pódese destacar o endurecemento da política monetaria, o menor dinamismo da economía china e as tensións xeopolíticas coa guerra de Ucraína. En senso contrario, a fortaleza do mercado de traballo nas economías avanzadas e o dinamismo das economías emerxentes favorecerán o crecemento económico mundial.

Cadro 1. Previsións macroeconómicas

	FMI (xullo 2023)		Comisión Europea (setembro 2023) (2)		OCDE (setembro 2023)(1)	
	2023	2024	2023	2024	2023	2024
PIB Mundial	3,0	3,0	2,8	3,1	3,0	2,7
Área Euro	0,9	1,5	0,8	1,3	0,6	1,1
Francia	0,8	1,3	1,0	1,2	1,0	1,2
Alemaña	-0,3	1,3	-0,4	1,1	-0,2	0,9
Italia	1,1	0,9	0,9	0,8	0,8	0,8
Portugal	1,0	1,7	2,4	1,8	2,5	1,5
España	2,5	2,0	2,2	1,9	2,3	1,9
Reino Unido	0,4	1,0	-0,2	1,0	0,3	0,8
Estados Unidos	1,8	1,0	1,4	1,0	2,2	1,3
Xapón	1,4	1,0	1,1	1,0	1,8	1,0
México	2,6	1,5	1,6	1,7	3,3	2,5
Brasil	2,1	1,2	1,0	1,3	3,2	1,7
China	5,2	4,5	5,5	4,7	5,1	4,6
India	6,1	6,3	5,6	6,6	6,3	6,0

(1) A OCDE elabora previsións da Área Euro constituída por 17 países. Na actualización de setembro non difunde as previsións para Portugal, polo que se consideran as previsións de xuño.

(2) A Comisión Europea, no mes de setembro, só actualiza as previsións dos países da Unión Europea. As previsións do resto de países corresponden ao mes de maio.

Nos seguintes parágrafos detállanse as previsións dispoñibles para os principais países da economía mundial e cos que mantemos relacións comerciais e que, polo tanto, teñen unha maior influencia na economía galega. Estes países son Estados Unidos, China, os principais da zona euro e Reino Unido. Para o seguimento dos países utilízanse principalmente os datos da OCDE, pois a súa actualización inclúe previsións para máis países que a Comisión Europea.

A economía da área do euro está a mostrar debilidade neste ano 2023. Aínda que se reduciron os problemas nas cadeas globais de valor, a industria manufactureira continúa desacelerándose. Os servizos rexistraron un bo comportamento na primeira metade do ano, principalmente o sector turístico, pero os datos máis recentes do índice de directores de compras (PMI) mostran un menor dinamismo. A previsión da OCDE é que a economía do euro creza un 0,6% en 2023 e un 1,1% no 2024. Estas estimacións son algo máis pesimistas que as da Comisión Europea, que apunta a un crecemento superior en dous décimas cada ano.

Alemaña é un dos países máis afectados polo shock de prezos da enerxía tras a guerra de Ucraína, uns prezos que continúan altos e inciden fortemente na industria electrotécnica, cuxa debilidade se propaga ao sector servizos, polo que se prognostica un decrecemento económico en 2023, -0,2% segundo a OCDE. Para 2024 prevese unha recuperación do consumo e un crecemento do 0,9%. Francia crecerá un 1,0% no 2023 e un 1,2% en 2024; Italia mantería un crecemento débil nos dous anos, 0,8%. A economía española é a que mostraría un maior dinamismo, 2,3% en 2023 e 1,9% en 2024.

Todos os países da área do euro estanse a ver moi afectados pola inflación. Este ano 2023 segue unha senda descendente pola redución dos prezos enerxéticos, mais a inflación subxacente continúa en taxas moi alta. Ademais, a subida dos tipos de xuro para conter esta inflación está a afectar a fogares e empresas, o que prexudica a actividade económica. Na medida na que os prezos se moderen, a demanda externa se fortaleza e se reduzan as perturbacións na oferta, a economía europea crecerá con máis forza.

Estados Unidos mostra moita capacidade de resistencia malia subida dos tipos de xuro, axudado polo dinamismo do emprego e o aforro embalsado dos fogares que lles permitiu manter o consumo. Na medida que diminúa o aforro e unhas condicións financeiras máis estritas moderarase o crecemento económico. A OCDE prevé que a economía creza un 2,2% en 2023 e un 1,3% en 2024.

As previsións para Reino Unido apuntan un débil crecemento nos dous anos, 0,3% en 2023 e o 0,8% en 2024.

II.2. ECONOMÍA ESPAÑOLA

A economía española medrou un 5,8% en 2022. Mentres que o crecemento de 2021 foi motivado pola fortaleza da demanda interna, impulsada pola eliminación das restricións, no ano 2022 o crecemento foi equilibrado, cunha contribución de 2,9 puntos tanto da demanda interna como do sector exterior.

○ consumo privado medrou un 4,7% en 2022. A suba dos prezos provocou unha perda de poder adquisitivo dos fogares, o que se traduciu nunha moderación no consumo a finais do ano respecto ao ano anterior.

○ investimento veuse favorecido polo Plan de recuperación da Unión Europea, mais a lentitude na execución de ditos fondos minora o seu crecemento. Ademais, a incerteza sobre a situación xeopolítica e a escalada de prezos reduciron a confianza dos investidores.

○ sector exterior contribuíu con 2,9 puntos ao crecemento do PIB en 2022. As exportacións víronse favorecidas pola recuperación do sector turístico despois da eliminación das restricións pola crise sanitaria.

*Cadra II. ESPAÑA. Componentes do PIB polo vía da demanda. Índices de volume
Datos corrigidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual*

	2021	2022	2022				2023	
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Gasto en consumo final	6,0	3,4	4,7	3,1	3,7	2,0	2,2	2,7
-Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	7,1	4,7	6,6	4,9	5,3	2,1	2,6	2,2
-Gasto en consumo final das AAPP	3,4	-0,2	0,0	-1,7	-0,6	1,6	1,2	4,1
Formación bruta de capital	9,4	1,4	5,4	3,3	0,8	-3,6	-1,9	1,0
Demanda interna (en termos nacionais) ⁽¹⁾	6,6	2,9	4,9	3,1	3,0	0,7	1,3	2,3
Exportacións de bens e servizos	13,5	15,2	18,0	21,9	12,9	8,7	9,6	-0,8
Importacións de bens e servizos	14,9	7,0	12,2	9,8	6,5	0,1	1,9	-0,4
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	6,4	5,8	6,8	7,2	5,4	3,8	4,2	2,2

⁽¹⁾ Achega ao crecemento do PIB pm.

Fonte: Contabilidad nacional trimestral (INE). Revisión estatística 2019

Desde o punto de vista da oferta, o sector servizos é o que mostra un maior dinamismo en 2022, principalmente o Comercio, transporte e hostalería, favorecido pola recuperación do turismo estranxeiro.

*Cadra III. ESPAÑA. Componentes do PIB polo vía da oferta. Índices de volume
Datos corrigidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual*

	2021	2022	2022				2023	
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Agricultura, selvicultura, gandería e pesca	4,2	-19,8	-12,2	-20,7	-26,9	-19,3	-7,4	-1,9
Industria	5,4	2,6	1,6	3,6	3,2	1,8	4,4	1,1
- Industria manufacturera	13,1	4,4	6,5	6,0	3,1	2,4	5,3	2,3
Construción	-1,0	3,2	0,6	4,8	4,7	2,7	4,0	2,2
Servizos	6,8	8,0	9,0	9,5	7,6	5,9	5,1	3,0
Impostos netos sobre os produtos	10,0	4,1	8,8	6,1	2,6	-0,7	0,1	-0,8
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	6,4	5,8	6,8	7,2	5,4	3,8	4,2	2,2

Fonte: Contabilidad nacional trimestral (INE). Revisión estatística 2019

No primeiro trimestre de 2023 mantívose o sólido crecemento da economía española, favorecido polo sector exterior, cun incremento do 9,6% das exportacións. Non obstante, no segundo trimestre o crecemento é dous puntos inferior, cunha redución das exportacións e das importacións..

O consumo dos fogares viuse limitado pola inflación e a subida dos tipos de xuro. Desde o cuarto trimestre de 2022 as taxas de crecemento sitúanse no entorno do 2%, inferior aos trimestres anteriores. O incremento dos prezos reduce o gasto real dos fogares.

Entre os indicadores de demanda, o índice de comercio polo miúdo deflactado rexistrou unha taxa do 0,7% en 2022 e estase recuperando neste ano, cun crecemento do 6,8% nos oito primeiros meses do ano.

Aumenta a matriculación de turismos no ano 2023 unha vez case emendada a redución de oferta polas disrupcións nas cadeas de subministración.

A redución na inversión en bens de equipo non compensa o incremento da inversión en construción. Os fondos europeos non están xerando o impacto na economía que se prevía nun primeiro momento.

A compravendas de vivenda diminúe nos sete primeiros meses do ano, o encarecemento da vivenda xunto coa subida do euribor condicionan o mercado inmobiliario; en senso contrario, a matriculación de vehículos de carga aumenta no que vai de ano.

Os principais organismos públicos e privados prevén unha desaceleración da actividade na segunda metade do ano 2023. O endurecemento das condicións financeiras afectará con máis intensidade aos axentes económicos, o impulso do turismo será menor e os prezos manteranse elevados.

Os principais organismos nacionais e internacionais elaboradores de previsións están a revisar ao alza respecto ao comezo do ano as súas estimacións de crecemento para o ano 2023 e á baixa para 2024. As últimas previsións internacionais son as da OCDE e a Comisión Europea (setembro), que prevén un crecemento do 2,3% e 2,2% respectivamente en 2023 e un 1,9% en 2024.

O Banco de España, nas súas proxeccións de setembro, estima un crecemento do 2,3% en 2023 e un 1,8% en 2024, co que mantén a súa previsión de xuño para 2023 e baixa en catro décimas a de 2024.

A estimación de consenso dos organismos privados, difundida en setembro por Funcas, prognostica un incremento do 2,2% en 2023 e do 1,8% en 2024.

Todos os organismos subliñan os riscos á baixa nas previsións de actividade e dunha menor redución da inflación.

O endurecemento da política monetaria afectará á economía nos próximos trimestres e o seu impacto pode ser máis intenso do previsto.

Respecto á inflación, a eliminación das medidas públicas tomadas para conter os prezos e o alza no prezo do petróleo poden supoñer un repunte da inflación no próximo ano.

As últimas previsións da OCDE e da Comisión Europea apuntan a un crecemento dos prezos no entorno do 3,5% en 2023 e un menor incremento en 2024 (segundo a OCDE crecerán unha décima menos que o ano anterior, segundo a Comisión Europea nove décimas menos).

○ Banco de España sinala un crecemento similar en 2023, 3,6%, pero para 2024 prevé unha taxa máis elevada, 4,3%.

○ panel de Funcas prevé un crecemento tamén do 3,6% en 2023 e un menor incremento en 2024, 3%.

No seguinte cadro preséntanse as proxeccións do Banco de España, por ser as máis recentes que dispoñen da desagregación dos compoñentes de demanda para o bienio 2023 - 2024.

Cadra IV. ESPAÑA. Previsións Banco de España. Compoñentes do PIB polo vía da demanda

	2023	2024
Gasto en consumo final nacional de fogares ⁽¹⁾	0,7	2,2
Gasto en consumo final nacional das AA.PP.	1,4	0,8
Formación bruta de capital fixo	3,1	3,4
Demanda nacional ⁽²⁾	1,2	2,1
Exportacións de bens e servizos	4,0	2,2
Importacións de bens e servizos	1,5	3,2
Produto interior bruto	2,3	1,8
Produto interior bruto nominal	7,6	5,1
Taxa de paro	12,0	11,5

(1) Inclúe ás ISFLSF

(2) Achega ao crecemento do PIB

Fonte: Banco de España

Para o ano 2023 as previsións apuntan a un crecemento do 2,3%, cunha ralentización da economía na segunda metade do ano que se trasladaría ao ano 2024, sobre todo na primeira metade e reduciría o incremento en 2024 ata o 1,8%.

○ gasto dos fogares vese lastrado polo incremento dos prezos e dos tipos de xuro, o que provoca un débil crecemento en 2023, 0,7%. Para o ano 2024 prevése unha recuperación do consumo favorecido por unha moderación na inflación.

A inversión verase favorecida polos fondos asociados ao programa Next Generation EU, aínda que a incerteza sobre a evolución económica mundial, o endurecemento das condicións financeiras e a subidas dos custos frearán o seu impulso. Para o ano 2023 as

previsións do Banco de España apuntan a un incremento do 3,1%; para 2024, o aumento sería do 3,4%.

A situación económica mundial, en particular, a dos principais socios comerciais de España, determinará a evolución do comercio exterior. A debilidade das economías do noso entorno resta vigor ao comercio exterior no ano 2023; na medida que se recuperen os mercados exteriores verase favorecida actividade económica. O gasto dos non residentes está a ter unha contribución positiva ao crecemento do PIB, cun incremento das pernoitas e do gasto dos turistas grazas a recuperación dos movementos turísticos tras a pandemia mais non se prevé un maior impulso nos próximos trimestres.

O mercado laboral mantén un elevado dinamismo no que vai de ano. As afiliacións á Seguridade Social medraron nos nove primeiros meses do ano un 2,7%, mais obsérvase unha desaceleración no ritmo de crecemento. A taxa de paro situouse no 11,6% no segundo trimestre de 2023, a taxa máis baixa desde 2008. A previsión para o 2023, segundo o Banco de España, é dunha taxa do 12,0%, nove décimas inferior á do ano precedente, e para o ano 2024 reduciríase ata o 11,5%.

II.3. ECONOMÍA GALEGA

A economía galega mostra signos de ralentización no segundo trimestre de 2023, o mesmo que España. O PIB galego medrou un 3,0% no primeiro trimestre e un 1,5% no segundo trimestre tal como indican as estimacións das contas económicas trimestrais do IGE.

*Cadro V. GALICIA. Componentes do PIB polo vía da demanda. Índices de volume
Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual*

	2021	2022	2022				2023	
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Gasto en consumo final	3,8	-0,1	2,2	0,2	-1,9	-0,8	-0,7	0,5
-Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	4,2	1,3	4,2	2,6	-0,4	-1,0	-1,0	-0,5
-Gasto en consumo final das AAPP	2,6	-3,6	-2,8	-5,7	-5,8	-0,2	0,3	3,4
Formación bruta de capital	1,0	1,4	-1,5	1,8	3,5	1,9	3,3	2,4
Demanda interna (en termos nacionais) ⁽¹⁾	3,3	0,1	1,5	0,4	-1,0	-0,3	-0,1	0,8
Exportacións de bens e servizos	10,8	5,0	4,3	9,9	7,1	-0,8	5,8	0,4
Importacións de bens e servizos	7,5	-1,4	-2,1	1,5	0,7	-5,4	0,9	-0,7
Demanda externa (en termos nacionais) ⁽¹⁾	1,9	3,7	3,7	4,9	3,7	2,5	3,1	0,7
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	5,2	3,8	5,3	5,3	2,7	2,2	3,0	1,5

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais. Revisión estatística 2019

⁽¹⁾ Achega ao crecemento do PIB

Desde a óptica da demanda, no ano 2022 a achega da demanda interna en termos nacionais foi de 0,1 puntos porcentuais. O sector exterior achegou 3,7 puntos ao crecemento do PIB.

O consumo privado medrou un 1,3% no ano 2022. A suba dos prezos da enerxía, que afecta máis a Galicia que ao conxunto de España, xunto coa estrutura poboacional galega, máis envellecida, provoca un menor incremento do consumo en Galicia.

O investimento crece lentamente, o avance na recepción dos fondos condiciona as iniciativas empresariais en Galicia. No conxunto do ano 2022 medrou un 1,4%.

Pola súa banda, o sector exterior achegou, no ano 2022, 3,7 puntos porcentuais ao crecemento do PIB, cun incremento das exportacións (5,0%) e unha caída das importacións (-1,4%).

Os datos do primeiro semestre de 2023 mostran a debilidade da demanda interna, cunha redución do consumo privado.

Respecto aos principais indicadores conxunturais de consumo, nos oito primeiros meses do ano o índice de comercio polo miúdo indica que as vendas están a crecer un 3,7% en Galicia. A matriculación de turismos aumenta un 4,4%.

En relación co comercio exterior, as exportacións galegas fora de España creceron nos sete primeiros meses do ano en termos nominais un 2,5% mentres que diminuíron as importacións un 21,2%. O sector do automóbil determina o comportamento do comercio fora de España.

*Cadro VI. GALICIA. Componentes do PIB polo vía da oferta. Índices de volume
Datos corrigidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual*

	2021	2022	2022				2023	
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Agricultura, selvicultura, gandería e pesca	0,7	0,6	2,2	0,6	-0,6	0,1	0,1	-0,4
Industria	3,9	-2,0	-7,6	1,3	-2,0	0,5	8,9	1,8
- Industria manufacturera	6,3	-0,5	0,0	3,9	-1,1	-4,4	2,3	1,6
Construción	-1,6	0,7	-1,3	1,2	1,1	1,9	3,8	3,6
Servizos	6,5	5,8	9,1	7,1	4,5	2,9	2,2	1,4
- Comercio, transporte e hostalería	14,8	17,4	27,5	21,5	13,0	9,7	6,7	3,1
- Información e comunicacións	1,2	12,6	17,1	18,6	11,3	4,7	-3,6	-0,8
- Actividades financeiras e de seguros	0,3	-8,6	-6,7	-10,0	-8,4	-9,4	-9,5	-8,6
- Actividades inmobiliarias	0,3	0,7	0,8	0,7	0,7	0,8	1,0	1,4
- Actividades profesionais	6,6	2,5	3,9	4,6	1,0	0,8	0,8	1,6
- Administración pública, sanidade e educación	3,5	0,1	1,0	-0,5	-0,9	0,6	0,2	1,3
- Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	9,9	0,1	1,8	-1,9	3,8	-3,2	5,8	4,4
Impostos netos sobre os produtos	4,8	2,9	6,2	4,8	1,0	-0,2	0,0	-0,1
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	5,2	3,8	5,3	5,3	2,7	2,2	3,0	1,5

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais. Revisión estatística 2019

Dende a perspectiva da oferta, o comercio, transporte e hostalería é o sector que máis contribúe ao crecemento do PIB durante o ano 2022, cun crecemento interanual do 17,4%.

En senso contrario, a industria e as actividades financeiras reduciron a súa actividade en 2022, -2,0% e -8,6% respectivamente.

A caída da industria ven motivada principalmente polo sector enerxético. Un ano moi seco provocou unha caída da produción de enerxía hidráulica do 46,2%. Ademais, os problemas nas cadeas de subministración ou o encarecemento da electricidade e gas afectaron intensamente á industria galega polo peso na economía de sectores como a fabricación de automóviles ou a metalurxia.

O principal indicador conxuntural, o Índice de produción industrial (IPI), reflicte unha caída da actividade no ano 2022, -1,4%. As actividades que máis repercuten nesta caída son a produción de enerxía eléctrica e a metalurxia, afectada polo encarecemento da electricidade.

Nos dous primeiros trimestres de 2023 o VEB da industria rexistrou taxas positivas, cun mellor comportamento no primeiro trimestre (8,9%), motivado polo sector enerxético. No segundo trimestre o crecemento foi máis moderado (1,8%). A industria manufacturera sobe tamén nos dous trimestres.

O IPI sinala que a produción industrial está a medrar un 2,5% nos oito primeiros meses do ano. A fabricación de automóviles e a produción de enerxía eléctrica son as ramas

que máis inflúen neste crecemento. En senso contrario, a metalurxia encadea vinte meses consecutivos con taxas negativas.

○ sector servizos rexistrou crecementos positivos nos dous trimestres do ano. O comercio, transporte e hostalería segue a ser o sector que máis contribúe ao crecemento económico.

○ principal indicador conxuntural, o indicador de actividade do sector servizos (IASS) rexistra (nos sete primeiros meses do ano) un incremento do 6,8% en Galicia. O comercio por xunto é o sector que máis repercute neste crecemento.

○ dinamismo da actividade tamén se reflicte no emprego. Nos nove primeiros meses do ano as afiliacións crecen un 1,6%, rexistrando nos dous últimos meses taxas do 2,1%.

Segundo a EPA, no segundo trimestre a ocupación creceu un 2,3% e a taxa de paro situouse por debaixo do 10%, o que non sucedía desde 2008.

II.4. ESCENARIO MACROECONÓMICO

○ escenario macroeconómico que se presenta conta co aval da Autoridad Independiente de Responsabilidad Fiscal (AIReF), en cumprimento do artigo 14 da Ley Orgánica 6/2013, de 14 de novembro, de creación da AIReF.

○ escenario macroeconómico para Galicia elabórase cun modelo de estimación dos agregados macroeconómicos de demanda a curto prazo (ver Anexo). Parte dunhas hipóteses básicas para as que se tivo en conta o escenario comentado anteriormente para España no apartado de economía española, as previsións de crecemento das principais economías mundiais expostas no apartado de economía internacional e hipóteses externas sobre o tipo de cambio e os prezos do petróleo. Na seguinte táboa móstranse os devanditos supostos.

*Cadro VII. Hipóteses básicas do escenario
Taxas de variación interanual en % salvo indicación en contrario*

	2023	2024	Fonte
Poboación en idade de traballar	0,3	0,3	Elaboracion propia
Gasto en consumo final das AAPP	2,1	1,5	Elaboracion propia
Demanda interna España	1,1	2,2	Elaboracion propia
Demanda interna Francia	0,3	0,8	Elaboracion propia
Demanda interna Alemaña	-0,4	1,4	Elaboracion propia
Demanda interna Italia	1,6	0,6	Elaboracion propia
Demanda interna Portugal	1,9	2,3	Elaboracion propia
Demanda interna Bélxica	2,2	1,6	Elaboracion propia
Demanda interna Países Baixos	1,7	1,3	Elaboracion propia
Demanda interna Reino Unido	-0,1	0,5	Elaboracion propia
Demanda interna Estados Unidos	0,7	0,8	Elaboracion propia
IPC xeral sen produtos enerxéticos España	6,8	3,4	Elaboracion propia
Tipo de cambio dólar/euro	1,08	1,08	Banco de España (setembro 2023)
Prezo petróleo "Brent" (nivel)	83,8	83,5	Banco de España (setembro 2023)

O escenario macroeconómico que acompaña aos Orzamentos de 2024 prevé un crecemento moderado e sostido da economía galega nos anos 2023 e 2024, con taxas de crecemento do PIB do 1,8% en 2023 e do 1,9% en 2024.

Este escenario, como ven ocorrendo nos últimos anos, está suxeito a incerteza ante a evolución da actividade global, a lenta diminución da inflación xunto cos elevados tipos de xuro, que limitan a actividade económica. Inclúe por primeira vez unha previsión de crecemento da poboación ocupada en termos de contabilidade nacional, seguindo a recomendación formulada pola AIReF no seu Informe sobre las previsiones macroeconómicas del presupuesto 2023 de la Comunidad Autónoma de Galicia (Informe 48/22).

Para o ano 2023 prevese un crecemento equilibrado, cunha achega da demanda interna de 0,8 puntos porcentuais e da demanda externa de 1,0 puntos porcentuais. Para o ano 2024 a previsión sinala un maior impulso da demanda interna, que contribuirá con 1,6 puntos porcentuais.

O consumo privado incrementouse un 1,3% no ano 2022, baseado no crecemento no primeiro semestre do ano unha vez recuperada a normalidade tras a pandemia, pois o segundo trimestre observouse unha contracción do consumo como consecuencia da subida dos prezos. Os fogares tiveron que modificar os seus hábitos de consumo ante o encarecemento dos principais bens. Ademais a subida dos salarios foi inferior á dos prezos coa consecuente perda de poder adquisitivo. A suba dos tipos de xuro incrementou o gasto dos fogares destinado a pagar os seus préstamos, reducindo a capacidade de gasto.

No ano 2023 estase a moderar a suba dos prezos, principalmente da enerxía polo efecto base; non obstante os tipos de xuro están a elevar o gasto dos fogares xa que o euríbor, o índice co que se actualizan a maioría das hipotecas, sitúase desde o mes de xuño por riba do 4%.

Para o ano 2024 prevese unha recuperación do consumo unha vez se estabilicen os prezos.

Prevese un aumento do gasto público en termos reais no ano 2023 do 2,1% e un incremento do 1,5% en 2024.

A formación bruta de capital veuse moi afectada pola crises económica e sanitaria e a recuperación está a ser máis difícil do previsto ante a lenta execución dos fondos Next Generation EU, na maior parte destinados a investimento, o que non axuda ás decisións de investimento das empresas. No que vai de ano a evolución é máis favorable e prevese que se manteña este dinamismo na segunda metade do ano e no ano próximo, axudado por unha maior axilidade na execución dos fondos europeos.

A escasa información sobre o importe que recibirá Galicia destes fondos así como a súa distribución temporal dificulta medir o impacto na economía galega. Sen ter en conta os efectos desbordamento, e supoñendo que Galicia recibe o 5% do total dos fondos asignados a España, e que se destinan principalmente a investimento, o impacto sería de 0,9 puntos porcentuais en los años 2023-2024.

A achega da demanda externa será positiva en 2023, cun incremento das exportacións (2,9%) e das importacións (1,0%). Para o ano 2024 prevese unha menor achega do sector exterior, cun aumento das exportacións (4,8%) e das importacións (4,7%). A evolución da demanda interna dos nosos socios comercias determinará o comportamentos do comercio de Galicia. As previsións para principais economías do noso entorno son dun débil crecemento no ano 2023 e unha recuperación no ano 2024 na medida na que se estabilicen os prezos. As exportacións ao resto de España estarán condicionadas pola evolución da economía española. En relación ao gasto dos non residentes, a afluencia de viaxeiros a Galicia está crecendo nos últimos dous anos, e aínda ten marxe para crecer máis principalmente de turismo estranxeiro.

En relación ao emprego, prevese un incremento do emprego nos dous anos, máis intenso no ano 2023.

A taxa de paro situouse en Galicia en 2022 no 11,0%. A previsión é que se reduza ata o 9,4% en 2024.

Cadro VIII. GALICIA. Escenario macroeconómico
Variación anual en %

Cadro macroeconómico Galicia. Variación anual en %

	2022	2023	2024
Gasto en consumo final	-0,1	0,3	1,3
- Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	1,3	-0,4	1,3
- Gasto en consumo final das AAPP	-3,6	2,1	1,5
Formación bruta de capital	1,4	3,7	3,8
Demanda interna¹	0,1	0,8	1,6
Exportación de bens e servizos	5,0	2,9	4,8
Importación de bens e servizos	-1,4	1,4	4,7
Saldo exterior¹	3,7	1,0	0,3
Produto interior bruto (PIB)	3,8	1,8	1,9
Produto interior bruto nominal	8,8	6,5	5,5
Deflactor do PIB	4,8	4,6	3,5
CT². PTETC	2,2	1,7	0,6
CT. Persoas	2,9	1,4	0,8
Taxa de paro³	11,0	9,8	9,4

¹ Achega ao crecemento do PIB en puntos porcentuais

² Contas económicas trimestrais

³ % de poboación activa

Fonte: IGE

Data peche previsións: 5 outubro 2023

Anexo metodolóxico sobre o escenario macroeconómico de Galicia

Neste anexo resúmese a metodoloxía empregada para a elaboración do escenario macroeconómico, seguindo o disposto na Directiva 2011/85/UE del Consejo, sobre requisitos aplicables aos marcos orzamentarios dos Estados membros.

O método utilizado para a elaboración do escenario macroeconómico é un modelo de estimación de agregados macroeconómicos de demanda a curto prazo. É un modelo de periodicidade trimestral que pretende simular a evolución dos agregados macroeconómicos nun marco coherente cos escenarios propostos para as economías española e

internacional e integrado no sistema de contas económicas de Galicia elaborado polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

O modelo proporciona estimacións de: gasto en consumo final dos fogares, demanda de capital (formación bruta de capital), demanda de traballo (ocupados), oferta de traballo (poboación activa) e taxa de paro; deflactor del PIB, custo laboral e índice de prezos de consumo; exportacións e importacións.

As exportacións trátanse de forma distinta que as importacións. Nas exportacións distínguese entre as exportacións ao resto de España e as exportacións ao resto do mundo, mentres que as importacións se consideran nunha única ecuación.

As previsións sobre as variables macroeconómicas do escenario realízanse mediante modelos de ecuacións a curto e longo prazo que incorporan relacións de cointegración en modelos de corrección do erro. O principio deste modelo é que existe unha relación de equilibrio a longo prazo entre as variables económicas e que no curto prazo pode haber desequilibrios, que son comixidos gradualmente a través de axustes parciais polo termo do erro.

Distínguense, polo tanto, dúas ecuacións de comportamento asociadas: unha ecuación a longo prazo, que explica a evolución tendencial da variable e unha ecuación a curto prazo, que explica a dinámica transitoria de tipo estacionario.

Cada ecuación estímase en dúas etapas. Primeiro estímase os parámetros da ecuación a longo prazo e unha vez obtida a especificación máis adecuada no longo prazo, defínese o mecanismo de corrección do erro como os residuos da ecuación. Na segunda etapa os residuos trátanse como unha variable explicativa mais e procédeuse á procura de especificación e estimación dos parámetros da ecuación a curto prazo.

A taxa de paro, as exportacións totais, o deflactor de exportacións totais, o stock de capital e o produto interior bruto (PIB) obtéñense como identidades.

A información de base obtense da Contabilidade anual e trimestral de Galicia, dos indicadores conxunturais dispoñibles para a economía galega obtidos a partir das operacións estatísticas elaboradas polo IGE ou das distintas operacións estatísticas nacionais que proporcionan a información para Galicia. Esta información é obxecto de diversas transformacións ata chegar aos datos empregados no modelo. Este tratamento inclúe operacións diversas, como deflactación, enlace de series con distintas bases, cálculo de indicadores compostos, desestacionalización, etc.

Realízanse supostos sobre a evolución das variables esóxenas ao modelo. Estes baséanse nas previsións que realizaron os organismos nacionais e internacionais na súas últimas previsións. Para as variables nas que Galicia presenta un comportamento propio,

distinto ao nacional, como a poboación de 16 anos e máis anos, elabóranse uns supostos específicos para Galicia.

Supostos básicos

Os principais supostos utilizados para a elaboración das previsións son:

Poboación de 16 e máis anos: Prevese unha traxectoria consistente coas proxeccións de poboación de Galicia.

Demanda interna de España: os supostos sobre a súa evolución elabóranse o IGE a partir das previsións realizadas para España polos organismos públicos nacionais e internacionais.

Demanda interna dos principais países do entorno de Galicia: as hipóteses sobre a evolución da demanda interna dos principais países elaboráronse a partir das previsións máis recentes publicadas por cada país.

Índice de prezos de consumo sen produtos enerxéticos de España: as hipóteses elabóranse o IGE en función da evolución do índice así como das previsións dos distintos organismos.

Tipo de cambio dólar/euro: utilízanse os supostos sobre a evolución que prevé o Banco de España.

Prezo do petróleo Brent: utilízanse os supostos sobre a evolución que prevé o Banco de España.

Ecuacións

A continuación descríbense brevemente as ecuacións empregadas. En todas elas a frecuencia de observación é trimestral e as series foron axustadas de estacionalidade e calendario.

Demanda de traballo

A demanda de traballo queda determinada a partir da función de produción e das condicións de primeira orde de maximización dos beneficios da empresa representativa.

Demanda de capital

Ao igual que coa demanda de traballo, na teoría a demanda de capital a longo prazo dérívase da función de produción e da condición de primeira orde de maximización de beneficios. Na ecuación do modelo depende do produto interior bruto e do tipo de interese nominal das sociedades non financeiras.

Oferta de traballo

A ecuación da oferta de traballo (poboación activa) indica que depende da poboación en idade de traballar e da taxa de paro.

Consumo privado

Na ecuación do consumo final dos fogares a única variable explicativa como tal é o PIB, que actúa como aproximación á renda dos fogares.

Exportacións ao resto de España

As exportacións galegas ao resto de España dependen da demanda interna española e dun índice de competitividade, medido a través dos prezos de exportación dos países competidores no mercado do resto de España.

Exportacións ao resto do mundo

As exportacións ao resto do mundo dependen principalmente dun indicador de demanda mundial.

Importacións

As importacións dependen da demanda interna.

Deflactor do PIB

A ecuación que describe o deflactor do PIB considera que a súa evolución depende do custo laboral, do índice xeral de prezos de exportación dos países competidores, da inversa da relación capital – produto e da produtividade total dos factores.

Deflactor de exportacións ao resto de España

O deflactor de exportacións ao resto de España depende dos prezos internos, aproximados polo deflactor do PIB, e dos prezos de exportación dos competidores do resto de España.

Deflactor de exportacións ao resto do mundo

O deflactor de exportacións ao resto do mundo depende do prezo de exportación dos países competidores do resto do mundo.

Deflactor de importacións

O deflactor de importacións depende dos prezos internos e dos prezos externos dos provedores.

Custo laboral

A ecuación de custo laboral mostra que a súa evolución depende da produtividade marginal do traballo a prezos correntes.



O ESCENARIO FINANCEIRO

III. O ESCENARIO FINANCIERO

III.1. ENTORNO DE MERCADO

Nun complexo e incerto contexto xeopolítico, económico e financeiro, o endurecemento das políticas monetarias por parte dos bancos centrais das principais economías mundiais, en resposta as persistentes presións inflacionistas, xuntamente coa aparición de evidentes sinais de desaceleración económica global, marcaron o devenir dos mercados financeiros nos derradeiros meses.

Despois dun amplo período de políticas monetarias e fiscais altamente expansivas, co obxecto de recuperar e incentivar a actividade económica, a aparición de tensións inflacionistas, inicialmente consideradas transitorias, pero que finalmente se revelaron crecentes e persistentes, motivaron un cambio radical na orientación das políticas monetarias globais.

Desde os máximos niveis de inflación observados ao longo do pasado ano, as taxas de inflación foron ralentizándose nos últimos meses, froito da corrección dos prezos da enerxía, da gradual normalización dos colos de botella e da translación ás condicións de financiamento das subas reiteradas dos tipos de xuros por parte das autoridades monetarias.

As taxas inflación, aínda que en senda descendente, mantense elevadas e as estimacións dos principais organismos públicos e privados apuntan a que así seguirán a medio prazo, sobre todo polo que se refire á subxacente, e por encima dos obxectivos de estabilidade de prezos marcados polo bancos centrais, polo que cara aos vindeiros meses cabe esperar que as institucións monetarias das principais economías mundiais manteñan políticas monetarias de signo restritivo durante un prolongado período de tempo.

		30.09.2023	Variación 2023	Variación interanual
Tipos referencia	BCE	4,50%	200 pb.	325 pb.
bancos centrais	FED	5,50%	100 pb.	225 pb.
Tipos xuro 3	Eurozona	3,95%	179 pb.	278 pb.
meses	EE.UU.	5,71%	107 pb.	107 pb.
Tipos xuro 12	Eurozona	4,23%	91 pb.	91 pb.
meses	EE.UU.	5,85%	54 pb.	54 pb.
Tipos débeda 10	Alemaña	2,83%	45 pb.	75 pb.
anos	EE.UU.	4,55%	68 pb.	75 pb.
Índices renda	Euro Stoxx 50	4174,66	8,26%	16,21%
variable	S&P 500	4288,05	11,70%	7,06%
Divisas	EUR/USD	1,057	1,06%	9,59%

III.2. EVOLUCIÓN RECENTE DOS MERCADOS FINANCEIROS.

A política monetaria que están a desenvolver os bancos centrais de todo o mundo, en resposta as elevadas e persistentes taxas de inflación, leva sendo a clara protagonista dos mercados financeiros nos últimos dous anos.

Obviamente, este ton duro de política monetaria leva meses trasladándose con forza aos mercados financeiros, tanto polo que se refire aos tipos de xuros aplicados, como en xeral, ao endurecemento das condicións de financiamento de empresas, fogares e administracións públicas.

Se ben, como é coñecido, os mercados financeiros móvense en grande medida polas expectativas e, neste sentido, a evolución dos mercados ao longo destes meses veu marcado en boa medida polas expectativas que os investidores foron tendo do binomio inflación e actividade económica, buscando vislumbrar o final do ciclo de subas de xuros, segundo se foron publicando datos e indicadores de actividade económica e prezos e as correspondentes mensaxes que foron lanzado as autoridades monetarias.



Así, os últimos compases do ano 2022 estiveron marcados por un endurecemento das mensaxes lanzadas por parte dos bancos centrais, tanto nos Estados Unidos como en Europa, que ante a persistencia das presións inflacionistas reiteraron á súa intención de seguir a endurecer a política monetaria, rebaixando as expectativas dunha pronta finalización do ciclo alcista de xuros.

Esta clara retórica "hawkish", xuntamente coas sinais de enfriamento na actividade económica mundial, alentaron os temores dunha crise a nivel global, o que se traduciu nuns mercados que pecharon o ano cun sentimento negativo e aversión ao risco.

O ano 2023 comezou cun ton similar, os principais bancos centrais continuaron cun ton agresivo nas súas políticas monetarias, elevando os tipos oficiais de xuros e complementando o endurecemento monetario con outras medidas destinadas a drenar a liquidez que inxectarán na economía durante os últimos anos.

Porén, segundo foi avanzando o ano, cuns tipos oficiais que se atopaban xa nun nivel claramente restritivo, os principais bancos centrais foron moderando o ritmo de subas.



Incluso algunhas entidades monetarias, principalmente en economías emerxentes, como por exemplo Brasil, que iniciaran anticipadamente o ciclo de endurecemento, non só pausaron as subas, senón realizaron movementos de baixada de tipos de xuro ante a moderación inflacionista e os evidentes indicios de desaceleración económica. Non foi o caso nin en Europa nin nos Estados Unidos, onde ás respectivas autoridades monetarias continuaron co endurecemento monetario.





○ endurecemento da política monetaria se leva trasladando fortemente aos tipos de xuro dos mercados, tanto dos tipos monetarios como das rendibilidades da débeda soberana e corporativa, que levan meses sufrindo fortes repuntes.

Ben e certo que, trala forte suba que experimentaron os diferentes tipos de xuro ao longo do ano 2022, neste ano 2023, sobre todo a partir do primeiro trimestre, na medida que os mercados foron vislumbrando unha moderación no ritmo de endurecemento monetario, e incluso un posible final no ciclo de subas, os tipos de mercado tenderon á moderación.

No mercado estadounidense, desde principios do ano, o tipo de xuro a 3 e 12 meses incrementouse en 107 e 40 puntos básicos, respectivamente, cando ao longo do ano 2022 este incremento fora de 456 e 502 puntos básicos en cada un dos ditos prazos.





No caso da zona do euro, neste mesmo período, o Euribor a 3 meses incrementouse en 182 puntos básicos e o Euribor a 12 meses, que é o utilizado usualmente para a fixación das cotas dos créditos hipotecarios, en 94 puntos básicos, en tanto que no ano 2022 o incremento fora de 270 e 379 puntos básicos respectivamente.




De xeito similar, o traslado do endurecemento das condicións monetarias aos mercados de débeda foi moderándose ao longo do ano. Tralo forte repunte no coste da débeda no ano 2022, tanto na Eurozona como nos EEUU, ao longo dos meses transcorridos de 2023 á débeda mantivo unha tendencia alcista, pero moito máis moderada.

Porén está tendencia á moderación viuse quebrada tralas ultimas xuntanzas de política monetaria no mes de setembro. Se ben se atisban indicios de que, tanto en Europa como en Estados Unidos, se pode estar cerca do fin no ciclo de subas, as autoridades monetarias lanzaron mensaxes de que os actuais niveis de tipos manteríase por un período prolongado de tempo, aos que os mercados reaccionaron cun repunte dos tipos de xuro da débeda a longo prazo.

Nos países considerados “core”, o bono americano a 10 anos pechou o mes de setembro no entorno do 4,6%, e Alemaña cotizando a mesmo prazo no 2,8%.




En España a rendibilidade do seu bono a 10 anos pechou setembro no entorno do 3,9%, isto é, 29 puntos básicos por encima do seu nivel de final de ano e 67 puntos básicos máis que fai un ano.



Polo que se refire a prima de risco, en xeral ao longo do ano 2023 permaneceu relativamente estable. A débeda española mantivo estabilizado o seu diferencial con respecto á Alemaña entomo ao 100-110 puntos básicos.

Tralos últimos movementos do mes de setembro, observáronse ampliacións das primas de risco a cotas que non se viran dende o mes de marzo cando se producira a quebra de Credit Suisse e de varios bancos rexionais de Estados Unidos.

Hai que lembrar que o BCE conta desde o mes de xullo do ano 2022 cunha nova ferramenta antifragementación, o coñecido polas súas siglas en inglés TPI (Transmission Protection Instrument), que permitiría adquirir, baixo discrecionalidade do seu Consello de Goberno, débeda soberana dos países cuxas primas de risco aumentasen de forma non desexada ou desordenada.



Nos mercados bolsistas, a maioría dos principais índices tiveron comportamentos positivos nos últimos meses, a pesar das crecentes sinais de moderación do crecemento nas principais economías e do continuo endurecemento das políticas monetarias dos bancos centrais.

Adicionalmente, os valores relacionados co sector bancario víronse moi penalizados polos episodios de inestabilidade financeira relacionados coas quebras dos bancos rexionais norteamericanos e do credit Suisse no mes de marzo.

	Valor índice	Variación	Variación
	30.09.23	2023	interanual
S&P 500	4.288,05	12%	20%
Euro Stoxx 50	4.174,66	8%	26%
IBEX 35	9.428	13%	28%
PSI 20	6.090,23	4%	15%

Finalmente, polo que se refire ao mercado de divisas, ao longo destes trimestres o euro foi experimentando sucesivas fases de lixeira apreciación e depreciación, porén acumula unha apreciación cercana ao 7,9% fronte a dita divisa desde setembro de 2022 cando chegou a cotizar por debaixo da paridade.



	Cambio divisas fronte ao Euro			
	USD/EUR	JPY/EUR	CHF/EUR	GBP/EUR
30.09.2023	1,06	157,86	0,97	0,87
Variación 2023	-0,86%	13,26%	-1,95%	-2,11%
Variación interanual	7,87%	11,29%	0%	1,30%

III.3. O ACTUAL CICLO DA POLÍTICA MONETARIA DO BANCO CENTRAL EUROPEO.

O actual ciclo de endurecemento da política monetaria no que se atopa o Banco Central Europeo presenta características singulares en comparación con anteriores ciclos alcistas, tanto en termos de intensidade como de instrumentos utilizados.

Os sucesivos episodios críticos que viviu Europa nos últimos quince anos motivou a aplicación de políticas monetarias cun ton moi expansivo, nun intento do BCE por estimular o crecemento e a inflación, que se traduciron nuns mercados cargados de liquidez e condicións moi brandas de financiamento.

Primeiro foi a grande crise financeira dos anos 2008 e 2009. Seguidamente a crise de débeda soberana, con especial incidencia nalgúns países da área euro con evidentes

desequilibrios fiscais, como España, e máis recentemente á crise sanitaria motivada pola COVID-19, que levou a unha caída sen precedentes da actividade económica, o que non fixo máis que incidir na necesidade desta orientación ultra expansiva.

Así pois, tras máis dunha década de políticas orientadas cara a expansión monetaria, a aparición dos primeiros indicios inflacionistas no segundo semestre de 2021 supuxo un xiro na dirección das políticas aplicadas por parte dos bancos centrais das principais economías do mundo, no que o Banco Central Europeo non foi unha excepción.

Trala última revisión da estratexia de política monetaria aprobada polo Consello de Goberno do BCE en xullo de 2021, o obxectivo da autoridade monetaria é a estabilización da inflación a medio prazo entorno a un obxectivo simétrico do 2%.

Para lograr este obxectivo de estabilidade de prezos, o BCE conta cunha serie de instrumentos de política monetaria, entre os que destaca por encima de todos o conxunto dos tipos de xuro oficiais, que controla a través das operacións de mercado aberto, as facilidades permanentes e os requirimentos de reservas mínimas.

As decisións sobre os tipos de xuro son a principal ferramenta de política monetaria dado que é a que asegura de xeito máis rápido, preciso e certo á súa transmisión ás condicións de financiamento aplicables nos mercados financeiros e, posteriormente, á economía real.

Neste sentido, trala chegada da crise financeira global, o BCE mantivo unha política de baixos tipos de xuro nun intento de estimular a economía. Incluso a partir de xuño de 2014 a entidade monetaria inicia unha etapa de tipos de xuro negativos, que se mantivo ata 2022.

Foi na xuntanza de finais do mes de xullo de 2022, cando o Consello de Goberno aproba unha suba de tipos de xuros de 50 puntos básicos ante o intenso repunte da inflación e as expectativas de que se ía manter en niveis elevados durante bastante tempo.

Esta decisión supuxo o primeiro incremento dos tipos oficiais de xuro despois de 11 anos e o adeus a un longo período de tipos negativos.

A partir de entón, a autoridade monetaria decidiu sucesivos incrementos de taxas, incluíndo dous aumentos consecutivos de 75 puntos básicos en setembro e outubro de 2022, sendo estes os maiores incrementos na historia do euro.

Incluso cando no mes de marzo se produciron certos episodios de inestabilidade financeira asociados aos problemas da banca rexional norteamericana e ao colapso do Credit Suisse en Europa, o BCE primou continuar a loita contra a inflación e decidiu na xuntanza dese mes unha suba de 50 puntos básicos que situaba o tipo de oficial no 3,50%, un nivel considerado restritivo.

En conxunto, os tipos oficiais de xuro incrementáronse en 450 puntos básicos no período que va de xullo de 2022 ata setembro de 2023.

En pouco máis dun ano pasouse dunha orientación monetaria expansiva, a situar os tipos nun territorio restritivo, isto é, nun nivel por riba do teoricamente estimado como “neutral” que é aquel que mantén o PIB real no seu valor potencial e a taxa de inflación estable no seu obxectivo.

Esta suba de tipos de xuro oficiais foi a máis rápida e intensa que ten levado a cabo a autoridade monetaria europea. No seu primeiro ciclo de endurecemento, entre novembro de 1999 e outubro de 2000, acometeu sete subas de 225 puntos básicos en total. No segundo ciclo alcista, desde decembro de 2005 ata xullo de 2008, foron nove alzas tamén de 225 puntos pero con certas pausas.

Mes	Decisión	Tipos oficiais de xuros
Xullo 2022	Incremento 50 pb	<ul style="list-style-type: none"> ▪ OPF 0,50% ▪ FMC 0,75% ▪ FD 0,00%
Setembro 2022	Incremento 75 pb	<ul style="list-style-type: none"> ▪ OPF 1,25% ▪ FMC 1,50% ▪ FD 0,75%
Outubro 2022	Incremento 75 pb	<ul style="list-style-type: none"> ▪ OPF 2,00% ▪ FMC 2,25% ▪ FD 1,50%
Decembro 2022	Incremento 50 pb	<ul style="list-style-type: none"> ▪ OPF 2,50% ▪ FMC 2,75% ▪ FD 2,00%
Febreiro 2023	Incremento 50 pb	<ul style="list-style-type: none"> ▪ OPF 3,00% ▪ FMC 3,25% ▪ FD 2,50%
Marzo 2023	Incremento 50 pb	<ul style="list-style-type: none"> ▪ OPF 3,50% ▪ FMC 3,75% ▪ FD 3,00%
Maio 2023	Incremento 25 pb	<ul style="list-style-type: none"> ▪ OPF 3,75% ▪ FMC 4,00% ▪ FD 3,25%
Xuño 2023	Incremento 25 pb	<ul style="list-style-type: none"> ▪ OPF 4,00% ▪ FC 4,25% ▪ FD 3,50%
Xullo 2023	Incremento 25 pb	<ul style="list-style-type: none"> ▪ OPF 4,25% ▪ FC 4,50% ▪ FD 3,75%
Setembro 2023	Incremento 25 pb	<ul style="list-style-type: none"> ▪ OPF 4,50% ▪ FC 4,75% ▪ FD 4,00%

(OPF: Tipo das Operacións Principais de Financiamento; FC: Tipo da Facidade Maximal de Crédito; Tipo da Facidade de Depósito).

Como comentamos anteriormente, os tipos de xuro son a principal ferramenta de política monetaria dada á súa maior certeza sobre os efectos que terán nas condicións de financiamento.

Porén trala crise financeira, ante a escasa marxe para recortes adicionais nos tipos de xuro que se atopaban en terreo negativo, co obxecto de completar e facer máis efectiva a transmisión da política monetaria, o BCE foi adoptando novas ferramentas ou instrumentos coñecidos como “non convencionais”.

Entre estes instrumentos non convencionais destacaron pola súa utilización nos últimos anos os “Programas de Compras de Activos”, tamén denominados expansión cuantitativa (QE, polas súas siglas en inglés Quantitative Easing), así chamados por ser medidas que implican unha ampla expansión do tamaño do balance do Banco; ou as “Operacións de Financiamento Bancaria a Longo Prazo con Obxectivo Específico” (TLTRO, polas súas siglas en inglés Targeted Long-Term Refinancing Operations).

Polo que se refire aos Programas de Compras de Activos, desde que en setembro de 2014 o BCE puxo en marcha o seu primeiro programa (o coñecido APP, polas súas siglas en inglés Asset Purchase Programme) o Banco ten adquirido títulos de débeda pública de países e doutras institucións do sector público do área euro, así como de bonos corporativos de empresas de maior calidade crediticia, bonos de titulización de activos e bonos garantidos (covered bonds), por un volume total de 0,78 billóns de euros.

Adquisicións de activos Programa APP	
Débeda pública	500.000 millóns euros
Renda fixa privada	250.000 millóns euros
Covered bonds	30.000 millóns euros

A estes programas de compras, en marzo de 2020, sumouse o Programa de Compras de Emerxencia fronte á Pandemia (PEPP, polas súas siglas en inglés Pandemic Emergency Purchase Programme) coa finalidade de contrarrestar os riscos sobre a economía da área do euro. Este programa acadou os 1,7 billóns de euros en adquisicións de valores de renda fixa.

Por outra parte, tamén en 2014 o BCE puxo en marcha as Operacións de Financiamento Bancaria a Longo Prazo con Obxectivo Específico. Estas TLTRO en comparación coas anteriores operacións de financiamento bancario sen obxectivo específico (as LTRO) tiñan unha finalidade concreta de incentivar ás entidades financeiras da área euro a aumentar a súa oferta de crédito aos fogares e as empresas, xa que na medida que cumpriran determinados obxectivos de concesións obtían préstamos en condicións moi vantaxosas.


Mentres que o obxectivo das APP e do PEPP era reducir os custes de financiamento nos mercados de capitais dos emisores soberanos e grandes empresas, as TLTRO estaban dirixidas a facilitar o fluxo de crédito bancario a fogares e medianas e pequenas empresas.

Na actual conxuntura, o BCE está acompañando a comentada suba das taxas oficiais de xuro con actuacións dirixidas á redución do seu balance, un proceso coñecido como “Quantitative Tightening” ou endurecemento cuantitativo, coa finalidade de ir drenando a liquidez que se inxectara na economía nos últimos anos.

As compras netas no marco do programa APP finalizaron en xullo de 2022, se ben, foi a partir de marzo de 2023 cando se iniciou o proceso de redución das tenencias de valores na carteira. Inicialmente a un ritmo promedio de 15.000 millóns de euros mensuais para, a partir de xullo, poñer fin aos reinvestimentos dos valores que foran vencendo. Deste xeito o saldo vivo da carteira ten diminuído en case 110.000 millóns.

Polo que se refire ao Programa de Emerxencia fronte á Pandemia, o Consello de Goberno puxo fin ás compras netas a finais de marzo de 2022 e prevé reinvestir o principal dos valores adquiridos que vaian vencendo ata final de 2024.

Polo que respecta as TLTRO, desde que este mecanismo de financiamento acadou á súa cota máxima a finais de 2021, o seu saldo vivo amortizouse en máis de 1,65 billóns de euros.



Mes	Decisións de política monetaria
Decembro 2021	PEPP: anuncio da finalización en marzo de 2022 das compras netas do programa de compras de emerxencia fronte á pandemia e reinvestimento do principal dos valores que vaian vencendo ata, alo menos, finais de 2024.
Marzo 2022	PEPP: Fin as compras netas do programa de compras de emerxencia fronte á pandemia. APP: Redución gradual das compras netas do programa de adquisición de activos .
Abril 2022	APP: Anuncio da finalización no terceiro trimestre das compras netas do programa de adquisición de activos.
Xuño 2022	APP: Finalización o 1 de xullo das compras netas do programa de adquisición de activos. PEPP: aplicación flexible dos reinvestmentos do programa de compras de emerxencia fronte á pandemia. TPI: anuncio do deseño dun novo instrumento de apoio á política monetaria que axudara a unha efectiva e simétrica transmisión en toda a zona do Euro.
Xullo 2022	TPI: aprobación do novo “Instrumento para a Protección da Transmisión” coa finalidade de evitar que se poida xerar unha fragmentación inxustificada nos mercados financeiros.
Outubro 2022	TLTRO: cambios nos termos e condicións aplicables ás operacións de financiamento a longo prazo con obxectivo específico, coa finalidade de incentivar os reembolso anticipados dos saldos vivos e acelerar a redución do balance do Euro sistema.
Decembro 2022	APP: decisión de, a partir do 1 de marzo de 2023, deixar de reinvestir integramente o principal dos valores que vaian vencendo, a un promedio de 15MM de euros mensuais, coa finalidade de ir reducindo o tamaño da carteira do programa de compras de activos a un ritmo mesurado e predicible.
Febreiro 2023	APP: anuncio das modalidades detalladas para a redución das tenencias de valores no marco do programa de compras de activos mediante o seu reinvestimento parcial conforme á decisión aprobada no mes de decembro.
Maiο 2023	APP: decisión de poñer fin os reinvestmentos no marco do programa de compras de activos a partir de xullo de 2023.

Para finalizar o análise deste abano de instrumentos de política monetaria non convencionais, débese mencionar tamén a nova ferramenta antifragementación, coñecida como “Instrumento para a Protección da Transmisión” (Transmission Protection Instrument; TPI).

Tralo anuncio por parte do BCE de poñer fin ao programa de compras de activos, como paso previo ao inicio dun proceso de suba de tipos de xuro, a autoridade monetaria tivo que reunirse de urxencia, 6 días despois da súa xuntanza do día 9 de xuño, para anunciar dúas decisións encamiñadas a conter o repunte que estaban a experimentar as primas de risco dos países periféricos: a aplicación flexible dos reinvestimentos do PEPP e o deseño dun novo instrumento de apoio á política monetaria que axudara a unha efectiva e simétrica transmisión en toda a zona do Euro.

Esta ferramenta ten por obxecto apoiar a transmisión efectiva a tódolos países do área do euro da política monetaria do banco central, e permitirá ao BCE adquirir, baixo discrecionalidade do seu Consello de Goberno, débeda soberana dos países cuxas primas de risco aumenten de forma non desexada ou desordenada.

III.4. SITUACIÓN DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA ANTE O CAMBIO DA POLÍTICA MONETARIA E O ENDURECIMENTO DAS CONDICIÓN S DE FINANCIAMENTO.

Evolución recente do endebedamento das administracións públicas españolas.

Como se comentou nos apartados precedentes, o escenario de cambio radical na orientación da política do Banco Central Europeo, coa retirada de estímulos monetarios e a suba de tipos de xuro, se está a traducir nun encarecemento das operacións de endebedamento e, conseguintemente, en maiores custes de financiamento. Tendo en conta ademais o elevado nivel de débeda que presentan as administracións públicas en España, a suba dos tipos de xuro está a traducirse nunha carga financeira máis elevada en comparación coa devengada nos últimos anos.

Tras sete anos continuados de redución da carga financeira, o gasto por xuros do total das administracións públicas en España incrementouse en 2022 en máis de 5.000 millóns de euros, ata un total de 31.595 millóns de euros.


A partir do ano 2008, as administracións públicas españolas, coa excepción da administración local, se viron na necesidade de incrementar exponencialmente o seu endebedamento como resposta á dobre recesión económica que viviu España no período que vai do 2008 ao 2012 e que impactou de forma abrupta sobre os ingresos públicos. Máis

recentemente, coa crise sanitaria motivada pola Covid-19, volveuse a requirir dun enorme esforzo público, que se traduciu nun novo incremento dos ratios de endebedamento.

Tras este forte incremento motivado pola pandemia, a ratio de débeda pública en España mostra unha senda descendente que se debe en gran parte ao crecemento nominal da actividade económica como consecuencia da elevada inflación.

Segundo as estimacións da AIREF, tras a recente revisión do nivel do PIB realizada por parte do INE, a ratio de débeda se situará nun rango entre o 108% e 109% do PIB a finais deste ano 2023.

Porén, España, na actualidade segue sendo un dos países do area do euro que presenta maiores niveis de débeda pública, por detrás de Grecia e Italia e cun nivel similar a Portugal e Francia.



Para analizar a evolución recente da débeda pública en España tomamos como referencia o stock de débeda anterior ao inicio da pandemia. Neste período as Administracións Públicas no seu conxunto incrementaron o seu endebedamento en 345.388 millóns de euros, isto supón un 28% máis con respecto ao peche do ano 2019.


A maior parte do incremento da débeda no período ven motivado pola Administración Central do Estado: 324.390 millóns euros, isto é, un incremento dun 30%. Se ben, en

termos relativos, é a seguridade Social a que presenta un incremento máis pronunciado, o 93%, duplicando case o importe da súa débeda.

	AAPP. Débeda consolidada	Admón. Central	Admón. Seg.Soc.	CCAA	CCLL
2019	1.223.355	1.095.761	55.024	295.080	23.231
2023 (2º trim.)	1.568.743	1.420.151	106.174	327.346	23.752
variación	345.388	324.390	51.150	32.266	521
%	28%	30%	93%	11%	2%

(Débeda segundo Protocolo de Déficit excesivo. Fonte Banco de España)

En termos de ratio débeda/PIB, o ratio de débeda pública de España situouse no segundo trimestre de 2023 no 111,2%, e se ben presenta unha tendencia decrecente, aínda é superior en 13 puntos porcentuais ao nivel pre-pandemia.




Por sub-sectores, tanto as CCAA como as CCLL presentan un ratio inferior ao nivel pre-pandemia, porén a Administración Central do Estado e a Seguridade Social aínda presentan uns niveis de débeda 12,7 puntos e 3,1 puntos superiores ao do ano 2019.

	A A P P . Débeda con- solidada	A d m ó n . Central	A d - món. Soc.	Seg.	CCAA	CCLL
2019	98,2	88	4,4		23,7	1,9
2023 (2º trim.)	111,2	100,7		7,5	23,2	1,7
varia- ción	13	12,7		3,1	-0,5	-0,2

(Débeda segundo Protocolo de Déficit excesivo. Fonte Banco de España)

No ámbito concreto das Comunidades Autónomas, á súa débeda conxunta acadou no segundo trimestre de 2023 os 327.346 millóns de euros, isto é, máis de 32.000 millóns de euros que o seu importe a peche de 2019 (11%).

Descendendo ao detalle por comunidade, a maior parte do endebedamento corresponde ás comunidades de Cataluña, Valencia, Andalucía e Madrid, que concentran o 67,1% do endebedamento autonómico. A débeda pública de Galicia tan só representa o 3,8% do total das comunidades autónomas, unha cota moi inferior ao seu peso poboacional.



Fonte Banco de España

En termos de ratio débeda/PIB as Comunidades Autónomas, en xeral, están a reducir os seus índices de endebedamento, ata situarse nun nivel conxunto do 23,2%, cinco puntos porcentuais por debaixo do nivel que presentaban antes da pandemia. Porén aínda cinco comunidades presentan niveis superiores ao do ano 2019.

Ratio débeda/ PIB CCAA			
	2023 (2 trim.)	2019	Variación
Andalucía	20,2	21,5	-1,3
Aragón	20,5	21,9	-1,4
Asturias	16,0	18,4	-2,4
Baleares	25,3	26,1	-0,8
Canarias	14,1	14,0	0,1
Cantabria	20,8	22,5	-1,7
Castela A Mancha	32,1	35,3	-3,2
Castela León	19,9	20,9	-1,0
Cataluña	32,4	33,2	-0,8
Estremadura	22,0	23,1	-1,1
Galicia	16,7	17,6	-0,9
A Ríoxa	17,5	18,2	-0,7
Madrid	13,7	13,8	-0,1
Murcia	32,1	29,6	2,5
Navarra	13,3	15,8	-2,5
País Vasco	13,0	12,7	0,3
Valencia	43,5	41,9	1,6
Total CCAA	23,2	23,7	-0,5

Fonte Banco de España

Evolución do endebedamento da Comunidade Autónoma de Galicia e situación ante o cambio das condicións de financiamento.


Neste contexto de elevado nivel de endebedamento público que presentan as administracións en España analizamos a evolución do endebedamento da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa situación comparada para afrontar o endurecemento das condicións de financiamento.

I. Evolución recente da débeda pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Xunta de Galicia levou a cabo unha responsable e prudente xestión na súa política de endebedamento, como recurso necesario para o financiamento dos servizos públicos esenciais, pero salvagardando en todo momento a solvencia financeira da Comunidade.


Trala crise económico e financeira 2008-2012, Galicia iniciara unha senda de redución dos seus ratios de endebedamento que se veu interrompida pola irrupción da Covid e a necesidade de financiar as medidas extraordinarias para facer fronte á pandemia.

Superada a emerxencia sanitaria, a C.A de Galicia leva tres anos consecutivos de redución do endebedamento, que sitúa o seu ratio de débeda non so por debaixo do nivel pre-covid, senón a niveis do ano 2013.



Fonte Banco de España

Este comportamento responsable na xestión do endebedamento situou a Galicia como a comunidade autónoma que, en termos porcentuais, tivo un menor incremento de débeda no período 2008-2023, evitando na última década a emisión de máis de 4.500 millóns de euros de débeda pública.



Fonte Banco de España

Obviamente, este menor endebedamento incide directamente nun menor pago de xuros. Tan so nos últimos catro anos a Xunta de Galicia obtivo uns aforros de máis de 490 millóns de euros no pagamento de xuros de débeda en comparación cos xuros pagados pola media das comunidades autónomas.


2. Estratexia na xestión do endebedamento.

A estratexia desenvolvida pola Xunta de Galicia nos últimos anos permitiu aproveitar as excelentes condicións de financiamento que ofrecían os mercados con abundante liquidez, elevada demanda dos investidores e tipos de xuro historicamente baixos, e deste xeito rebaixar os gastos financeiros ao nivel historicamente máis baixo.

Por unha parte, a través da redución e práctica eliminación do endebedamento dos entes e das sociedades públicas, para gañar eficacia e transparencia na xestión da débeda. Deste xeito, e que a día de hoxe, sociedades como SPI, Xestur ou CRTVG non teñen ningún tipo de débeda bancaria.


Por outra banda, a través da reestruturación e refinanciamento da carteira de débeda viva, coa finalidade de conseguir aforros nos gastos financeiros e alongar a vida media das operacións. Isto implicou, neses anos de políticas monetarias expansivas, o refinanciamento de operacións de débeda por importe de máis de 5.000 millóns de euros, mellorando as súas condicións financeiras, o que permitiu obter uns importantes aforros no servizo da débeda.

Finalmente, a través dunha estratexia de tipos de xuro fixo e a prazos medios e longos, o que permitiu ir modulando unha estrutura da carteira de débeda protexida a curto e medio prazo do impacto derivado do endurecemento dos tipos de xuro. Actualmente, máis do 90% da débeda da Xunta de Galicia esta formalizada a tipo de xuro fixo, o que reduce o risco derivado da suba de tipos de xuro. Por outro lado, o alargamento da vida media da carteira reduce a porcentaxe de débeda que ten que refinanciarse nos próximos anos. En 2024 tan so debe refinanciarse o 11% da carteira de débeda.



Fonte Consellería de Facenda e A.P.

A estratexia desenvolvida e as boas condicións de financiamento permitiron que nos últimos anos se reducira progresivamente o custe da carteira da débeda, ata acadar en 2022 o tipo xuro medio historicamente máis baixo da débeda da Comunidade.



En 2023 dato a setembro. Fonte Consellería de Facenda e A.P. e Tesouro Público.

3. Confianza dos mercados financeiros.

Certamente, a política monetaria do BCE foi decisiva neste anos, permitindo financiar ou refinanciar importantes volumes de débeda a tipos historicamente baixos, incluso negativos, de feito Galicia formalizou nos anos 2020 e 2021 varios operacións con tipo de xuro negativo.

Porén, os resultados acadados non son só consecuencia da política monetaria, senón que tamén é preciso contar coa confianza dos mercados, ofrecendo un marco institucional, económico e xurídico estable, que aporte certeza, seguridade e credibilidade aos investidores.

Neste sentido, Galicia ofrece este marco de estabilidade, e conta coa confianza dos investidores, o que lle permite ter un bo acceso aos mercados de capitais e cubrir ás súas necesidades de financiamento en mellores condicións que outras administracións, tal e como queda reflectido nos seus indicadores de carga financeira en comparación con outras CCAA, de feito Galicia é a terceira comunidade que menos porcentaxe do seu orzamento destina ao pago de débeda.

Porcentaxe de orzamento dedicado ao pago de xuros	
(% sobre GNF)	
Orzamentos 2023	
Canarias	0,49%
A Ríoxa	0,72%
Galicia	0,87%
Navarra	0,88%
Asturias	0,91%
Estremadura	0,95%
Castela a Mancha	1,22%
Andalucía	1,38%
Baleares	1,40%
Murcia	1,51%
País Vasco	1,55%
Cantabria	1,81%
Cataluña	1,98%
Castela León	2,03%
Aragón	2,19%
Madrid	3,09%
Total CCAA	1,72%



O PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA.

IV. O PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA.

IV.1. INTRODUCCIÓN

O Plan Estratéxico de Galicia (PEG) é a principal ferramenta de planificación do goberno galego onde se deseñan as liñas estratéxicas de actuación que convertan a Galicia nunha rexión máis verde, máis dixital, máis resiliente e mellor adaptada aos retos actuais e futuros, que converxa en riqueza coa media española e europea, a partires dun modelo de crecemento sostible e inclusivo baseado no aumento da produtividade a través da innovación, a internacionalización, o apoio ás transicións ecolóxica e dixital, o fomento da calidade do emprego e do produto, e o aumento do benestar da cidadanía galega, en especial o dos máis desfavorecidos, para seguir a artellar unha sociedade ben formada, libre e cohesionada.

Neste apartado o que se busca é analizar os orzamentos do ano 2024 dende a perspectiva do Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, para observar como estes contribúen á consecución das prioridades de actuación e obxectivos do goberno galego no curto e medio prazo.

O Plan Estratéxico de Galicia 22-30 está formado por **5 eixes**, 21 prioridades de actuación e 70 obxectivos estratéxicos:

Táboa 1. Estrutura Plan Estratégico de Galicia 2022-2030.

Prioridades de actuación	
Eixe 1	<p>1.1. Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada</p> <p>1.2. Mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias</p> <p>1.3. Mellorar o acceso á vivenda e as súas condicións de habitabilidade</p> <p>1.4. Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade</p>
Eixe 2	<p>2.1. Fomentar dunha economía baixa en carbono baseada en fontes de enerxía máis limpas e menos agresivas co medio ambiente, dando prioridade as fontes de enerxía renovables. Potenciar a eficiencia enerxética en todos os sectores: público, industrial e doméstico</p> <p>2.2. Garantir unha mobilidade sustentable</p> <p>2.3. Garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático, e aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais</p> <p>2.4. Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural</p>
Eixe 3	<p>3.1. Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas</p> <p>3.2. Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible</p> <p>3.3. Impulsar o crecemento e competitividade das PEMES, a transición industrial e o emprendemento</p> <p>3.4. Promover as infraestruturas produtivas e as de rede</p> <p>3.5. Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo</p> <p>3.6. Fomentar o turismo sustentable e de calidade</p>
Eixe 4	<p>4.1. Promover unha educación inclusiva e de calidade</p> <p>4.2. Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante</p> <p>4.3. Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía</p> <p>4.4. Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servizos no territorio baixo o concepto de cidade única</p>
Eixe 5	<p>5.1. Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas. Empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade</p> <p>5.2. Unhas finanzas sustentables para un crecemento sano</p> <p>5.3. Reforzo do autogoberno e coordinación interadministrativa</p>

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública.

Este plan estratégico pode consultarse na páxina web: www.planestrategico2030.gal

IV.2. OBXECTIVOS E PRIORIDADES DE GASTO NOS ORZAMENTOS 2024 DO PLAN ESTRATÉXICO

A asignación financeira dos Orzamentos Xerais para 2024 rexeuse principalmente atendendo ás necesidades de reactivar a economía e atender ás necesidades das familias e empresas, no contexto actual no que aínda se están a superar as consecuencias derivadas da Covid-19 e os novos retos da situación enerxética actual.

Como cada anualidade, faise unha labor de vinculación da estrutura orzamentaria co PEG aos efectos de priorizar os investimentos segundo a lóxica de intervención establecida no Plan. Ademais, se ten en conta a programación dos fondos europeos do período 2021-2027 e a consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible da Axenda 2030.

A través desta asociación, os orzamentos son coherentes cos retos establecidos no PEG a nivel rexional en materia de crecemento e converxencia económica, emprego, I+D+i, educación, inclusión, medio ambiente e dinamización demográfica.

O importe asignado nos **Orzamentos xerais para o ano 2024** ascende a **13.256,8 millóns de euros**, importe referido ao orzamento consolidado e no que non se contemplan os capítulo VIII de activos financeiros e IX pasivos financeiros.

Na seguinte táboa se recolle a distribución do orzamento por eixes e prioridades de actuación:

Cadro 1: PEG 2022-2030 no Orzamento 2024

E1. Reto demográfico	Importe	% total	% eixe
PA.1.1. Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada	450.253.568	3,4	7,3
PA.1.2. Mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias	266.672.907	2,0	4,4
PA.1.3. Mellorar o acceso á vivenda e as súas condicións de habitabilidade	165.918.149	1,3	2,7
PA.1.4. Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade	5.247.100.792	39,6	85,6
Total	6.129.945.416	46,2	100,0
E2. Galicia verde e sostible	Importe	% total	% eixe
PA.2.1. Fomento dunha economía baixa en carbono baseada en fontes de enerxía máis limpas e menos agresivas co medio ambiente, dando prioridade as fontes de enerxía renovables. Potenciar a eficiencia enerxética en todos os sectores: público, industrial e doméstico	87.925.117	0,7	17,0
PA.2.2. Garantir unha mobilidade sustentable	81.320.866	0,6	15,7
PA.2.3. Garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático, e aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais	219.281.894	1,7	42,4
PA.2.4. Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural	128.556.561	1,0	24,9
Total	517.084.438	3,9	100,0
E3. Competitividade e crecemento	Importe	% total	% eixe
PA.3.1. Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas	301.511.762	2,3	16,7
PA.3.2. Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible	210.642.662	1,6	11,7
PA.3.3. Impulsar o crecemento e competitividade das PEMES, a transición industrial e o emprendemento	212.818.708	1,6	11,8
PA.3.4. Promover as infraestruturas produtivas e as de rede	290.541.183	2,2	16,1
PA.3.5. Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo	653.283.654	4,9	36,2
PA.3.6. Fomentar o turismo sustentable e de calidade	136.150.276	1,0	7,5
Total	1.804.948.245	13,6	100,0
E4. Cohesión social e territorial	Importe	% total	% eixe
PA.4.1. Promover unha educación inclusiva e de calidade	2.820.796.051	21,3	70,2
PA.4.2. Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante	1.007.501.437	7,6	25,1
PA.4.3. Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía	119.265.018	0,9	3,0
PA.4.4. Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servizos no territorio baixo o concepto de cidade única	69.432.946	0,5	1,7
Total	4.016.995.452	30,3	100,0
E5. Gobernanza	Importe	% total	% eixe
PA.5.1. Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas. Empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade	299.840.491	2,3	38,1
PA.5.2. Unhas finanzas sustentables para un crecemento san	286.708.076	2,2	36,4
PA.5.3 Reforzo do autogoberno e coordinación interadministrativa			
Total	787.837.806	5,9	100,0

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

O tomo dos Orzamentos Xerais correspondente á “**Memoria de Obxectivos e Programas**” contén de modo detallado a descrición das actuacións que deben colaborar a acadar os anteriores obxectivos. Asemade, e como ven sendo habitual, na mesma Memoria de Obxectivos e Programas se dispón de exhaustiva información dos indicadores de produtividade asociados ás partidas de gasto, co que se posibilita a valoración da eficacia e eficiencia das actuacións de gasto recollidas nos orzamentos.

IV.3. EIXES DE ACTUACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA (PEG).

O orzamento do Plan Estratéxico de Galicia (en adiante PEG) para o ano 2024 ascende a 13.256,8 millóns de euros, importe referido ao orzamento consolidado, que comprende o das entidades con orzamento limitativo (Administración xeral, organismos autónomos e axencias públicas autonómicas e entidades públicas instrumentais de asesoramento ou consulta) e no que non se contemplan os gastos derivados dos capítulo VIII e IX de activos e pasivos financeiros.

A distribución por eixes manifesta que son os gastos destinados ao **o Reto demográfico (eixe 1) e á Cohesión social e territorial (eixe 4)**, os que absorben unha maior parte do orzamento, como garantía e mantemento dos gastos sociais, e coa finalidade de lograr uns servizos públicos de calidade dirixidos á cidadanía, principalmente nos eidos da sanidade, a educación e promoción do emprego, pero tamén en materias coma a inclusión social e o acceso á vivenda. A suma destes eixes supón case as tres cuartas partes do orzamento total.

O eixe 1 “*Reto demográfico*”, ascende 6.129,9 millóns de euros, representando o 46,2% do total dos orzamentos. Neste eixe se recolle o relativo á promoción do emprego, o benestar das familias e a conciliación, o acceso á vivenda e a sanidade.

Por outra banda, o eixe 4 de *Cohesión social e territorial* recolle a educación, o sistema de servizos sociais de atención ás persoas maiores e dependentes, a promoción da igualdade de oportunidades e a inclusión social dos máis desfavorecidos, a promoción da cultura e lingua galega, e a cohesión territorial. Este eixe ascende **a 4.017,0 millóns de euros, e representa o 30,3% do total do PEG.**

En terceiro lugar por contía orzamentaria, está a aposta pola **competitividade e co crecemento**, o eixe 3, cun orzamento total de **1.805,0 millóns de euros, o 13,6% sobre o total.** Neste eixe atópanse as políticas de gastos vinculadas á I+D+i, que permitirán manter a Galicia no círculo virtuoso da innovación para o crecemento, así coma as vinculadas ás novas tecnoloxías da información (TICs). Ademais, destaca o fomento da actividade empresarial e comercial, co impulso da competitividade e internacionalización

das empresas e autónomos, Neste eixe tamén se recolle o fomento do sector primario e o turismo así coma a garantía dunhas adecuadas infraestruturas produtivas e de rede.

○ *eixe 2 Galicia vede e sostible*, destinado a impulsar un **crecemento sustentable e resiliente, baseado nunha economía baixa en carbono, presenta un orzamento de 517,1 millóns de euros, o 3,9% do total**. Neste eixe se recollen as medidas orientadas á eficiencia enerxética e o fomento das enerxías renovables, así coma unha mobilidade sostible que permita reducir as emisións contaminantes á atmosfera. Tamén se establece o reto de impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural. Ademais, tamén se recollen medidas encamiñadas a garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático, e aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais


○ *eixe 5 de Gobernanza* alcanza os **787,8 millóns de euros e o 5,9% do orzamento**. Nel recóllese o obxectivo de alcanzar unha administración que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas, así coma garantir unhas finanzas sustentables para un crecemento san e o reforzo do autogoberno e coordinación interadministrativa.

Cadro 2. Distribución por eixes do PEG 22-30 no orzamento 2024

Eixes	Importe	% total
E1. Reto demográfico	6.129.945.416	46,2
E2. Galicia verde e sostible	517.084.438	3,9
E3. Competitividade e crecemento	1.804.948.245	13,6
E4. Cohesión social e territorial	4.016.995.452	30,3
E5. Gobernanza	787.837.806	5,9
Total	13.256.811.357	100,0

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Gráfico 1. Distribución por eixes do PEG no orzamento 2024



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

A táboa seguinte mostra o orzamento 2024 por fonte de financiamento:

Cadro 3. Distribución do orzamento 2024 por fonte de financiamento

Fontes de financiamento	Importe	%
Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma	11.056.151.477	83,4
Orzamentos Xerais do Estado	853.398.687	6,4
Marco de Recuperación e resiliencia	508.467.210	3,8
FEDER	272.131.154	2,1
FEADER	247.892.718	1,9
FEP	100.877.741	0,8
FSE	99.887.471	0,8
Fondos de Cohesión	43.903.555	0,3
FCI	38.580.160	0,3
PGCL	16.556.930	0,1
FEAGA	13.017.841	0,1
Transferencias finalistas	3.391.000	0,0
Outros Fondos europeos	1.628.888	0,0
INTERREG	926.525	0,0
Total	13.256.811.357	100,0

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

EIXE 1: RETO DEMOGRÁFICO

Este eixe ten por obxectivo incidir naqueles factores que son fundamentais para tratar de modificar a dinámica demográfica actual, caracterizada fundamentalmente por un excesivo avellentamento da poboación, con amplas repercusións na sociedade e o seu crecemento.

Para favorecer que as persoas poidan levar a cabo o seu proxecto familiar en Galicia, así como ter o número de fillos e fillas que desexen, é preciso acadar e manter niveis de emprego elevado e de calidade, desenvolver políticas de conciliación da vida persoal e familiar, garantir unha estrutura de servizos de atención das necesidades das familias, mellorar o acceso e as condicións de habitabilidade da vivenda, ademais de fortalecer unha asistencia sanitaria accesible, de carácter preventivo e curativo, e de boa calidade.

Para acadar este obxectivo, os orzamentos de 2024 programan investimentos nas seguintes prioridades de actuación:

- **PA.I.I. Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada.**

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación, e aos que contribuirá o orzamento de 2024, son:

- Mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas ou inactivas, especialmente entre a poboación xuvenil e aquelas con maiores dificultades de acceso ao mercado laboral. Garantir un proceso de aprendizaxe permanente ao longo da vida laboral. Establecer condicións favorables no mercado laboral para fixar talento. Desenvolver o marco galego de competencias dixitais.
 - Aumentar as competencias emprendedoras e impulsar a creación de empresas e iniciativas de traballo por conta propia sustentables.
 - Mellorar a situación das persoas empregadas aumentando a calidade do emprego mediante un emprego estable e a tempo completo e promover a progresión profesional. .
 - Impulsar e consolidar o desenvolvemento de políticas efectivas para que homes e mulleres poidan harmonizar as súas responsabilidades laborais e familiares en condicións de igualdade e eliminando os estereotipos de xénero. Fomentar medidas de conciliación.
- **PA.1.2. Mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias**

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

- Garantir o acceso gratuíto á educación preescolar.
 - Completar unha estrutura de servizos de atención das necesidades das familias para favorecer que as persoas poidan levar a cabo o seu proxecto familiar en Galicia. Facilitar o aumento de servizos extraescolares a os menores en idade escolar co gallo de facilitar a conciliación dos pais e nais traballadoras.
 - Definir un modelo sustentable de protección social no ámbito do benestar.
 - Promover unha cultura e sensibilidade social a favor dos dereitos e deberes da infancia e a adolescencia, así como a súa participación activa na sociedade.
 - Mellorar a calidade de vida da xuventude galega, mellorando as súas competencias e capacidades, incrementando o seu benestar e impulsando a participación e o voluntariado.
 - Visibilizar e apoiar o papel das persoas maiores na súa contribución ao benestar familiar e promover o seu empoderamento e participación social.
- **PA.1.3. Mellorar o acceso á vivenda e as súas condicións de habitabilidade**

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

- Dar cobertura a un arrendamento accesible como primeiro paso para a independencia das persoas novas, priorizando ás familias con fillos.
- Fomentar a accesibilidade de vivenda para as persoas en situación de vulnerabilidade, con especial atención ás zonas rurais. Axilizar o proceso de accesibilidade.
- Reducir a carga que supón o custe da vivenda para os inquilinos.
- Facilitar o acceso e o mantemento da vivenda en condicións de habitabilidade e nunha contorna inclusiva, poñendo o foco nas familias máis vulnerables con menores, así como nos mozos e mozas.
- Promover os alugueiros sociais, que permitan ás persoas en situación de vulnerabilidade destinar como máximo un 30% dos seus ingresos ao pago da vivenda.
- Erradicar a infravivenda e mobilizar a vivenda baleira.
- Potenciar novos sistemas construtivos máis eficientes tanto dende o punto de vista económico, como do medio ambiente e a enerxía.
- Promover a accesibilidade e a adaptación das vivendas ás necesidades dunha poboación cada vez máis envellecida.

- **PA. I.4. Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade**

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

- Impulsar un modelo de atención sanitaria moderno e de calidade
- Acadar un sistema sanitario que mellore a saúde da poboación, a calidade, experiencia e formación do paciente, a satisfacción dos profesionais e incrementa a eficiencia.
- proporcionar servizos e prestacións máis próximos á cidadanía ("sanidade no fogar").
- Promover a telemonitorización da asistencia nas patoloxías crónicas de maior impacto en saúde e poñer a disposición da cidadanía ferramentas para o seu autocoidado.
- Aumentar a carteira de servizos dos hospitais comarcais e reforzar a atención primaria.
- Fomentar a promoción da saúde e a prevención de enfermidades.
- Afondar na transformación dixital do sistema sanitario.
- Mellorar a rede de vixilancia epidemiolóxica, en base en novos sistemas de información, como factor determinante para a alerta e promoción da saúde e control de enfermidades.
- Mellorar a satisfacción dos profesionais sanitarios

- Promover infraestruturas sanitarias máis eficientes que melloren a calidade asistencial e sexan respectuosas co medio ambiente.
- Modernizar e adecuar as infraestruturas e o equipamento sanitario ás necesidades de pacientes e profesionais.
- Continuar promovendo a innovación sanitaria, de xeito que Galicia sexa pioneira en materia de I+D+i en materia sanitaria.


Na seguinte táboa detállase o gasto orzamentario de 2024 neste eixe por prioridade de actuación.

Cadro 4. Distribución do orzamento 2024 por prioridades de actuacións do eixe I

E1. Reto demográfico	Importe	% total	% eixe
PA.1.1. Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada	450.253.568	3,4	7,3
PA.1.2. Mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias	266.672.907	2,0	4,4
PA.1.3. Mellorar o acceso á vivenda e as súas condicións de habitabilidade	165.918.149	1,3	2,7
PA.1.4. Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade	5.247.100.792	39,6	85,6
Total	6.129.945.416	46,2	100,0

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Gráfico 2. Distribución do orzamento 2024 por prioridades de actuacións do eixe I



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

EIXE 2: GALICIA VERDE E SOSTIBLE

Para deixar ás vindeiras xeracións unha Galicia sustentable e con futuro é preciso abordar unha estratexia nunha tripla vertente: mitigar a contaminación que estamos a producir como consecuencia de todo tipo de actividades, tanto económicas coma de ámbito persoal; afondar no estudo dos efectos do cambio climático na nosa Comunidade co fin de mellorar a resiliencia ó mesmo e reducir a vulnerabilidade ante posibles eventos adversos; xestión máis sostible do noso patrimonio natural xunto co compromiso da sociedade e da Administración para afrontar o reto de ser menos contaminantes e respectuosos cos nosos recursos.

Polo tanto, este segundo eixe do plan estratéxico está centrado en:

- O fomento dunha economía baixa en carbono baseada en fontes de enerxía máis limpas e menos agresivas co medio ambiente.
- O reforzo do control e da observación ambiental e aumento da resiliencia ao cambio climático.
- A mobilidade sostible, fomentando un transporte menos contaminante e impulsando a intermodalidade.
- A xestión sostible do patrimonio natural, do ciclo da auga e dos residuos, fomentando a sensibilización da sociedade e un maior compromiso das administracións.

Compre mencionar que neste eixo tamén se recollen as actuacións necesarias para garantir unha **resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático**. Ademais, neste contexto, e como xa se mencionou anteriormente, un dos principais obxectivos deste eixe é aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais.

Para acadar este obxectivo, os orzamentos de 2024 programan investimentos nas seguintes prioridades de actuación:

- **PA.2.1. Fomento dunha economía baixa en carbono baseada en fontes de enerxía máis limpas e menos agresivas co medio ambiente, dando prioridade as fontes de enerxía renovables. Potenciar a eficiencia enerxética en todos os sectores: público, industrial e doméstico.**

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

- Mellorar a eficiencia enerxética primaria e final, de xeito que se consiga un aforo enerxético significativo e se reduza a dependencia enerxética do exterior.

- Aumentar a transparencia e a seguridade xurídica no sector enerxético para incentivar os investimentos.
- Fomento da I+D+i tecnolóxica no terreo enerxético, especialmente no campo da eficiencia enerxética e das enerxías renovables. Promover o uso de solucións dixitais.
- Consolidación das boas prácticas en materia de consumo enerxético.
- Diversificar as fontes renovables. Continuar co fomento de actividades asociadas ao ciclo de aproveitamento da biomasa térmica, enerxía eólica e o autoconsumo eléctrico. Impulsar proxectos de enerxías renovables como os gases renovables e as fontes de enerxía mariña entre outras.
- Desenvolvemento de proxectos impulsados por comunidades de enerxías renovables .
- Avanzar en sistemas de almacenaxe deste tipo de enerxía renovable que sexan respectuosos co medio ambiente e a integración paisaxística.

- **PA.2.2. Garantir unha mobilidade sustentable.**

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación, e aos que contribuirá o orzamento de 2024, son:

- Fomentar a mobilidade sustentable e alternativa.
 - Garantir unha transición xusta, tendo en conta as implicacións que pode ter o fomento do transporte colectivo no sector da automoción.
 - Impulsar a intermodalidade e a conexión entre diferentes modos de transporte.
 - Superar as barreiras que supón a dispersión xeográfica tanto da poboación coma das empresas.
 - Promover a eficiencia no transporte tanto de viaxeiros coma de mercadorías, mellorando as vías e as conexións comerciais existentes.
 - Eliminar os estrangulamentos nas infraestruturas de rede fundamentais. Reducir ao mínimo posible as conxestións nos núcleos urbanos.
 - Mellorar a regulación no emprego tanto do transporte público como privado.
 - Mellora e renovación do parque de vehículos a favor de tecnoloxías máis limpas e eficientes (fundamentalmente, a electricidade de orixe renovable).
- **PA.2.3. Garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático, e aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais.**

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

- Consolidar o control e a observación medioambiental. Aumentar a capacidade en investigación e innovación en materia de cambio climático.
 - Fortalecer unha resposta integral ás necesidades da poboación, territorio e actividades económicas en materia de emerxencias, protección civil e seguridade pública, así como fortalecer a resiliencia e a capacidade de adaptación aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais.
 - Prever e minimizar os danos provocados polos incendios forestais, fenómenos hidrolóxicos e meteorolóxicos extremos e outras catástrofes medioambientais, mellorando a prevención e defensa contra os mesmos.
 - Reducir a vulnerabilidade da poboación e das infraestruturas e instalacións fronte aos riscos derivados de fenómenos hidrolóxicos e meteorolóxicos extremos, tales como secas e enchentes.
- **PA.2.4. Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural.**

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

- Contribuír técnica e economicamente para garantir un acceso aos servizos básicos de saneamento e depuración aos cidadáns de Galicia, diminuíndo os desequilibrios territoriais existentes e buscando unha maior eficacia na execución dos investimentos e na explotación de infraestruturas hidráulicas.
- Mellorar a calidade da auga reducindo a contaminación, eliminando o vertedoiro e minimizando a emisión de produtos químicos e materiais perigosos, reducindo a porcentaxe de augas residuais sen tratar e garantir a protección e mantemento do Dominio Público Hidráulico.
- Fomentar e favorecer unha produción máis limpa e modelos de negocio sostibles. Incorporación ao tecido produtivo de procesos de economía circular e potenciar a sensibilización e a información da poboación para mellorar as taxas de reciclaxe de residuos domésticos.
- Fomento da innovación nos procesos de fabricación (especialmente, emprego da biotecnoloxía no sector alimentario); incorporación da I+D+i no desenvolvemento de eco-productos; innovación organizativa nas empresas, sendo fundamental a proximidade xeográfica e a capacidade para traballar de forma interconectada.
- Mellorar a información e difusión da importancia do Patrimonio Natural e da Biodiversidade e garantir o goce, resaltando a importancia dos valores naturais e concienciando á cidadanía sobre a importancia de conservar a Natureza.

- Promoción socioeconómica dos espazos naturais, o desenvolvemento sostible, a mellora da calidade de vida, o apoio ás oportunidades empresariais e o fomento e mellora do emprego nestas zonas.


Na seguinte táboa detállase o gasto orzamentario de 2024 neste eixe por prioridade de actuación.

Cadro 5. Distribución do orzamento 2024 por prioridades de actuacións do eixe 2

E2. Galicia verde e sostible	Importe	% total	% eixe
PA.2.1. Fomento dunha economía baixa en carbono baseada en fontes de enerxía máis limpas e menos agresivas co medio ambiente, dando prioridade as fontes de enerxía renovables. Potenciar a eficiencia enerxética en todos os sectores: público, industrial e doméstico	87.925.117	0,7	17,0
PA.2.2. Garantir unha mobilidade sustentable	81.320.866	0,6	15,7
PA.2.3. Garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático, e aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais	219.281.894	1,7	42,4
PA.2.4. Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural	128.556.561	1,0	24,9
Total	517.084.438	3,9	100,0

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Gráfico 3. Distribución do orzamento 2024 por prioridades de actuacións do eixe 2



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

EIXE 3: COMPETITIVIDADE E CRECEMENTO.

Para posibilitar a mellora da competitividade e a mellora do día a día da poboación galega é preciso consolidar e impulsar o investimento en investigación e innovación, apoiar a transformación dixital da economía e a sociedade e facer chegar aos cidadáns e empresas os seus beneficios. Tamén é preciso mellorar os investimentos materiais –infraestruturas- e os inmateriais –procesos, calidade, deseño- e proporcionar ás empresas distintas formas de apoio, especialmente ás pequenas e medianas para xerar un ecosistema consolidado de empresas de tamaño mediano, innovadoras, exportadoras e xeradoras de emprego de calidade.

Este eixe ten como denominador común, a posta en valor do potencial da industria da comunidade autónoma e o fortalecemento do sector primario e o turismo como pan-cas de crecemento, baseado no emprego da investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas.

Para acadar este obxectivo, os orzamentos de 2024 programan investimentos nas seguintes prioridades de actuación:

- **PA.3.1. Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas**

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

- Fomentar o investimento en I+D+i no sector empresarial, dinamizar a transferencia de coñecemento ao mercado reforzando a colaboración entre os axentes do ecosistema de I+D+i, avanzar na especialización a través da priorización en ámbitos estratéxicos para Galicia, impulsando o liderado empresarial, especialmente das PEMES, na transformación das ideas innovadoras en produtos e servizos de alto valor engadido, xeradores de crecemento, emprego e benestar. Apoiar o talento emprendedor en todos os eidos (xeración, atracción e retención).
- Apoiar os proxectos innovadores nas fases iniciais de lanzamento e a formación empresarial dos innovadores, fomentar a cooperación de liñas innovadoras e de investigación entre PEMES .
- Mellorar a xestión administrativa vinculada a procesos ou instrumentos de apoio á I+D+i e incrementar a eficiencia na xestión dos recursos dispoñibles a partires da avaliación do seu rendemento.
- Mellorar e fortalecer a capacidade investigadora, os resultados e o traballo por proxectos da investigación universitaria galega, desenvolver un sistema de transferencia efectivo que permita capitalizar o coñecemento xerado polo tecido produtivo.

- Promover o liderado dixital fomentando o uso de novas tecnoloxías. Reforzar as capacidades do sistema dixital galego promovendo colaboracións público - privadas para dar resposta aos retos que xorden derivados do desenvolvemento da transformación dixital.
- **PA.3.2. Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible**
- Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:
- Promover unha Administración dixital innovadora que permitan desenvolver un servizo máis pro activo e personalizado á cidadanía e empresas, aberto e accesible dende calquera lugar e en calquera momento.
 - Fomentar a incorporación de tecnoloxías innovadoras para mellorar os modelos de prestación de servizos públicos. Aproveitar os avances da intelixencia artificial e Big Data para mellorar os servizos públicos.
 - Situar a Galicia como unha rexión intelixente de referencia en Europa que facilite a adopción de tecnoloxías dixitais de alto impacto tanto no sector público como nos diferentes sectores económicos, prestando especial atención ás PEMES.
 - Diseñar actuacións dirixidas a os profesionais e a cidadanía que posibiliten a formación e o desenvolvemento das habilidades precisas para dar resposta á transformación dixital.
 - Impulsar o uso de solucións dixitais para mellorar a xestión e o coñecemento do territorio como base para permitir aumentar a capacidade de adaptación ás necesidades e oportunidades que se lle presenten á Comunidade, dunha forma ordenada, áxil, eficiente e eficaz.
 - Afondar na adopción das novas tendencias tecnolóxicas para aumentar a capacidade de xeración de valor no territorio reducindo o consumo de recursos e mellorando o seu rendemento, avanzando cara a un modelo de rexión sostible e climáticamente neutra.
 - Potenciar a innovación dixital aplicada á dinamización e salvagarda do patrimonio e a produción cultural da Comunidade.
- **PA.3.3. Impulsar o crecemento e competitividade das PEMES, a transición industrial e o emprendemento**
- Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:
- Adoptar medidas para desenvolver, atraer e reter traballo cualificado.
 - Impulsar a creación de novas empresas favorecendo ecosistemas empresariais innovadores. Promover o crecemento das empresas e fomentar un entorno empresarial favorable impulsando o desenvolvemento de redes e clústeres.

- Incrementar a competitividade das empresas galegas a través da innovación, o desenvolvemento tecnolóxico, o auxe de sectores de alta complexidade industrial, a transformación dixital da industria e a circularización dos procesos de negocio, apostando pola diferenciación en base ao compoñente tecnolóxico, a calidade a o deseño.
 - Fomentar polos de desenvolvemento baseados nas tecnoloxías facilitadoras chave e nas tendencias de transformación dos modelos de negocio na industria.
 - Impulsar a formación específica e a recualificación dando resposta ao desenvolvemento das competencias necesarias para afrontar a transformación industrial.
 - Garantir as mellores condicións para atraer investimento produtivo e fomentar o aumento da base exportadora das empresas galegas, en especial as PEMES.
 - Fomentar a competencia, facilitar o acceso aos mercados e limitar o efecto das normativas que dependan do tamaño das empresas en termos de emprego e volume de negocio para fomentar o crecemento das mesmas.
- **PA.3.4. Promover as infraestruturas produtivas e as de rede**
- Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:
- Completar a articulación da rede de infraestruturas de transporte de Galicia co exterior e a conexión cos principais eixes exteriores.
 - Asegurar que unha alta porcentaxe da poboación se sitúe a 15 minutos ou menos do acceso á rede de Vías de Altas Prestacións.
 - Mellorar a calidade da rede viaria para aumentar a súa funcionalidade e seguridade viaria e adaptala á evolución da mobilidade e da tecnoloxía.
 - Impulsar o papel do sistema portuario para o crecemento socioeconómico de Galicia e construción de novas infraestruturas.
 - Modernización e adecuación das instalacións portuarias existentes, tanto para as actividades pesqueiras como para a actividade náutica recreativa. Mellora da seguridade e das condicións de traballo dos pescadores e demais persoal do sector.
 - Garantir os medios precisos para desenvolver un modelo de negocio en cada dársena máis adecuado ás necesidades das actividades con maior demanda e máis eficiente enerxéticamente e respectuoso co medio mariño.
- **PA.3.5. Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo**

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

- Renovar e modernizar as explotacións agrogandeiras para aumentar a súa competitividade. Incrementar o tamaño e a rendibilidade das empresas do sector.
- Avanzar na cadea de valor do sector agrogandeiro e fomentar a diferenciación do produto. Impulsar a Marca Galicia e velar polo prestixio das denominacións xeográficas de calidade.
- Aproveitar as oportunidades que supón a economía circular para a mellora da eficiencia nas explotacións e xerar novos nichos de negocio.
- Minorar o impacto da agricultura e a gandería no medio ambiente.
- Garantir un nivel axeitado de protección da sanidade animal e da cadea alimentaria e dos vexetais.
- Abordar a planificación de ordenación dos recursos forestais de cara a integrala no marco da ordenación do territorio.
- Completar un Mapa de solos de Galicia que permita mellorar o coñecemento das tipoloxías de solos, superficies, especies e permita coñecer a súa sensibilidade e resistencia fronte aos distintos axentes degradativos.
- Mellorar a contribución do monte galego á conservación da natureza, á biodiversidade e ao patrimonio natural galego dos recursos xenéticos forestais, así como a prestación doutros servizos ecosistémicos relacionados co cambio climático e as enerxías renovables. Potenciar actuacións de forestación e silvicultura que, ademais de valorizar os produtos do monte, supoñan unha medida preventiva para diminuír o risco de incendios forestais. Mellorar a capacidade de absorción do sector forestal e fomentar os produtos madereiros como depósitos de carbono.
- Modernización das actividades e das instalacións empregadas para levar a cabo as actividades de pesca e acuicultura, especialmente a través do desenvolvemento tecnolóxico (industria 4.0), a innovación e a transferencia de coñecemento. Incremento da tecnificación das tarefas.
- Garantir un emprego eficiente dos recursos naturais e o mantemento, conservación e recuperación do medio mariño e a súa valorización e explotación sostible.
- Fomentar a diversificación de actividades do sector pesqueiro mediante a posta en marcha de programas de formación, de actuacións de demostración e de apoio ás iniciativas de novas actuacións.
- Fomentar a investigación para o coñecemento e control das patoloxías dos organismos mariños sometidos á explotación comercial mediante a pesca, o marisqueo e a acuicultura.

- Seguir a controlar a calidade e a seguridade alimentaria dos produtos do mar. Mellorar a trazabilidade dos produtos pesqueiros que permita avanzar na loita contra a pesca ilegal.
- Mellora da eficiencia enerxética nos medios e instalacións empregados para as actividades e redución do impacto das mesmas no medio mariño.
- Desenvolver sectores da comercialización e transformación cun elevado potencial de crecemento reforzando tamén a cadea de innovación.
- Promover o emprego, o crecemento, a inclusión social e o desenvolvemento local nas zonas rurais, incluíndo a bioeconomía e a silvicultura sustentable.
- Potenciar un desenvolvemento económico sostible e un desenvolvemento territorial cohesionado, a través do fomento da creación e consolidación de actividades económicas sostibles no medio rural a través de PEMES, fomento da diversificación das actividades económicas sostibles no medio rural, fomento da competitividade das actividades económicas vinculadas ao mundo agroforestal, apoio á creación de emprego e fomento do autoemprego.
- Contribuír á mellora da calidade de vida dos habitantes do rural
- Contribuír á construción dun territorio rural intelixente no marco da acción da UE a favor dos pobos intelixentes. Elaborar e xestionar propostas de proxecto europeos neste eido e no do desenvolvemento rural.

- **PA.3.6. Fomentar o turismo sustentable e de calidade**

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

- Afianzar a imaxe de Galicia como destino seguro.
- Diversificar na promoción do Camiño de Santiago, mediante o reforzo da visibilidade das rutas oficiais menos transitadas.
- Fomentar a actividade turística sostible co medio ambiente, tratando de minimizar a pegada que as actividades turísticas teñen no medio natural. Deseño dunha estratexia en liña cos obxectivos da Axenda 2030.
- Favorecer a creación e a comercialización de novos produtos turísticos que respondan ás demandas do viaxeiro post COVID-19.
- Apoio ao tecido asociativo de xeito que permita fomentar o traballo cooperativo e o establecemento de sinerxías.
- Impulsar dunha oferta de calidade.
- Potenciar a especialización das empresas do sector nas posibles actuacións de lecer e culturais que poden facer os viaxeiros na contorna, co fin de mellorar e enriquecer a experiencia dos clientes.

- Fomentar procesos de formación e emprendemento no sector a través de iniciativas de aceleración turística empresarial que contribúan ao desenvolvemento dun sector turístico moderno e rendible, con respostas para as novas necesidades da realidade derivada da pandemia.


Na seguinte táboa detállase o gasto orzamentario de 2024 neste eixe por prioridade de actuación.

Cadro 6. Distribución do orzamento 2024 por prioridades de actuacións do eixe 3

E3. Competitividade e crecemento	Importe	% total	% eixe
PA.3.1. Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas	301.511.762	2,3	16,7
PA.3.2. Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible	210.642.662	1,6	11,7
PA.3.3. Impulsar o crecemento e competitividade das PEMES, a transición industrial e o emprendemento	212.818.708	1,6	11,8
PA.3.4. Promover as infraestruturas produtivas e as de rede	290.541.183	2,2	16,1
PA.3.5. Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo	653.283.654	4,9	36,2
PA.3.6. Fomentar o turismo sustentable e de calidade	136.150.276	1,0	7,5
Total	1.804.948.245	13,6	100,0

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Gráfico 4. Distribución do orzamento 2024 por prioridades de actuacións do eixe 3



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

EIXE 4. COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL

Unha Galicia máis cohesionada esixe promover unha educación de calidade e inclusiva, a inclusión social das persoas en situación de vulnerabilidade, risco de pobreza ou exclusión social, loitar contra calquera tipo de discriminación e asegurar a igualdade de oportunidades e a igualdade entre homes e mulleres. Ademais, é preciso apostar pola dinamización da vida nas zonas rurais e costeiras non urbanas, buscando unha modernización e diversificación da estrutura económica que garanta o equilibrio territorial e a sustentabilidade poboacional, social, económica e ambiental. Todo isto, coa consolidación da cultura e a lingua galega como valores esenciais e imprescindibles para o desenvolvemento integral da sociedade.

Para acadar este obxectivo, os orzamentos de 2024 programan investimentos nas seguintes prioridades de actuación:

- **PA.4.1. Promover unha educación inclusiva e de calidade**

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

- Acadar un rendemento escolar por enriba da media europea, reducindo aínda máis o fracaso escolar e o abandono educativo temperán e mellorar os resultados educativos do conxunto do alumnado.
- Promover unha educación igualitaria, equitativa, accesible e inclusiva eliminando os obstáculos de acceso do alumnado ao sistema educativo galego.
- Reforzar o sistema educativo mediante a súa adaptación aos novos retos, a modernización, incluídas as infraestruturas, e o desenvolvemento de novas capacidades para a economía dixital e as vocacións científicas, perfeccionando o sistema plurilingüe.
- Elevar a cualificación do alumnado na FP de grao medio e superior, mellorando a súa calidade. Aumentar a participación en formación profesional dual e aprendizaxe práctica, establecendo unha relación directa coas empresas e axustando as competencias impartidas á estrutura produtiva de Galicia.
- Racionalizar e mellorar a oferta académica universitaria que dea resposta ás necesidades do alumnado e do mercado laboral. Acadar unha maior integración das universidades galegas co tecido económico e social, non só no ámbito da investigación, senón tamén no ámbito da docencia e recuperar o liderado da Universidade como motor de cambio da sociedade galega. Fomentar a colaboración entre as universidades, a súa internacionalización e afondar na especialización dos campus. Aumentar a transparencia e a rendición de contas das Universidades galegas.

- Adaptar a rede escolar á menor demanda. Mellorar a eficiencia dos recursos escolares e reforzar as redes escolares no rural. Utilizar ferramentas dixitais para mellorar a prestación do transporte escolar e pechar fendas nas competencias dixitais
- **PA.4.2. Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante**

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

- Consolidar un sistema de garantía de ingresos para que as persoas con carencia de recursos económicos en situación ou risco de exclusión social poidan acceder aos recursos básicos.
- Impulsar a inclusión social e laboral das persoas en situacións de vulnerabilidade, pobreza ou exclusión social e loitar contra calquera forma de discriminación ademais de garantir a igualdade de oportunidades e o acceso aos servizos públicos da poboación retornada e inmigrante. Mellorar os itinerarios personalizados e avaliar os seus resultados, vencellar os servizos sociais e de emprego en tomo a os itinerarios.
- Dar un pulo á garantía de recursos nos fogares nos que habiten persoas en situación de dependencia e atender as necesidades derivadas da mesma.
- Mellorar a atención social e a calidade de vida das persoas con discapacidade e das persoas maiores, garantindo a accesibilidade universal e fomentando a eliminación de calquera tipo de barreira que impida a súa participación en termos de igualdade, así como previr as situacións de dependencia.
- Acadar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, impulsando unha maior e mellor participación das mulleres en todos os ámbitos sociais e profesionais e nos procesos de toma de decisións.
- Erradicar a violencia de xénero en calquera das súas modalidades e consecuencias articulando unha resposta global e coordinada.
- Garantir a igualdade de oportunidades e o acceso ao mercado laboral e aos servizos públicos da poboación retornada e inmigrante.
- Mellorar a cobertura socioasistencial á emigración galega e á poboación retornada e inmigrante.
- Facilitar o retorno orientado e amparado a Galicia de galegos e galegas no exterior, persoas de segunda e terceira xeración que poidan asentarse en Galicia.
- Vender un modo de vida galego, para posicionar Galicia como lugar atraínte para residir e traballar.

- **PA.4.3. Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía**

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

- Estimular a produción cultural e a súa distribución, apoiando a innovación cultural e a transversalidade da creatividade nos sectores produtivos, facilitando o acceso á cultura da cidadanía e avanzando na súa proxección exterior e internacionalización.
- Apoiar á industria de contidos culturais, dende a artesanía ata o audiovisual, para que aproveite as oportunidades que ofrece un mercado global e dixitalizado.
- Fortalecer a programación e os servizos dispoñibles nas bibliotecas, arquivos, museos e centros de interpretación, para lograr a participación activa da cidadanía como usuaria destes servizos e como consumidora dunha oferta cultural de calidade.
- Protexer, conservar, poñer en valor e difundir o patrimonio cultural de Galicia como un recurso vivo, accesible e interesante para os nosos cidadáns e visitantes.
- Fomentar e difundir o uso do galego nos diferentes sectores da sociedade, principalmente nos considerados prioritarios e estratéxicos, e desenvolver actividades de formación do galego. Desenvolver políticas lingüísticas eficaces destinadas a conseguir que a cidadanía teña garantida a posibilidade de vivir en galego en todos os ámbitos.

- **PA.4.4. Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servizos no territorio baixo o concepto de cidade única**

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

- Implementar modelos de negocio e desenvolvemento que fomenten a diversificación dos nichos de mercado laboral rural. Favorecer o desenvolvemento dun tecido agroindustrial, co impulso de actividades ligadas ao I+D+i e facilidades para a súa implantación. Impulsar e facilitar unha formación e profesionalización adecuadas ás necesidades dos novos.
- Favorecer a conectividade TIC necesaria para garantir a vertebración dixital do territorio de xeito seguro e sostible. Posta en marcha da plataforma Galicia territorio intelixente, que consolide en base cartográfica única toda a información en tempo real xerada a través das redes de sensorización, captación de imaxes e outras fontes de datos,

- Ordenación urbanística do territorio galego respectando a paisaxe de Galicia e potenciando os valores naturais da mesma. Mellorar a información cartográfica e desenvolver as directrices de ordenación do territorio
- Impulsar a planificación integrada das políticas e servizos territoriais e de xeito coordinado entre as diferentes competencias e administracións.
- Fomentar solo empresarial accesible mediante distintas fórmulas e acorde cos plans territoriais, os condicionamentos loxísticos e a demanda en cada territorio, así como a creación de reservas de solo estratéxicas con destino á implantación de iniciativas empresariais en Galicia.
- Mellora da gobernanza municipal e da cooperación intermunicipal de cara á maior eficiencia na prestación dos servizos públicos básicos.


Na seguinte táboa detállase o gasto orzamentario de 2024 neste eixe por prioridade de actuación.

Cadro 7. Distribución do orzamento 2024 por prioridades de actuacións do eixe 4

E4. Cohesión social e territorial	Importe	% total	% eixe
PA.4.1. Promover unha educación inclusiva e de calidade	2.820.796.051	21,3	70,2
PA.4.2. Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante	1.007.501.437	7,6	25,1
PA.4.3. Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía	119.265.018	0,9	3,0
PA.4.4. Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servizos no territorio baixo o concepto de cidade única	69.432.946	0,5	1,7
Total	4.016.995.452	30,3	100,0

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Gráfico 5. Distribución do orzamento 2024 por prioridades de actuacións do eixe 4



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

EIXE 5 GOBERNANZA

Unha administración pública orientada a resultados e aliñada cos obxectivos do plan é fundamental para o seu desenvolvemento con éxito. A mellora da xestión remata coa rendición de contas, a transparencia e a avaliación de políticas públicas.

Para iso, resulta necesario avanzar no proceso de modernización da función pública, que tamén se verá afectada pola situación demográfica, polo que debe adaptarse ás novas necesidades e disponibilidades dun persoal que estará mellor formado, debendo aproveitar as oportunidades que ofrece a dixitalización. É preciso, así mesmo, seguir a garantir a sustentabilidade das finanzas autonómicas a medio prazo nun contexto extraordinariamente condicionado polas consecuencias da crise sanitaria, que permitan achegar os recursos precisos para financiar os servizos públicos de calidade e as políticas de apoio competencia das administracións.

Para acadar este obxectivo, os orzamentos de 2024 programan investimentos nas seguintes prioridades de actuación:

- **PA.5.1. Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planifi-**

cación e a avaliación das políticas públicas. Empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

- Avanzar cara unha administración que aposte por unha revisión da súa función pública, baseada na estratexia, na planificación e na profesionalidade.
 - Basear a cobertura de necesidades de recursos humanos na administración na procura do suficiente equilibrio entre a captación de talento novo e externo e o impulso da carreira profesional.
 - Determinar as necesidades de selección e renovación do persoal na cobertura de vacantes e especialmente en elementos cualitativos, como as cargas de traballo, as necesidades funcionais e os novos perfís profesionais.
 - Adaptar a actual estrutura da función pública aos retos dunha administración máis dixitalizada e baseada na análise, que afronte o cambio da automatización de procesos para afondar na procura e avaliación de novas necesidades públicas.
 - Circunscribir a feitos excepcionais os contratos de duración determinada derivados de circunstancias previsibles ou imprevisibles, fornecendo un sistema de cobertura máis áxil e unha adaptación flexible das estruturas organizativas ás necesidades do servizo público.
 - Implantar e consolidar un sistema que valore o traballo por obxectivos e por proxectos, que permita medir o traballo realizado e analizar, a partir da métrica, o cumprimento dos obxectivos das políticas públicas, que facilite a avaliación das mesmas e a rendición de contas.
 - Acadar unha maior profesionalización do persoal ao servizo das Administracións públicas, impartindo unha formación de calidade e promovendo a formación continuada ao longo da vida profesional dos empregados públicos. Fomentar a formación e a práctica nas competencias e habilidades transversais, en especial as directivas e as especializadas.
- **PA.5.2. Unhas finanzas sustentables para un crecemento san**

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:

- Impulsar a racionalización e eficiencia no gasto público, seguir a xestionar os recursos públicos con criterios de eficacia e economía, aplicando políticas de revisión do gasto para garantir a sustentabilidade do mesmo.

- Continuar o desenvolvemento dos procesos de dixitalización xa iniciados, que permitan detectar brechas de ineficiencia con máis criterio e celeridade.
 - Revisión da aliñación dos programas orzamentarios cos obxectivos estratéxicos e indicadores do PEG, o que servirá de apoio a un sistema de xestión orientado a resultados.
 - Renovar e mellorar as infraestruturas públicas con criterios de eficiencia enerxética, co obxecto de mellorar a calidade dos servizos públicos reducindo o custe de funcionamento.
 - Administrar os recursos públicos de forma eficaz e eficiente, mediante unhas finanzas sostibles que se manteñan nuns niveis de débeda nos mellores dentro das CCAA, e financiados cun sistema tributario estable, competitivo e que reverte á cidadanía a boa xestión en forma de rebaixas tributarias, en función das posibilidades de cada conxuntura.
 - O sistema de financiamento debe ser o elemento de peche que garanta a suficiencia financeira para impulsar as políticas de gasto que posibiliten a consecución dos obxectivos estratéxicos e, por tanto, o exercicio do autogoberno.
 - Fomentar a concienciación e sensibilización para lograr que se asimile a responsabilidade fiscal como un valor de conciencia social e de respecto polos servizos públicos.
 - Promover o cumprimento adecuado das obrigacións tributarias, achegar seguridade xurídica e económica ás operacións, e reducir a litixiosidade.
 - Avanzar na colaboración con outras administracións públicas, con entidades privadas ou con institucións ou organizacións representativas de sectores ou intereses sociais, laborais, empresariais ou profesionais, e, especificamente, co obxecto de facilitar o desenvolvemento do seu labor para potenciar o cumprimento cooperativo das obrigacións tributarias, cos colexios e asociacións de profesionais da asesoría fiscal.
- **PA.5.3 Reforzo do autogoberno e coordinación interadministrativa.**
- Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación:
- Mellorar e consolidar a integración de recursos gobernamentais de información e procesos, e por tanto a interoperación de sistemas de información interdependentes.
 - Estruturar e mellorar os servizos públicos con rutas interinstitucionais apoiadas en tecnoloxías dixitais, a partir da reutilización de datos.
 - Impulsar unha gobernanza do dato transversal, para xestionar de forma eficiente e efectiva a información, logrando con iso realizar unha mellor toma de decisións.

- Dispoñer dunha visión integral e integrada naquelas actuacións dirixidas a determinados segmentos de poboación considerados como prioritarios polo conxunto das administracións públicas.
- Impulsar unha maior horizontalidade entre as administracións públicas que permita a transferencia do coñecemento e a aprendizaxe mutua.
- Impulsar a coordinación e canalización das actividades da Xunta en relación coas iniciativas de control e impulso do Parlamento de Galicia e as relacións institucionais coa administración xeral do Estado e a cooperación horizontal coas demais comunidades autónomas.
- Reforzar a coordinación das actuacións dos distintos departamentos da Xunta.
- Fortalecer a acción exterior de Galicia, especialmente nas relacións coa Unión Europea e na cooperación transfronteiriza.
- Mellorar a coordinación e colaboración das diferentes administracións, impulsando a xestión de proxectos compartidos e o despregamento de infraestruturas de servizos de usos múltiples que revertan o despoboamento rural.


Na seguinte táboa detállase o gasto orzamentario de 2024 neste eixe por prioridade de actuación.

Cadro 8. Distribución do orzamento 2024 por prioridades de actuacións do eixe 5

E5. Gobernanza	Importe	% total	% eixe
PA.5.1. Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas. Empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade	299.840.491	2,3	38,1
PA.5.2. Unhas finanzas sustentables para un crecemento san	286.708.076	2,2	36,4
PA.5.3 Reforzo do autogoberno e coordinación interadministrativa			
Total	787.837.806	5,9	100,0

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Gráfico 6. Distribución do orzamento 2024 por prioridades de actuacións do eixe 5



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

IV.4. NEXT GENERATION EU.

Cun orzamento de 806.900 millóns de euros (M€), os fondos de recuperación NGEU están a axudar a reparar os danos económicos e sociais causados pola pandemia de coronavirus e construír unha UE post-COVID-19 máis verde, máis dixital, máis resistente e mellor adaptada aos retos actuais e futuros.

O núcleo de NGEU é o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR ou Mecanismo), un fondo para proporcionar subvencións e préstamos para apoiar reformas e investimentos nos Estados membros da UE, cuns recursos financeiros de 723.800 M€, dos cales 338.000 constituiranse como transferencias non reembolsables e 385.800 destinaranse a proporcionar préstamos aos Estados membros en condicións favorables, que serán reembolsados por eles.

Ademais, NGEU reforza varios programas e políticas da UE do seguinte xeito:

Á Política de Cohesión a través de REACT-EU con 50.620 M€, no marco da axuda á recuperación para a cohesión e os territorios de Europa, prestando asistencia para favorecer a reparación a curto prazo da crise, no contexto da pandemia de COVID-19, e as súas

consecuencias sociais, así como para preparar unha recuperación verde, dixital e resiliente da economía. Do importe asignado a España, lixeiramente por enriba dos 14.500 M€, 10.000 se distribuíron entre as CC.AA. para xestionalos nos programas operativos FEDER e FSE rexionais, mentres que o resto xestiónase polo Ministerio de Sanidade no programa plurirrexional de España, fundamentalmente para financiar a adquisición de vacinas. Galicia xestionou 441 millóns de EUR, o 79% no Programa FEDER Galicia 2014-2020 e o 21% restante no Programa FSE Galicia 2014-2020;

Ao Fondo de Transición xusta (FTX) con 10.868 millóns de euros, co obxectivo de prestar apoio aos territorios que se enfrontan a retos socioeconómicos graves derivados do proceso de transición á neutralidade climática e contribuír á aplicación do Pacto Verde Europeo, cuxo obxectivo é lograr unha Unión climaticamente neutra de aquí a 2050. O Programa de Transición xusta de España ascende a 873 M€, dos que 111 millóns corresponden á prioridade da provincia da Coruña;

Ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural (FEADER) con 8.070 millóns de euros, para seguir apoiando aos agricultores;

Ao programa InvestEU con 6.074 millóns de euros, para apoiar os esforzos investidores das empresas;

Ao programa de Protección Civil da UE (rescEU) con 2.000 millóns de euros, para reforzar a capacidade de responder a gran escala ás emerxencias derivadas de catástrofes naturais;

Ao programa marco de investigación e innovación Horizonte Europa con 5.412 millóns de euros, para asegurarse que a UE ten a capacidade de financiar a excelencia na investigación.

Para financiar NGEU, a UE tomará préstamos nos mercados. O reembolso realizárase durante un período a longo prazo, ata 2058. Este calendario trata de evitar a presión inmediata sobre as finanzas dos Estados membros e permítelles centrar os seus esforzos na recuperación.

○ Mecanismo de Recuperación e Resiliencia

○ Mecanismo establécese no Regulamento (UE) 2021/241 e o seu obxectivo xeral é lograr unha recuperación sustentable e resiliente, á vez que se promoven as prioridades ecolóxicas e dixitais da UE, contribuíndo á aplicación do pilar europeo de dereitos sociais e contribuíndo á autonomía estratéxica da Unión xunto cunha economía aberta e xerando valor engadido europeo.

○ O ámbito de aplicación do Mecanismo inclúe prioridades da UE estruturadas en seis piares:

1. transición ecolóxica;

2. transformación dixital;

3. crecemento intelixente, sustentable e integrador, que inclúa a cohesión económica, o emprego, a produtividade, a competitividade, a investigación, o desenvolvemento e a innovación, e un mercado interior que funcione correctamente con PEMES sólidas;

4. cohesión social e territorial;

5. saúde e resiliencia económica, social e institucional, con obxecto, entre outros, de aumentar a preparación e capacidade de reacción ante as crises; e

6. políticas para a próxima xeración, a infancia e a mocidade, tales como a educación e o desenvolvemento de capacidades.

Os fondos do Mecanismo estanse a desenvolver segundo os Plans nacionais de recuperación e resiliencia elaborados por cada Estado membro, en colaboración coa Comisión Europea, e en liña coa asignación financeira establecida.

O método de reparto por Estado membro dos recursos do Mecanismo correspondentes a transferencias non reembolsables, ten en conta variables como a poboación, a inversa do PIB per cápita, a taxa media de desemprego dos últimos cinco anos en comparación coa media da Unión no período 2015-2019 e a caída do PIB real en 2020 e 2021. Así, trala revisión dos indicadores realizada pola Comisión o 30 de xuño de 2022, a España correspóndelle unha asignación de 77.234 millóns de EUR a prezos correntes (7.706 M€ máis que na asignación inicial), o 22,9% do total, para financiar as inversións e reformas incluídas no Plan Nacional de Recuperación, Transformación e Resiliencia elaborado polo Goberno de España e aprobado pola Comisión Europea en xuño de 2021.

España e, en xeral, os países do sur da Unión Europea son os maiores perceptores dos recursos do Mecanismo, debido fundamentalmente á maior caída no PIB e aos maiores niveis de desemprego que presentan.

O pasado 6 de xuño o Goberno central presentou en Bruxelas o documento da Addenda, que a Comisión Europea aprobou o día 2 de outubro de 2023 e foi ratificada polo ECOFIN (Consello de Ministros de Finanzas da UE) o 17 de outubro. A addenda é o documento que permitirá o despregamento da segunda fase do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e que permitirá mobilizar a totalidade de recursos asignados a España dos fondos Next Generation EU, permitirá consolidar a reindustrialización estratéxica do país mediante a mobilización de:

Máis de 10.300 millóns de euros de transferencias adicionais (7.701 millóns do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e máis de 2.600 millóns de euros do programa REPowerEU).

Ata 83.000 millóns de euros en préstamos, canalizados a través de liñas e fondos de financiamento definidos na Addenda beneficiarán ás empresas e autónomos.

- a. Liña ICO-Verde (22.000 M€)
- b. Liña de promoción de Vivenda social en alugueiro (4.000 M€)
- c. Fondo Spain Audiovisual Hub (1.500 M€)
- d. Fondo para escalar start ups tecnolóxicas (Next Tech) (4.000 M€)
- e. Liña ICO-Empresas e emprendedores (8.000 M€)
- f. Fondo de Resiliencia autonómica (20.000 M€)
- g. Fondo de coinvestimento (2.000 M€)
- h. Fondo de recapitalización de empresas afectadas pola Covid (1.020 M€)
- i. Instrumento de ciberresiliencia e seguridade (2.157 M€)
- j. Instrumento de apoio á financiamento de PEMEs (913 M€)
- k. Fondo de impacto social (400 M€)
- l. Fondo de incentivos fiscais (480 M€)

Con iso, o Plan de Recuperación poderá mobilizar ao redor de 160.000 millóns de euros en transferencias e préstamos no período 2021-2026.

Estes recursos supoñen máis dun 12% do PIB, aos que se unirán o resto de investimentos previstos no Marco Financeiro Plurianual 2021-2027, incluíndo 36.000 millóns de euros de fondos estruturais.

A addenda ao Plan de Recuperación recolle: 42 novas medidas de investimento e reforma. O reforzo de 17 investimentos e 8 reformas do Plan de Recuperación inicial. Tamén inclúese un novo compoñente, o 31^a constituído para abordar o RePower EU, confórmano 2 reformas e 6 investimentos. Todo iso para incrementar a seguridade e a autonomía estratéxica nos ámbitos: enerxético, agroalimentario, da auga, industrial, tecnolóxico e dixital, que se encadran nos seis alicerces do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

Coa aprobación da Addenda e, por conseguinte, a posta en marcha da segunda fase do Plan de Recuperación, actualízase o calendario de desembolsos, que inclúe transferencias adicionais e préstamos, así como os fitos e obxectivos asociados, co fin de manter o ritmo de investimento nos próximos anos.

Co novo calendario, España poderá recibir 7 próximos desembolsos e unha prefianciación duns 1.400 millóns de euros asociada ao capítulo REPowerEU. Nese sentido, podería recibir, entre transferencias e préstamos:

Ata 25.600 millóns de euros en 2024.

Ata 44.600 millóns de euros en 2025.

Ata 44.300 millóns de euros en 2026.

A estrutura do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) de España é de 4 eixos transversais:



Transición ecolóxica



Transformación dixital



Cohesión social e territorial



Igualdade de xénero

Estes 4 eixos orientan as 10 políticas panca que incidirán directamente naqueles sectores produtivos con maior capacidade de transformación do tecido económico e social. Á súa vez, as 10 políticas panca integran 31 compoñentes que permiten articular un programa para a modernización e transformación do país.

O eixo da transición ecolóxica reforza a inversión pública e privada para reorientar o modelo produtivo, impulsando a transición verde, a descarbonización, a eficiencia enerxética, o despregamento das enerxías renovables, a electrificación da mobilidade, o desenvolvemento do almacenamento de enerxía, a economía circular, as solucións baseadas na natureza e a mellora da resiliencia de todos os sectores económicos.

Neste primeiro eixo encádrase, entre outros, o Programa de incentivos para a implantación de instalacións de enerxías renovables térmicas en distintos sectores da economía, que leva a cabo o INEGA (Instituto Enerxético de Galicia) na nosa Comunidade Autónoma. O dito programa pretende desenvolver o uso de enerxías renovables (biomasa, hidrotermia, aerotermia...) nos sectores industrial, agropecuario, servizos e administracións públicas, no marco dos obxectivos perseguidos polo PRTR, polo Plan nacional integrado de enerxía e clima (PNIEC) 2021-2030 e pola Directiva (UE) 2018/2001, así como levar á

práctica a Estratexia de descarbonización ao longo prazo para mobilizar investimentos na implantación de tecnoloxías limpas, baseadas en fontes renovables.

O eixo da transformación dixital, en liña coa estratexia dixital europea e a Axenda España Dixital 2025, establece a folia de ruta para acelerar unha transición dixital humanista e inclusiva. Dada a súa natureza transversal, a transformación dixital despregarase a través do conxunto do Plan, pero o compoñente 15 contribúe nun 100% á transición dixital. Este compoñente entronca directamente con “Connect”, unha das 7 áreas emblemáticas que sinalaba a UE como ámbitos esenciais aos que animaba a dirixir as reformas e investimentos dos Estados membros.

O compoñente 11 ten como obxectivo a modernización das Administracións Públicas aliñado coa Estratexia Galicia Dixital 2030, a cal define un marco de actuación común que facilite a acción das tres administracións (nacional, autonómica e local) nun mesmo territorio de forma complementaria, buscando sinerxías e a suma de esforzos para consolidar a transición dixital da nosa Comunidade, que se presenta coma un dos principais motores de crecemento e transformación económica nos vindeiros anos, particularmente en termos de produtividade e emprego. A iso contribuirán proxectos como o RETECH de Redes Territoriais de Especialización Tecnolóxica.

Os principais retos do compoñente 15 do PRTR relaciónanse coa mitigación dos fallos de mercado para estender a cobertura de redes de telecomunicacións ultrarrápidas en todo o territorio, particularmente nas zonas rurais e zonas estratéxicas, contribuindo a pechar as actuais fendas dixitais, sociais, económicas, de xénero e territoriais. Con este ambicioso obxectivo, lévanse a cabo diversas actuacións como as desenvolvidas pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) para o reforzo da conectividade en polígonos industriais e centros loxísticos e os bonos dixitais para colectivos en situación de vulnerabilidade

O terceiro eixo promociona a cohesión social e territorial de España, mediante o reforzo do Estado do benestar, do sistema educativo, do impulso do emprego de calidade, un sistema fiscal xusto, e con medidas especificamente orientadas a abordar o reto demográfico e a brindar oportunidades ás próximas xeracións.

Para brindar as anteditas oportunidades e diminuír a desigualdade da renda e as taxas de pobreza extrema e moderada, impulsouse, entre outras medidas, un proxecto piloto innovador consistente nun itinerario de inclusión social e a súa avaliación, no marco do investimento C23.17 do PRTR. Trátase dun proxecto piloto para abordar a pobreza infantil e mellorar os niveis de inclusión social das familias con menores de 18 anos perceptoras do Ingreso Mínimo Vital e da RISGA (Renda de Inclusión Social de Galicia), especialmente daquelas en contextos urbanos desfavorecidos e en áreas rurais en exclusión territorial.

A igualdade de xénero tamén se erixe nun eixo central do PRTR, co fin de compensar o impacto diferencial da pandemia e lograr un crecemento máis inclusivo e sostible dende o punto de vista social. Este eixo céntrase na igualdade de xénero, especialmente a través de medidas transversais orientadas a elevar a taxa de emprego feminino, a mellorar, fortalecer e reorganizar o sistema de coidados de longa duración, a elevar o potencial educativo, a igualdade de oportunidades e a reducir a fenda dixital.

As medidas que impactan sobre a igualdade de xénero están distribuídas ao longo dos distintos compoñentes do Plan, como corresponde a un eixo de natureza transversal, pero ademais están previstas medidas específicas de gran impacto que se probaron especialmente útiles para reducir a desigualdade entre homes e mulleres. Entre as medidas que provocan un impacto directo na redución da fenda de xénero: o Plan de competencias dixitais (C19), o Plan de choque para a economía dos coidados e reforzo das políticas de inclusión (C22) ou as políticas para un mercado de traballo dinámico, resiliente e inclusivo (C23).

Os instrumentos para a asignación e distribucións dos fondos entre os diferentes niveis de goberno son os seguintes:

A través das Conferencias Sectoriais, onde en reunións coas consellerías os Ministerios concretan os criterios de distribución, as anualidades, os fitos e obxectivos, as actuacións a realizar e os gastos elixibles co Mecanismo.

O Plan de Recuperación está deseñado desde unha perspectiva nacional e sen embargo debería ter en conta as particularidades e a realidade socioeconómica de cada Comunidade Autónoma. Así, sería preciso que o financiamento dos principais proxectos tractores galegos respondan a unha estratexia rexional para garantir a súa viabilidade.







Deste xeito, debemos axustar os proxectos ao territorio, pois a estrutura produtiva non é uniforme e as iniciativas estratéxicas de cada Comunidade Autónoma atenden a necesidades distintas. A isto súmase que as reparticións en conferencia sectorial seguen distintos modelos, cada un cunha lóxica diferente.







Por outra parte, falta un escenario plurianual que nos permita coñecer con antelación os recursos e facilitar, deste xeito, a súa execución, todo isto asociado a que non houbo unha planificación consensuada e que non se está cumprindo o principio de subsidiariedade.

E, ademais, existe un excesivo carácter finalista das transferencias recibidas, sen ter en conta os distintos estados de madurez dos distintos territorios.

En canto aos Proxectos Estratéxicos para a Recuperación e Transformación Económica (PERTEs), definidos no artigo 8 do RD 36/2020 como proxectos de carácter estratéxico con gran capacidade de arrastre para o crecemento económico, o emprego e a competitividade da economía española. Desde que o Consello de Ministros aprobara

o primeiro PERTE en xullo de 2021, aprobáronse un total de 12 cunha dotación total anunciada que ascende a máis de 41.000 millóns de inversión pública Addenda incluída.

PERTE	 PERTE CHIP	 PERTE ERHA	 PERTE VEC	 PERTE DESCARBONIZACIÓN INDUSTRIAL	 PERTE DIXITALIZACIÓN DO CICLO DA AUGA	 PERTE ECONOMÍA SOCIAL DOS COIDADOS
FINALIDADE	Fabricación e I+D en industria de microelectrónica e semicondutores	Autoconsumo, cadea de valor de hidróxeno renovable e eficiencia enerxética	Competitividade e sostibilidade industrial do sector do automóbil	Descarbonización da industria manufacturera e gasintensiva	Dixitalización do ciclo da auga en municipios, comunidades de regantes e sector industrial	Reforzo das inversións na nova economía dos coidados
Fase 1ª	275	6.600	2.870	450	430	766
Addenda	1.225	4.197	250	1.020	1.250	1.000
Total	1.500	10.797	3.120	1.470	1.680	1.766

PERTE	 PERTE SAÚDE DE VANGUARDIA	 PERTE CADUSA AGROALIMENTARIA	 PERTE NOVA ECONOMÍA DA LINGUA	 PERTE AEROSPACIAL	 PERTE ECONOMÍA CIRCULAR	 PERTE NAVAL
FINALIDADE	Atención dixital personalizada, I+D sanitario, formación de profesionais sanitarios	Mellora da eficiencia e sostibilidade en regadíos	Actuación integral para a diversificación do sector, a súa sostibilidade e dixitalización	Eficiencia enerxética, dixitalización e modernización do sector aeronáutico	Accións en sectores clave, téxtil, agroalimentario, plásticos e bens de equipo en enerxías renovables	Actuación integral para a diversificación do sector, a súa sostibilidade e dixitalización
Fase 1ª	810	747	324	591	192	150
Addenda	500	150	-	100	600	-
Total	1.310	897	324	691	792	150

Os Ministerios e Comunidades Autónomas elaborarán e publicarán convocatorias e licitacións para executar os fondos que teñen asignados. Así, no Real Decreto 36/2020 aprobáronse medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Da distribución financeira por compoñente ás CC.AA., obsérvase que os investimentos principais do PRTR son aqueles relacionados coa mobilidade sostible, a eficiencia enerxética, a renovación e ampliación das capacidades do Sistema de Saúde, o impulso da Formación Profesional, a economía dos coidados e o reforzo da inclusión social, as políticas do mercado de traballo e a dixitalización, xa sexa para a cidadanía ou para as Administracións Públicas.

Os datos máis recentes de mediados de setembro de 2023, indican que a asignación de fondos á CA de Galicia ascende a 1.421 millóns de euros (M€), o 5,8% do total asignado ás CC.AA.

O importe total de ingresos recibidos a outubro ascende a 1.339 M€, correspondentes a transferencias derivadas das conferencias sectoriais e dos acordos de reparto da Administración do Estado.

No ano 2021 materializáronse gastos por un importe de 18,8 M€ e no ano 2022 xa se incluíu nos orzamentos iniciais un importante volume de actuacións cun importe que ascende aos 507,7 M€, acadándose un gasto comprometido do 62% e un gasto executado do 33%.

Neste ano 2023 o Goberno galego leva adxudicado ata o momento o 80% dos 527 millóns de euros dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) previstos no orzamento inicial para 2023, é dicir, 416 M€, aos que hai que engadir 98 M€ de adxudicación de gasto a cargo de exercicios futuros.

Segundo se recolle nos sistemas contables a finais de setembro, os gastos autorizados no exercicio ascenden a 552 M€, que sumados coas autorizacións de exercicios futuros acada un importe de 825,5 M€. Os compromisos adquiridos no exercicio acadan os 411,8 M€, que sumados aos compromisos de exercicios futuros acadan os 509,9 M€.

O importe acumulado das convocatorias e licitacións publicadas do MRR a finais de setembro elévase a 1.013 M€, das que se adxudicaron o 69,2% (701 M€).

IV.5. ALIÑAMENTO DOS ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA COS OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE

No exercicio 2021 presentouse por primeira vez a vinculación dos Orzamentos da Comunidade Autónoma aos 17 obxectivos de desenvolvemento sustentable da Axenda 2030. Continuando coa labor iniciada no 2021, incorpórase de novo aos orzamentos do ano 2024 un informe de aliñamento, que permite valorar como contribuirán as partidas orzamentarias á consecución dos obxectivos marcados polas Nacións Unidas.

Ilustración 1. Obxectivos de desenvolvemento sustentable definidos por Nacións Unidas



Fonte: Nacións Unidas

O principal obxectivo do informe é reflectir a relación entre os 17 ODS e as políticas e programas orzamentarios previstos nos Orzamentos Xerais da Comunidade autónoma de Galicia para o ano 2024.


O Informe circunscríbese ás entidades con orzamento limitativo e refírese aos estados de gastos dos Orzamentos consolidados. Ademais, realízase en termos de políticas e programas de gasto.

Para determinar o grao de contribución de cada política de gasto no logro dos ODS, identificáronse en primeiro lugar os ODS que teñen unha relación directa coas actuacións contempladas dentro de cada unha das políticas. Para o citado análise identificamos as políticas de gasto coas prioridades de actuación que recolle o Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030; e o nivel de análise levouse a cabo ao detalle de proxecto, observando a conexión das actuacións de cada un deles coas metas específicas recollidas en cada ODS. En concreto, levouse a cabo o aliñamento de máis de 2.480 proxectos, recollidos en 113 programas de gasto, clasificados á súa vez nas 21 prioridades de actuación do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030.

Para facilitar o análise, os resultados se amosan tendo en conta os tres alicerces que sustentan o Desenvolvemento Sustentable, que son: o crecemento económico inclusivo, o benestar e xustiza social e a protección do medio ambiente. Estes tres alicerces enmárcanse ademais nunha dimensión institucional, configurada como elemento de cohesión que posibilita o desenvolvemento das políticas orientadas ao logro dos obxectivos da Axenda 2030.

Cada unha das dimensións concentra por tanto varios ODS dos 17 previstos da Axenda 2030.

Ilustración 2. Dimensións diferenciadas dentro do conxunto dos ODS



Fonte: Nacións Unidas


Unha vez diferenciadas as catro dimensións fundamentais nas que se basea o desenvolvemento sustentable, lévase a cabo unha análise de cada unha delas, amosando as prioridades de actuación e os programas de gasto vinculados a cada unha, cos seus importes correspondentes.

No informe completo de aliñamento, dentro da análise de cada dimensión, realízase unha avaliación máis detallada de cada un dos ODS, tendo en conta as principais metas que establecen as Nacións Unidas para a consecución dos obxectivos, así como un pequeno diagnóstico da situación actual de Galicia en cada ámbito de actuación.

No que se refire aos principais resultados, o **93% do orzamento está aliñado cos ODS**, un 70% na dimensión social, un 13% na económica, o 8% na medioambiental e un 2% na institucional.

Cadro 9: Alíñamento dos orzamentos 2024 coas dimensións da Axenda 2030

	2024	% sobre o total
Dimensión Social	9.307.329.676	70%
Dimensión económica	1.665.426.786	13%
Dimensión medioambiental	1.028.181.783	8%
Dimensión institucional	282.324.680	2%
Non aliñado	973.548.433	7%
	13.256.811.357	



■ Dimensión Social ■ Dimensión económica
■ Dimensión medioambiental ■ Dimensión institucional

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Se temos en conta cada un dos ODS, o reparto do orzamento quedaría da seguinte maneira:

Cadro 10: Reparto do orzamento de 2024 entre os 17 ODS

	Obxectivos de desenvolvemento sustentable	Orzamento 2024	% sobre o total
	1. Fin da pobreza	67.272.760	0,5%
	2. Fame cero, nutrición e agricultura sustentable	112.319.799	0,8%
	3. Vida saudable e benestar	5.217.413.161	39,4%
	4. Educación de calidade	2.918.409.373	22,0%
	5. Igualdade de xénero	56.004.907	0,4%
	6. Auga limpa e saneamento	18.430.466	0,1%
	7. Enerxía asequible e sustentable	94.586.908	0,7%
	8. Traballo decente e crecemento económico	856.964.081	6,5%
	9. Industria, innovación e infraestruturas	808.462.705	6,1%
	10. Redución das desigualdades	935.909.678	7,1%
	11. Cidades e comunidades sustentables	448.807.147	3,4%
	12. Produción e consumo responsables	29.842.189	0,2%
	13. Acción polo clima	186.956.254	1,4%
	14. Vida submarina	82.630.387	0,6%
	15. Vida dos ecosistemas terrestres	166.928.432	1,3%
	16. Paz, xustiza e institucións sólidas	271.618.389	2,0%
	17. Alianzas para cumprir os obxectivos	10.706.291	0,1%
	Non aliñado	973.548.433	7,3%
	Total	13.256.811.357	

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

O ODS 3, relacionado coa vida saudable e o benestar, é o ODS que concentra a maior contía respecto do total (máis dun 39%), seguido polo ODS 4 relacionado coa educación e a formación (máis dun 22%), ambos ODS pertencentes á dimensión social.

A información máis detallada pode consultarse no Informe completo de “Aliñamento dos Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia coa Axenda 2030”.



ORZAMENTOS XERAIS DE GALICIA PARA O EXERCICIO 2024

V. ORZAMENTOS XERAIS DE GALICIA PARA O EXERCICIO 2024

V.1. Evolución das Fontes de financiación.

Unha vez superado o período extraordinario da pandemia que xustificou a suspensión das regras fiscais en aplicación da “cláusula xeral de salvagarda” do Pacto de Estabilidade e Crecemento a partir do ano 2024 retómanse a aplicación das regras fiscais.

Non obstante, e a pesar de que o artigo 15.1 da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Presupuestaria e Sustentabilidade Financeira dispón que: “En el primer semestre de cada año, el Gobierno, mediante acuerdo del Consejo de Ministros, a propuesta del Ministro de Hacienda y Administraciones Públicas y previo informe del Consejo de Política Fiscal y Financiera de las Comunidades Autónomas (...), fijará los objetivos de estabilidad presupuestaria, (...), y el objetivo de deuda pública...” non se ten reunido o Consello de Política Fiscal e Financeira no que se acordan os ditos obxectivos.

En canto ao obxectivo de déficit tómase a decisión de non recorrer ao endebedamento como fonte de financiamento (agás o importe derivado do reintegro das liquidacións negativas dos anos 2008 e 2009) en liña co remitido polo Goberno de España ás institucións europeas na Actualización do Programa de Estabilidade 2023-2026 en abril do ano 2023, que fixaba un obxectivo de déficit para o conxunto das CCAA dun 0%.


Ademais tampouco se ten recibido a comunicación dos ingresos do sistema financiamento autonómico para o vindeiro exercicio, o que introduce grandes incertezas na elaboración das contas do ano 2024.

V.1.1. Evolución dos ingresos tributarios

No que atinxe aos ingresos tributarios os recursos proporcionados polo sistema de financiamento autonómico presentan un forte crecemento, debido fundamentalmente á importante liquidación do ano 2022 que se estima recibir no ano 2024. Sen embargo, o importe dos tributos cedidos xestionados pola Xunta, dos cedidos non xestionados, dos tributos propios, dos prezos públicos e privados diminúen nun -3,7% respecto aos orzamentos do ano 2023, debido en parte aos novos beneficios fiscais.

En total os ingresos dos capítulos I, II e III aumentan nun 5,4%. No seguinte gráfico pode verse a evolución dos ditos ingresos desde o ano 2018.

Gráfica I. Ingresos Tributarios



Como xa se comentou, ante a falta de comunicación por parte do Ministerio de Hacienda dos recursos do sistema de financiamento autonómico, realizouse unha estimación prudente polos servizos da Consellería de Facenda e Administración Pública.

No que atinxe ás entregas a conta, efectúase unha previsión prudente das mesmas acadando unha variación porcentual dun 3,8%. A medidas constantes, e tendo en conta as elasticidades e a análise macroeconómica contida na primeira parte deste informe, elaboráronse tres escenarios de estimación das entregas a conta para o ano 2024, sendo o escenario intermedio o que se está a ter en conta.

En canto á liquidación do ano 2022 a estimación provisional efectuada por esta comunidade, tamén ante a falta de comunicación do seu importe polo Ministerio de Hacienda e Función Pública, é dunha liquidación positiva por importe de 1.167 M€, motivada polo bo comportamento da recadación tributaria moi por riba do estimado inicialmente, determinante de importantes liquidacións positivas dos distintos recursos do modelo, agás os correspondentes aos IIEE de fabricación que sofren liquidacións negativas.

Cadro I. Recursos SFA 2023-24

Millóns de euros				
FONTES FINANCIAMENTO	Orzamento	Límite de Gasto	Variación	
	2023	2024	Absoluta	%
Recursos Sistema Financiamento	9.402	10.206	804	8,6%
- Entregas a conta	8.788	9.123	335	3,8%
- Liquidación ano n-2	698	1.167	469	67,2%
- Liquidacións anos 2008-2009	-85	-85	0	0,0%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública


A previsión de liquidación basease en datos publicados oficialmente. Así segundo os datos do informe de recadación anual da AEAT, a recadación total do ano 2022 por IRPF, IVE e IIEE foi de 212.304 M€, un 13,7% superior á do ano anterior (que acadou os 186.773 M€), destacando especialmente o incremento do 15,8% do IRPF e do 13,9% do IVE. Cómpre salientar como as previsións de recadación incluídas nos Orzamentos do Estado para

o ano 2022, recollían un incremento da recadación esperado do IRPF, do IVE e dos IIEE do 5,9%, do 4,3% e do 10,8% respectivamente, moi inferiores á evolución da recadación definitiva dese ano. Este exceso de recadación sobre as previsións contidas nos PGE do ano 2022, como consecuencia do esquema de funcionamento do sistema de financiamento autonómico de entregas a conta (calculadas en base a ditas previsións) e liquidación aos dous anos, determina que no ano 2024 as CCAA recibirán unha liquidación extraordinaria polo exceso de recadación xerado no ano 2022.

Neste sentido, por exemplo, as entregas a conta do ano 2022 calculáronse cun ITE do 1,3586 cando o ITE finalmente esperado para ese ano estímase que será do 1,5746.

No seguinte gráfico pode observarse a extraordinaria liquidación que se estima vai recibir Galicia no ano 2024, cun incremento esperado respecto á do ano anterior dun 67,1%, e tendo en conta que a liquidación do ano anterior xa excedía en 270,4 millóns de euros a recibida no ano 2017, que supoñía ata o ano pasado a liquidación máis alta recibida desde que entrou en vigor o vixente sistema de financiamento autonómico.

Gráfica II. Liquidacións sistema de financiamento autonómico



Respecto dos recursos propios non financeiros da comunidade autónoma nos que se inclúen os tributos cedidos xestionados pola Xunta, os cedidos non xestionados os tributos propios, os prezos públicos e privados e os ingresos patrimoniais redúcese nun 2%, motivado fundamentalmente pola redución da recadación dos tributos cedidos xestionados pola Xunta, nun 5,7%.

A súa evolución depende en gran medida da evolución dos principais tributos cedidos: o ITP-AXD, o Imposto sobre sucesións e doazóns e o Imposto sobre o Patrimonio, xa que estes 3 impostos representan máis da metade desta partida. De modo que a principal causa da redución destes recursos débese á minoración do ITP-AXD, que obedece, por unha banda, aos novos beneficios fiscais, de xeito que se minor a tributación

das transmisións de inmobles do 9 ao 8%, as de vehículos usados pasando do 8% ao 3% e establecendo un tipo do 0% para os vehículos considerados de cero emisións; e pola outra banda, á atonía do mercado inmobiliario que xa se está a producir no ano 2023, e cuxo efecto se manterá durante o ano 2024 por mor dunha esperada evolución negativa do mercado inmobiliario e dos prezos, afectado polo endurecemento das condicións financeiras das hipotecas.

Por outra parte, na análise dos recursos propios non financeiros da Comunidade Autónoma é importante salientar o impacto que ten a modificación normativa do artigo 80 do Texto Refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto Legislativo 1/1999, do 7 de outubro, introducida pola Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas. Esta modificación normativa obedeceu ás recomendacións da AIReF para garantir a homoxeneidade na análise das contas das diferentes comunidades autónomas.

Esta modificación provoca uns maiores ingresos pero que non determinarán unha maior capacidade de gasto para a comunidade, xa que, de acordo coas normas do SEC-2010, debe practicarse un axuste negativo de contabilidade nacional polo importe da recadación incerta, que é a diferenza entre o importe da recadación líquida e o importe dos dereitos recoñecidos netos, polo que en conxunto o seu impacto é neutro.

V.1.2. Evolución dos fondos finalistas e europeos

Por outra parte, as transferencias finalistas doutras administracións crecen respecto ao exercicio anterior nun 1,9% acadando os 2.201 millóns de euros no 2024 fronte os 2.159 do ano 2023. Estas proceden basicamente da Administración Xeral do Estado e dos Fondos Europeos.

No que atinxe aos fondos europeos, os orzamentos para o ano 2024 estímense en 1.288,7 o que supón un decrecemento do 7 % con respecto ao ano 2023. Isto débese fundamentalmente á desaparición no ano 2024 dos recursos adicionais procedentes do instrumento REACT-EU (Axuda á Recuperación para a Cohesión e os Territorios de Europa), que deben estar completamente executados a 31 de decembro de 2023 e que no ano 2023 acadaron os 180 millóns e a paulatina minoración dos recursos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) establecido no Regulamento (UE) 2021/241, co gallo de facer fronte aos efectos sen precedentes da crise da COVID-19.

Así mesmo, dentro dos fondos europeos, para 2024 recolle a desaparición dos fondos europeos do anterior marco 2014-2020, así como a inclusión dunha anualidade completa dos fondos do marco financeiro plurianual 21-27.

No que atinxe ao financiamento finalista do Estado, este incrementábase nun 16,8% respecto ao exercicio anterior, achegando 853,4 millóns de euros, fundamentalmente polos seguintes motivos:

Polo aumento das achegas por persoa beneficiaria do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD) derivado do “Plan de Choque para o impulso do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia” e que obedece ao aumento do número de persoas atendidas. Porén, o Estado segue lonxe de cubrir o 50% do custe da dependencia para as Comunidades autónomas ao que está obrigado pola Lei de Dependencia. Esta fenda de financiamento estase a ampliar coa recente aprobación do Real Decreto 675/2023 polo que se modifica o Real Decreto 1051/2013, de 27 de decembro, polo que se regulan as prestacións do SAAD, que obriga a reforzar os servizos e prestacións ás persoas atendidas sen chegar o financiamento adicional estatal.


Polo aumento no ámbito educativo de 22,4 millóns de euros e pola repartición dos fondos de emprego para a atención das persoas beneficiarias do Programa de Activación para o Emprego, segundo as cantidades distribuídas para Galicia segundo a Orde TES/630/2023, do 14 de xuño, pola que se distribúen territorialmente para o exercicio económico do 2023, así como tamén as achegas do Pacto pola violencia de xénero que aumentan 3 Millóns.

V.1.3. Evolución Sistema de Financiamento autonómico

Na gráfica seguinte recóllese a evolución dos ingresos do sistema de financiamento durante os anos de vixencia do actual sistema (dende 2009), unha serie longa de ingreso do sistema en termos de caixa, é dicir nas contías que foron ingreso orzamentario efectivo en cada exercicio, correspondentes á suma das entregas a conta do exercicio correspondente máis (ou menos se é negativa) a liquidación do exercicio n-2 (e dende o ano 2011 se está a reintegrar as liquidacións negativas xeradas nos exercicios 2008 e 2009).


Como pode verse o sistema non sempre evoluciona de xeito correlativo ao PIB, malia que a recadación tributaria garda unha importante correlación con este índice, a dinámica dos fondos de nivelación e as liquidacións que vencellan o peche do sistema ao exercicio n-2 distorsionan esta relación.

Gráfico II. Galicia - Ingresos do sistema de financiamento vs PIB.




Neste sentido, a pesar dos fortes incrementos do PIB nominal nos anos 2021 e 2022, como corrección ante a forte caída provocada pola pandemia, os ingresos derivados do sistema de financiamento nos ditos anos non evolucionaron do mesmo xeito, incluso diminuíron, sobre todo no ano 2022, como consecuencia da forte liquidación negativa que se recibiu no dito ano, e que no caso de Galicia finalmente foi de -392,2 millóns de euros. A dita liquidación negativa xa se anticipaba ante a intensa caída do PIB no ano 2020 e ante o mantemento dos ingresos do sistema nese ano. No ano 2024 espérase un menor incremento do PIB nominal que no trienio anterior, sen embargo, prodúcese un forte incremento dos recursos do sistema de financiamento fundamentalmente debido a forte liquidación xerada no ano 2022.

Gráfico III. Galicia - Evolución entregas a conta vs PIB nominal.



O cálculo das entregas a conta mostra un crecemento tendencial con certa relación coa evolución da economía. No que atinxe ás liquidacións, estas amosan unha evolución discordante coa do PIB do exercicio corrente, que mellora cando as comparamos co PIB do exercicio n-2 ao que fan referencia, que é o que se recolle na gráfica. A forte baixa do exercicio 2019 mostra a sensible mema da liquidación do ano 2017 pola non compensación da implantación do SII no IVE.

Gráfica IV. Evolución das liquidacións do sistema de financiamento



Aínda así, as disparidades que xorden entre as liquidacións e o PIB do exercicio n-2 derivan do acerto na estimación dos ingresos a conta e do funcionamento dos fondos de nivelación e cooperación que operan cunha lóxica diferente á evolución do PIB. Agás, a anomalía de 2019, as restantes liquidacións so se separan da evolución do PIB n-2 pola entrada de novas comunidades nos fondos de cooperación, que sobre todo durante os anos 2014 a 2018 renderon menos ao ter que repartirse entre máis beneficiarios, efecto que xa non se produce ao reducirse desde ese ano o número de beneficiarios de forma paulatina, de modo que as CCAA beneficiarias neste momento son as mesmas que no ano en que se determinaron os criterios de reparto dos ditos fondos (2009).

V.1.4. Evolución global dos ingresos.

Os ingresos totais nos Orzamentos Xerais para 2024 ascenden a 14.815,2 millóns de euros, dos que os ingresos non financeiros ascenden a 13.325,6 millóns de euros, e os ingresos financeiros a 1.489,6 millóns, segundo o seguinte detalle por capítulos:

Cadro III. Cadro de ingresos do orzamento consolidado. miles de euros

Distribución económica						
Capítulos	2023	2024	Variación 2024/2023		Valor Relativo	
			Importe	%	2023	2024
I Impostos directos	3.356.461	3.431.422	74.960	2,2	23,7	23,2
II Impostos indirectos	3.818.851	4.136.599	317.748	8,3	27,0	27,9
III Taxas, prezos e outros ingresos	172.167	176.403	4.235	2,5	1,2	1,2
IV Transferencias correntes	3.799.694	4.225.274	425.580	11,2	26,8	28,5
V Ingresos patrimoniais	11.848	26.895	15.047	127,0	0,1	0,2
OPERACIÓNS CORRENTES	11.159.022	11.996.592	837.571	7,5	78,8	81,0
VI Alleamento de investimentos reais	9.336	9.056	-280	-3,0	0,1	0,1
VII Transferencias de capital	1.330.403	1.319.961	-10.441	-0,8	9,4	8,9
OPERACIÓNS DE CAPITAL	1.339.739	1.329.017	-10.721	-0,8	9,5	9,0
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	12.498.760	13.325.610	826.849	6,6	88,2	89,9
VIII Activos financeiros	82.012	100.442	18.431	22,5	0,6	0,7
IX Pasivos financeiros	1.586.399	1.389.149	-197.250	-12,4	11,2	9,4
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	1.668.411	1.489.591	-178.819	-10,7	11,8	10,1
Total	14.167.171	14.815.201	648.030	4,6	100,0	100,0

○ total de ingresos non financeiros crece respecto ao ano anterior en 826,8 millóns de euros, un 6,6% máis. Este incremento débese ao incremento que experimentan os ingresos correntes, un 7,5% máis que no ano 2023, xa que os ingresos de capital diminúen nun -0,8%.

○ incremento dos ingresos correntes explícase fundamentalmente polo forte incremento experimentado dos recursos do sistema de financiamento autonómico, nun 8,6%, debido ao aumento en 469 millóns da liquidación de exercicios anteriores.

En canto aos ingresos de operacións de capital se produce unha diminución de 10,7 millóns de euros, un 0,8% menos que no ano 2023. Os ingresos por alleamentos de investimentos reais redúcense nun 3% con respecto ao ano anterior, derivada da redución do alleamento de vivendas do Instituto Galego da Vivenda e Solo. As transferencias de capital procedentes do Estado incrementan o seu importe en 59,8 millóns de euros debido fundamentalmente ao aumento as de sanidade e educación. Respecto as transferencias de capital procedentes da Unión Europea, tamén diminúen o seu importe nun 11,6 % respecto ao ano anterior especialmente pola eliminación dos recursos do REACT da UE.

En canto aos ingresos financeiros a minoración dun 10,7% débese, principalmente, ao diminución da necesidade de financiamento no exercicio 2024 respecto ao 2023, pasando dun 0,3% do PIB a un 0%.

V.2. Evolución dos gastos e principais magnitudes.

V.2.1. Evolución global do gasto non financeiro

O gasto consolidado para o ano 2024 acada a suma de 14.815,2 millóns de euros, 13.256,8 corresponden a gasto non financeiro e 1.558,3 millóns a gasto financeiro, co detalle que mostra a seguinte táboa:

Cadro V. Cadro de gasto do orzamento consolidado. miles de euros

Distribución económica						
Capítulos	2023	2024	Variación 2024/2023		Valor Relativo	
			Importe	%	2023	2024
I Gastos de persoal	4.593.520	4.867.677	274.157	6,0	32,4	32,9
II Gastos en bens correntes e servizos	2.142.139	2.243.532	101.393	4,7	15,1	15,1
III Gastos financeiros	110.837	188.822	77.985	70,4	0,8	1,3
IV Transferencias correntes	2.956.982	3.101.668	144.686	4,9	20,9	20,9
OPERACIÓNS CORRENTES	9.803.478	10.401.699	598.222	6,1	69,2	70,2
V Fondo de continxencia	45.417	16.839	-28.578	-62,9	0,3	0,1
VI Investimentos reais	1.574.877	1.596.017	21.140	1,3	11,1	10,8
VII Transferencias de capital	1.196.545	1.242.255	45.710	3,8	8,4	8,4
OPERACIÓNS DE CAPITAL	2.771.422	2.838.273	66.851	2,4	19,6	19,2
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	12.620.317	13.256.811	636.495	5,0	89,1	89,5
VIII Activos financeiros	226.738	229.667	2.929	1,3	1,6	1,6
IX Pasivos financeiros	1.320.117	1.328.723	8.606	0,7	9,3	9,0
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	1.546.855	1.558.390	11.535	0,7	10,9	10,5
Total	14.167.171	14.815.201	648.030	4,6	100,0	100,0

O gasto non financeiro aumenta en 636,5 millóns de euros, o que supón unha variación dun 5%, os cales se destinan a reforzar os servizos públicos fundamentais.


Os créditos destinados a operacións correntes ascenden a 10.401,6 millóns de euros o que implica un incremento do 6,1%, respecto do ano 2023.

Por outro lado os créditos destinados a operacións de capital ascenden a 2.838,3 millóns de euros, o que supón un aumento do 2,4% respecto do ano anterior. Destacan os gastos da Consellería do Medio Rural e dos seus organismos dependentes, que en conxunto acadan 480 millóns de euros, cunha porcentaxe do total do 16,9%, os investimentos do Servizo Galego de Saúde que ascenden a 389,5 millóns de euros e os da Axencia Galega de Infraestruturas cun orzamento de 261,8 millóns de euros.

V.2.2. Evolución do gasto corrente.

Un dos principios esenciais para garantir a solvencia das administración, e controlar o crecemento do gasto corrente. Nas contas do 2024ponse de manifesto o esforzo da administración por controlar a evolución do gasto corrente, moi afectado polo contexto actual de elevada inflación para incrementar a súa eficiencia e así poder focalizar os esforzos naqueles ámbitos que impulsen un crecemento económico sostido e equitativo. Ao igual que o resto de axentes económicos estamos a soportar incrementos moi importantes en partidas de gasto asociadas a funcionamento operativo dos servizos, polo que debe levarse acabo unha revisión da súa evolución.

Gráfica V. Gasto corrente



Dende o punto de vista da política de estabilización do nivel de prezos é imprescindible evitar un uso xeralizado de cláusulas de indexación automáticas nas partidas de gasto dos orzamentos e así non contribuír a xerar efectos indirectos e de segunda volta que supoñerían unha perda de competitividade exterior, unha maior inflación e un menor nivel de actividade e emprego para a economía galega.

No que atinxe aos efectos da inflación sobre o gasto público, varias partidas orzamentarias relevantes estarían afectadas, si ben de maneira moi desigual, polo aumento da inflación. O gasto corrente medra nun 6,1% con respecto o ano 2023, fundamentalmente polo aumento nun 6% dos gastos de persoal, os cales chegarán a 4.867 millóns, como consecuencia do aumento das retribucións dos empregados públicos nun 0,5% adicional no ano 2023, sobre o 2,5% xa incrementado para este exercicio, e un incremento dun 2% para o ano 2024.

Os gastos correntes en bens e servizos e as transferencias como a inversión pública se encontran afectados pola inflación en función da evolución dos prezos dos produtos adquiridos o transferidos, e do custe dos materiais e da man de obra. O impacto da inflación sobre estas rúbricas pode verse limitado pola existencia de teitos de gasto establecidos en termos nominais, así como pola existencia de limitacións ás actualizacións dos prezos derivados dos concursos. O gasto en xuros da débeda pública tamén verase afectado polo aumento da inflación na medida en que da lugar a un aumento dos tipos de xuros de mercado como consecuencia da resposta da política monetaria para conter as presións inflacionistas.

V.2.3. Evolución do Aforro como garante do investimento

Nestes orzamentos o aforro bruto acada os 1.595 millóns de euros, o que supón un incremento de 239,3 millóns respecto ao ano anterior. En concreto o aforro bruto incrementábase nun 17,7% respecto ao orzamento consolidado do ano 2023. Isto ocorre porque os ingresos correntes crecen un 7,5% mentres que os gastos aumentan un 6,1%.

Cadro VI. Aforro Bruto por operacións correntes. Orzamento consolidado. Miles €

Conta Financeira				
Operacións Correntes	2023	2024	Var. 2024/2023	
			Importe	%
Ingresos	11.159.022	11.996.592	837.571	7,5
Impostos directos	3.356.461	3.431.422	74.960	2,2
Impostos indirectos	3.818.851	4.136.599	317.748	8,3
Taxas, prezos e outros ingresos	172.167	176.403	4.235	2,5
Transferencias correntes	3.799.694	4.225.274	425.580	11,2
Ingresos patrimoniais	11.848	26.895	15.047	127,0
Gastos	9.803.478	10.401.699	598.222	6,1
Gastos de persoal	4.593.520	4.867.677	274.157	6,0
Gastos en bens correntes e servizos	2.142.139	2.243.532	101.393	4,7
Gastos financeiros	110.837	188.822	77.985	70,4
Transferencias correntes	2.956.982	3.101.668	144.686	4,9
Aforro bruto	1.355.544	1.594.893	239.349	17,7

Os efectos positivos dos investimentos públicos sobre o benestar dos cidadáns esixe adoptar medidas co fin de garantir a súa continuidade a longo dos anos. Por iso é preciso contar con ferramentas financeiras que permitan garantir a súa sustentabilidade. Neste sentido unha variable que debe monitorizarse é o aforro bruto. Variable esencial para garantir unha política de investimentos estable, xa que manifesta a diferenza entre ingresos ordinarios e gastos ordinarios, representando por tanto o marxe de autofinanciación e a solvencia da facenda.

Por outra é un indicador de relevancia, tanto pola información que subministra como polas implicacións legais que poida ter cara á obtención de préstamos a longo prazo. En efecto, non pode esquecerse que o artigo 14.2 da Lei Orgánica de Financiación das CCAA (LOFCA) establece que “Así mesmo, as Comunidades Autónomas poderán concertar operacións de crédito por prazo superior a un ano, calquera que sexa a forma como se documenten, sempre que cumpran os seguintes requisitos: a) Que o importe total do crédito sexa destinado exclusivamente á realización de gastos de inversión.”

Polo tanto na medida que exista aforro negativo, incumprírase o mandato da LOFCA de que o endebedamento a longo prazo debe destinarse exclusivamente a financiar gastos de investimentos, xa que este exceso de gasto corrente tería que financiarse con endebedamento. Neste sentido a vixente Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023 establece no apartado Tres da súa Disposición adicional sesaxésima sexta, adicada ao Réxime excepcional en materia de endebedamento autonómico en 2023, que “Excepcionalmente en 2023, se como consecuencia das circunstancias económicas durante este exercicio resultara necesario, poderán concertarse operacións de crédito por prazo superior a un ano, sen que resulten de aplicación as restricións previstas no apartado dos do artigo 14 da Lei Orgánica 8/1980, de 22 de setembro, de Financiación das Comunidades Autónomas”, permitindo en definitiva financiar con débeda a longo prazo gasto corrente.


Polo que atinxe ao comportamento desta magnitude, as contas da Comunidade Autónoma de Galicia, amosan aforros positivos, acadando neste exercicio a cifra de 1.355,6 millóns de euros como resultado das políticas de control de gasto e que permiten autofinanciar os investimentos, e que cumpre co mandato da LOFCA de non financiar con débeda gasto corrente, senón políticas de investimento tan importantes para dinamizar a actividade económica mellorando o nivel de actividade, emprego e benestar dos cidadáns.

Gráfica VI. Aforro



No seguinte gráfico pódese ver como non se recorre á débeda pública para financiar os gastos de capital, de modo que a meirande parte (un 56,2%) dos gastos de capital finánciense con aforro bruto e o resto finánciase con ingresos de capital.

Gráfica VII. Fontes financiamento gastos de capital



V.2.4. Evolución do investimento.

A formación de capital no 2024 incrementárase nun 5,4% respecto ao ano 2023 ascendendo ata 1.509,2 millóns de euros. Isto débese a que os gastos de capital medran nun 2,4%, ata chegar ata os 2.838,3 millóns e a que os ingresos de capital diminúen nun -0,8%.

A totalidade dos mesmos finánciase tanto cos ingresos de capital, por importe de 1.329 millóns de euros, como co aforro bruto, por importe de 1.595,4. No ano 2024 non

será necesario acudir a necesidade de financiamento para financiar os gastos de investimento.

Cadro VII. Formación de capital

Operacións de Capital	2023	2024	Var. 2024/2023	
			Importe	%
Ingresos	1.339.739	1.329.017	-10.721	-0,8
Alleamento de investimentos reais	9.336	9.056	-280	-3,0
Transferencias de capital	1.330.403	1.319.961	-10.441	-0,8
Gastos	2.771.422	2.838.273	66.851	2,4
Investimentos reais	1.574.877	1.596.017	21.140	1,3
Transferencias de capital	1.196.545	1.242.255	45.710	3,8
Formación de Capital	1.431.683	1.509.256	77.572	5,4
Fondo de continxencia	45.417	16.839	-28.578	-62,9
Necesidade de Financiamento	-121.556	68.798	190.354	-156,6

Os gastos de capital acadarán o vindeiro ano os 2.838,3 millóns de euros, manténdose por carto ano consecutivo nuns niveis similares, de modo que nestes últimos anos o esforzo inversor superará os 10.500 millóns de euros, ata chegar a 10.666 millóns.


Gráfica VIII. Gasto de capital



Neste sentido é importante que se emprendan accións para garantir que os investimentos se orienten a mellorar as condicións de empregabilidade e crecemento económico como motor dun desenvolvemento sustentable.

No seguinte gráfico pode observarse o impulso inversor feito nos últimos anos, de modo que o peso dos investimentos no total do gasto non financeiro aumentou o seu peso en case 6 puntos respecto ao ano 2020.

Gráfica IX. Evolución do peso dos gastos capital no gasto non financeiro.



V.2.5. Evolución da Capacidade/Necesidade de financiamento

No ano 2024 a necesidade de endebedamento axustase, ante a falta de establecemento de obxectivos de estabilidade e de débeda pública para o trienio 2024-2026, ao valor de referencia fixada para as CCAA na Actualización do Programa de Estabilidade 2023-2026, é dicir, un 0% do PIB, o que supón 205,8 millóns menos que no ano 2023, xa que neste ano a taxa de referencia utilizada fora do 0,3%. Desta forma dase cumprimento a recomendación da Comisión sobre a necesidade de lograr situacións orzamentarias prudentes a medio prazo e garantir unha redución gradual da débeda que sexa crible e a sustentabilidade das finanzas públicas a medio prazo, a través do saneamento gradual, o investimento e as reformas.

Os orzamentos do ano 2024 amosan unha capacidade financeira 68,8 millóns de euros, a diferenza das contas do ano anterior nas que se estimaba unha necesidade de financiamento de -121,5 millóns, o que supón una mellora de 190,3 millóns. Esta capacidade de financiamento resulta dunha situación de equilibrio en termos de contabilidade nacional e duns axustes de -69 millóns de euros, de modo que se temos en conta estes axuste de contabilidade nacional a capacidade/necesidade de financiamento é 0.

Os axustes de contabilidade nacional aumentan en 10 millóns de euros principalmente polo aumento do axuste da recadación incerta (diferencia entre a recadación líquida e os dereitos recoñecidos netos en cada exercicio) en 8 millóns debido á modificación do artigo 80.2 do texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

A regulación anterior determinaba que no peche do exercicio dábanse de baixa nos estados de ingresos os dereitos liquidados que non foran exixibles en virtude de

aprazamentos, fraccionamentos, de moratorias legalmente concedidas así como os que se atopan dentro do prazo legal para realizar o ingreso en período voluntario. O cambio introducido determina unha minoración das anulacións no peche do exercicio, ao dar de baixa unicamente os dereitos que non sexan exixibles en virtude de aprazamentos ou fraccionamentos. Isto provocará que as previsións de dereitos liquidados nos exercicios 2023 e 2024 veranse afectadas ao alza por esta nova forma de imputación de ingresos.

Non obstante, estes maiores ingresos non determinarán unha maior capacidade de gasto para a comunidade, xa que de acordo coas normas do SEC-2010 debe practicarse un axuste negativo de contabilidade nacional polo importe da recadación incerta, polo que en conxunto o impacto desta modificación normativa é neutro.

En definitiva, mentres que coa anterior normativa se imputaban uns menores ingresos ao peche do exercicio, e practicábase un axuste negativo menor por recadación incerta, agora coa nova normativa imputaranse uns maiores ingresos ao peche, pero que se compensan cun maior axuste negativo por recadación incerta.

Por outra parte, o axuste negativo correspondente as outras unidades consideradas administracións públicas aumenta en 2 millóns de euros permanecendo constantes as estimacións dos restantes axustes.

Como por exemplo, o axuste positivo polos reintegros das liquidacións negativas do sistema de financiamento dos anos 2008 e 2009, ou os axustes negativos polas achegas de capital a entes instrumentais da comunidade autónoma, sendo a máis importante a achega á CRTVG.

Cadro VIII. Capacidade/ Necesidade de financiamento orzamentaria en termos de CN

ORZAMENTO EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL	2023	2024	Var. 2024/2023	
			Importe	%
Ingresos Correntes	11.159	11.997	838	7,5
Gastos Correntes	9.803	10.402	598	6,1
AFORRO BRUTO ORZAMENTARIO	1.356	1.595	239	17,7
Fondo de continxencia	45	17	-29	-62,9
Ingresos de Capital	1.340	1.329	-11	-0,8
Gastos de Capital	2.771	2.838	67	2,4
GASTOS DE OPERACIÓNS DE CAPITAL	-1.432	-1.509	-78	5,4
DÉFICIT ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO	-122	69	190	-156,6
Liquidacións negativas sistema	85	85	0	0,0
Outras unidades consideradas aapp	-113	-115	-2	1,8
Recadación incerta	-40	-48	-8	20,0
Intereses devindicados				
Outros axustes	9	9	0	0,0
TOTAL AXUSTES CONTABILIDADE NACIONAL	-59	-69	-10	16,9
NECESIDADE DE FINANCIAMENTO	-181	0	181	-99,9

V.3. Principais Políticas de Gasto no Orzamento 2024


Unha vez analizadas no apartado primeiro deste Informe as liñas de actuación prioritarias para o ano 2024, procede realizar unha análise global das políticas de gasto.

Se ben, como se ten indicado o gasto non financeiro consolidado aumenta no 5%, o orzamento total crece un 4,6% respecto ao orzamento de 2023 polo menor crecemento das operacións financeiras.

V.3.1. Evolución do Gasto social

As políticas de gasto social que polo xeral garanten a seguridade sanitaria e a asistencia son, como é lóxico, as que mais recursos concentran debido ao alto custo dos servizos sociais que se prestan e a súa vocación universal. Estas políticas abranguen a Sanidade, a Educación, a Política Social e o Emprego. O 63,7% do aumento do gasto non financeiro por funcións de gasto, que supón 405,6 millóns de euros máis, vai destinada a elas.

Gráfica X. Evolución Gasto de social



Estes servizos, que se blindaron durante a crise gañando peso na estrutura de gasto, mantéñense na actualidade debido a súa importancia para paliar os efectos da mesma, ou da pandemia, nas persoas, nas familias e nos traballadores. Deste xeito a suma do gasto

en sanidade, educación, política social e emprego mantense no 73,7% sobre o total de gasto non financeiro. O gasto social, que tamén acada o maior volume da serie histórica: 9.773,8 millóns de euros para gasto social e emprego, 405,6 millóns de euros máis que no orzamento consolidado de 2023. O gasto na función sanidade supera por primeira vez os 5.000 millóns de euros.

A composición das dotacións orzamentarias destas políticas de gasto obsérvase nos seguintes gráficos.

Gráfico XI. Incremento Gasto social. Funcións



V.3.2. Financiamento autonómico da Administración Local, investimento en I+D+i e financiamento das universidades.

A dotación ao fondo de cooperación local acada en 2024 os 158,1 millóns de euros o que supón un incremento dun 6,18% respecto ao exercicio anterior, e estará formado polo fondo base de 112,9 millóns de euros, 5,8 millóns de euros do ano 2022 da liquidación de exercicios anteriores, e 39,3 millóns de euros de fondo adicional que aumenta respecto ao ano anterior un 29%, 8,8 millóns de euros máis como consecuencia do importante incremento que experimentan os ingresos da Administración xeral dos capítulos I, II e III, en 391,7 millóns de €.

Deste modo a comunidade autónoma volve a garantir o financiamento das entidades locais, xa que durante a anterior crise xa lles mantivo un financiamento estable, compen-sándoa con axustes nos orzamentos das consellerías, de aí o montante estable do fondo base. Dende o ano 2010, e coa finalidade de apoiar aos concellos, a Xunta garantiu un importe mínimo de FCL que pasou a denominarse fondo base e se reparte en base aos criterios fixados ata entón, por iso, a dotación ao FCL non baixou no período 2012-2015 a pesar de que o nivel de recadación dos tributos dos capítulos I a III non se recuperou ata o ano 2016, o que implicaría unha asignación inferior ao fondo.

Gráfico XII. Evolución Fondo Cooperación Local 2015-2024




En canto ao reparto do fondo adicional, na subcomisión permanente do réxime económico e financeiro da comisión de cooperación local acordouse xunto coa FEGAMP repartir o fondo adicional en función dos seguintes items de gasto compartido: os gastos de funcionamento dos concellos con centros de saúde, os gastos de funcionamento dos servizos de emerxencia supramunicipais, os gastos de limpeza das faixas de biomasa para a prevención de lumes, os gastos de funcionamento dos conservatorios de grao medio de titularidade municipal, aos concellos que teñan institucións penitenciarias no seu termo municipal, os gastos derivados da participación do plan de extinción de niños de velutina, o mantemento do estímulo financeiro aos concellos que se fusionaron, actuacións de eficiencia enerxética en edificios de titularidade municipal, investimentos en infraestruturas municipais que supoñan un desenvolvemento estratéxico desde o punto de vista económico, social ou territorial, e por último, crease un fondo para actuacións medioambientais.

Existen ademais outros programas importantes non recollidos nas listaxes anteriores como os vencellados á I+D+i, á innovación e á modernización que desenvolven liñas básicas de crecemento do PEG.

Como pode apreciarse na gráfica seguinte o gasto en I+D+i de 2024 case se triplicou respecto ao primeiro ano do PEG, 2015, compre salientar ademais os crecementos inte-

ranuais da investigación sanitaria xa que case se quintuplica, pasando de 5,7 millóns a 26,3 millóns, e o incremento dun 16% da investigación universitaria.

Gráfica XIII. Evolución do gasto en I+D+i 2015-24



Por último, e relacionado con dita investigación universitaria, polo que respecta ao financiamento das universidades no ano 2022 entrou en vigor o novo Plan Financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2022-2026, no cal partindo do Plan anterior, realizáronse unha serie de axustes para perfeccionar o seu funcionamento.

Neste sentido incorporouse un subfondo non condicionado de gasto de funcionamento, tanto de gasto corrente como de gasto de capital, co fin de financiar os gastos estruturais das Universidades, de modo que reciban un financiamento estable que lles permita facer fronte aos seus gastos estruturais.

E tamén se incluíu neste Plan un novo subfondo, dentro do financiamento non condicionado, denominado de estabilidade financeira, eficiencia e mellora estratéxica que se reparte en base ao cumprimento de obxectivos cuantitativos e cualitativos, tanto no eido académico investigador e docente como no eido financeiro.


No cadro seguinte amósanse as distintas masas e subfondos do novo Plan de Financiamento universitario e o criterio de evolución de cada un dos subfondos:

Cadro IX. Evolución masas e subfondos PGFU

MASAS	SUBFONDOS	Criterio Evolución
FINANCIAMENTO INCONDICIONADO	1. ESTÁNDAR	Masa salarial
	2.1 SERGAS	Masa salarial
	2.2 INEF personal	
	3. INEF funcionamento	Deflactor PIB
	4. SUBFONDO GASTO CORRENTE INCONDICIONADO	Deflactor PIB
	5. SUBFONDO GASTO DE CAPITAL INCONDICIONADO	Deflactor PIB
	6. COMPLEMENTOS RETRIBUTIVOS E COMPENSACIÓN POR MATRÍCULAS	Complementos viventes
	7. COSTES ASOCIADOS AO FUNCIONAMENTO DO SUG	Constante egás o ACSUG (masa salarial)
	8. TOTAL PANEL DE INDICADORES	PIB real
9. SUBFONDO DE MELLORA	5% de 1, 4 y 5	
TOTAL		
FINANCIAMENTO DA INVESTIGACIÓN	10. FOMENTO I+D+i E TRANSFERENCIA	Dobre da taxa de referencia do crecemento do PIB
	11. FONDOS EUROPEOS	PO FEDER/FSE
	12. I+D+i (Cap II)	Constante
TOTAL		
FINANCIAMENTO TOTAL SUG		

Na gráfica seguinte compárase o financiamento recibido polas Universidades durante o anterior Plan de Financiamento, o vixente durante os anos 2016-2020 e que se prorrogou durante o ano 2021 por mor da pandemia, e o recibido durante os anos 2022, 2023 e 2024 co novo Plan de Financiamento 2022-2026, de modo que no ano 2024 as Universidades van recibir 64 millóns de euros máis que no ano 2021, un 14,4% máis.

Gráfica XIV. Plan de Financiamento Universitario 2016-2024




V.4. Gasto con perspectiva territorial


O orzamento 2024 conta tamén cunha perspectiva territorial, que refire a todas as partidas de gasto agás as financeiras (capítulos de gasto III, VIII e IX).

Así, unha vez deducido o gasto financeiro, o correspondente aos servizos centrais, é dicir, aqueles gastos asociados aos servizos prestados desde as sedes administrativas da Xunta situadas no Concello de Santiago, e o gasto cun ámbito superior ao provincial, a distribución provincial do gasto explica o 90% do gasto non financeiro, ao igual que no orzamento do ano anterior.

A distribución dese gasto por habitante e provincias é a seguinte: A Coruña 4.157 euros por habitante, Lugo 5.568 euros por habitante, Ourense 5.409 euros por habitante e Pontevedra 4.031 euros por habitante.

Gráfica XV. Distribución territorial do gasto





V.5. O impacto dos recursos extraordinarios-NGEU

As contas para o ano 2023 recollían os créditos orzamentarios a financiar con cargo ós fondos Next Generation UE, integrados polos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) así como os procedentes del REACT-UE.

Sen embargo, a estrutura de financiamento do ano 2024 non é comparable á do ano precedente, xa que os fondos REACT-UE deben estar completamente executados a 31 de decembro do 2023, o que motiva a súa desaparición no orzamento para o ano 2024 e a conseguinte diminución de ingresos en 180 millóns de euros. E no que atinxe ao MRR permanece estable cunha leve minoración dun 3,6%.

Descontando o efecto destas minoracións dos fondos da UE (MRR-REACT-UE), o gasto non financeiro do ano 2024 acadaría un crecemento do 7% fronte o 5% determinado neste informe.

Nos seguintes cadros obsérvase o impacto dos recursos Next Generation nas contas para o ano 2024, que cuantifícanse en 198,3 millóns de euros, cun peso do 1,5% no conxunto do gasto non financeiro.

Cadro X. Impacto dos Recursos Extraordinarios 2023-2024

Distribución Económica				
€				
Capítulos	2023	2023	2024	Var. 24-23
	Inicial	Sin Recursos Extraordinarios	Sin Recursos Extraordinarios	%
I Gastos de persoal	4.593.520	4.569.260	4.840.598	5,9%
II Gastos en bens correntes e servizos	2.142.139	2.120.715	2.235.539	5,4%
III Gastos financeiros	110.837	110.837	188.822	70,4%
IV Transferencias correntes	2.956.982	2.909.671	3.089.543	6,2%
Operacións correntes	9.803.478	9.710.483	10.354.502	6,6%
VI Investimentos reais	1.574.877	1.212.898	1.369.643	12,9%
VII Transferencias de capital	1.196.545	944.754	1.007.359	6,6%
Operacións de capital	2.771.422	2.157.652	2.377.003	10,2%
V Fondo de continxencia	45.417	45.417	16.839	-62,9%
Total Operacións non Financeiras	12.574.899	11.868.136	12.731.505	7,3%

V.6. Distribución por Consellerías e Organismos Estatutarios.

O cadro recollido de seguido mostra as variacións do orzamento consolidado da administración xeral, no que se refire ao gasto non financeiro. En termos absolutos, as consellerías de maior peso seguen a ser as que desenvolven as grandes políticas de gasto correspondentes a prestación de servizos públicos básicos como sanidade, educación e cultura e política social. A tendencia é que estas consellerías sigan gañando peso, dado o seu carácter básico.


Con todo, neste exercicio a consellería que maior medra respecto ao orzamento consolidado é a Consellería de Política Social e Xuventude cun 11,9%. As seguintes que maior medran son a de Vicepresidencia 1ª e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes cun 6,2% e a Vicepresidencia 2ª e Consellería de medio Ambiente, Territorio e Vivenda cun 5,8%.

As consellerías maior medran en xeral en torno a media, o 4,8%. Así a Consellería de Sanidade medra un 4,4% e a de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade un 2,8%. Por enriba sitúase a Consellería de Política Social e Xuventude que medra un 11,9% como xa se comentou anteriormente. Con todo, as diferencias en termos absolutos maior medran concéntranse nestas consellerías, Sanidade medra en 218,5

millóns de euros, Política Social 128 millóns e Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades 81,7 millóns.

En canto aos entes instrumentais o Instituto Galego de Vivenda e Solo crece nun 26,5%, o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño medra nun 24,9%, a Axencia Galega da Industria Forestal nun 14,5% e a Axencia Galega para a xestión do Coñecemento en Saúde nun 12,2%. Todas elas son beneficiarias do acervo investidor, de xeito que a maioría recibe fondos para financiar proxectos de reactivación.

Gráfico 12 Distribución por consellerías



Cadro 10: Reparto do orzamento por consellerías

	2023	2024	DIFERENCIA	TV 24/23
04 - PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA	36.960	38.735	1.775	4,8%
306.04 - AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA	134.691	136.150	1.459	1,1%
TOTAL PRESIDENCIA	171.650	174.885	3.235	1,9%
05 - VICEPRESIDENCIA 1ª E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	331.097	351.627	20.530	6,2%
105.05 - ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA	3.507	3.626	118	3,4%
402.05 - AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS	8.206	8.666	460	5,6%
TOTAL VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA	342.810	363.918	21.108	6,2%
06 - VICEPRESIDENCIA 2ª E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	143.329	122.837	-20.493	-14,3%
111.06 - INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO	5.550	5.658	107	1,9%
201.06 - INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO	140.160	177.245	37.085	26,5%
TOTAL VICEPRESIDENCIA SEGUNDA	289.040	305.739	16.699	5,8%
07 - CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	28.308	30.892	2.584	9,1%
101.07 - ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	4.673	4.938	265	5,7%
102.07 - INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA	5.001	5.328	326	6,5%
303.07 - AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA	189.487	191.521	2.034	1,1%
305.07 - AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA	17.498	18.800	1.303	7,4%
404.07 - CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL	1.082	1.123	41	3,8%
TOTAL FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	246.050	252.602	6.552	2,7%
08 - CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	210.685	224.137	13.452	6,4%
302.08 - AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS	283.830	283.605	-225	-0,1%
TOTAL INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	494.515	507.743	13.227	2,7%
09 - CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN	67.751	68.126	376	0,6%
107.09 - INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA	7.163	7.424	261	3,6%
304.09 - AXENCIA GALEGA DE INNOVACION	152.044	164.230	12.187	8,0%
405.09 - INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	108.538	115.878	7.340	6,8%
407.09 - INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA	78.887	79.682	795	1,0%
TOTAL ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN	414.383	435.342	20.958	5,1%
10 - CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES	2.875.708	2.958.827	83.119	2,9%
301.10 - AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS	18.612	17.171	-1.441	-7,7%
TOTAL CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES	2.894.321	2.975.999	81.678	2,8%
11 - CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE	1.062.334	1.190.757	128.423	12,1%
307.11 - AXENCIA GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS	15.320	14.955	-365	-2,4%
TOTAL POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE	1.077.655	1.205.713	128.058	11,9%
12 - CONSELLERÍA DE SANIDADE	103.047	113.279	10.233	9,9%
103 - SERVIZO GALEGO DE SAÚDE	4.838.298	5.045.490	207.192	4,3%
308.12 - AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE	4.390	4.927	537	12,2%
309.12 - AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS	26.580	27.202	622	2,3%
TOTAL SANIDADE	4.972.314	5.190.899	218.585	4,4%
1.13 - CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE	481.091	492.544	11.453	2,4%
110.13 - INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA	7.426	7.609	182	2,5%
411.13 - CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS	1.376	1.456	80	5,8%
TOTAL PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE	489.893	501.608	11.715	2,4%
14 - CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL	498.441	517.747	19.306	3,9%
203.14 - FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA	58.799	54.571	-4.228	-7,2%
310.14 - AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL	15.261	17.473	2.212	14,5%
408.14 - AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL	57.100	63.590	6.490	11,4%
409.14 - AXENCIA GALEGA DE CALIDADE ALIMENTARIA	46.561	41.360	-5.201	-11,2%
TOTAL MEDIO RURAL	676.161	694.740	18.579	2,7%
15 - CONSELLERÍA DO MAR	207.945	209.465	1.520	0,7%
410.15 - INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO	4.099	5.122	1.023	24,9%
TOTAL MAR	212.045	214.588	2.543	1,2%
TOTAL GASTO NO FINANCIERO CONSELLERÍAS	12.280.838	12.823.774	542.937	4,4%
01 - PARLAMENTO	21.369	22.586	1.217	5,7%
02 - CONSELLO DE CONTAS	8.320	8.609	289	3,5%
03 - CONSELLO DA CULTURA GALEGA	3.076	3.207	131	4,3%
20 - CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA	2.283	2.334	50	2,2%
21 - TRANSFERENCIAS A CORPORACIÓNS LOCAIS	148.924	158.128	9.204	6,2%
22 - DÉBEDA PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	110.300	188.300	78.000	70,7%
23 - GASTOS DE DIVERSAS CONSELLERÍAS	45.207	49.874	4.668	10,3%
TOTAL GASTO NO FINANCIERO	12.620.317	13.256.811	636.495	5,0%



SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA E DISCIPLINA ORZAMENTARIA

VI. SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA E DISCIPLINA ORZAMENTARIA

VI.1. Regras fiscais e orzamento 2024

A Comisión Europea xa indicou que para o ano 2024 producirase a desaparición da “cláusula xeral de salvagarda” do Pacto de Estabilidade e Crecemento, retomándose a aplicación das regras fiscais. Porén, o retraso na celebración do Consejo de Política Fiscal y Financiera no que se acorda os obxectivos de estabilidade e de débeda e ante a falta de publicación por parte do Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital do Informe de situación da economía española no que se fixa a taxa de variación da regra de gasto que deben respectar as contas autonómicas do ano 2024, introducen novas incertezas na elaboración das contas para o ano 2024.

Neste sentido, a actualización do programa de Estabilidade 2023-2026 remitido polo Goberno de España ás institucións europeas, reflicte un déficit dun 0% para as comunidades autónomas no ano 2024, eliminando a posibilidade de recorrer ao endebedamento como fonte de financiamento, sendo esta a referencia que tomará Galicia para a elaboración dos seus Orzamentos.

Nestes momentos é mais necesario que nunca o compromiso con planes fiscais a medio prazo cribles e sostibles, que contribúan a unha redución plausible e continua da débeda pública, que garantan a súa sustentabilidade e así trazar o camiño cara a reconstitución das reservas fiscais que permitan xerar marxes de manobra para actuar ante novos shocks económicos adversos. Así mesmo o aumento dos custes financeiros derivados do endurecemento da política monetaria do BCE determinan un incremento importante da carga financeira, polo que un uso do endebedamento neste exercicio afectaría negativamente a capacidade de gasto nos vindeiros exercicios limitando a capacidade de resposta desta Comunidade Autónoma.

Porén a Comunidade Autónoma de Galicia nun exercicio de responsabilidade financeira non recorrerá ao endebedamento como fonte de financiamento, ao establecerse un obxectivo de déficit dun 0%, non obstante, do mesmo xeito que aconteceu en anos anteriores o endebedamento aumentará no importe das cantidades a reintegrar como consecuencia das liquidacións negativas do sistema de financiamento autonómico dos exercicios 2008 e 2009.

VI.1.1. Límite de débeda.

Son dous os límites operativos que serven para fixar o límite da débeda no presente orzamento:

O obxectivo de estabilidade orzamentaria que marca o límite máximo de necesidade de financiamento en termos de contabilidade nacional, como xa se comentou anteriormente ante a falta de aprobación oficial nas Cortes Xerais do dito obxectivo estableceuse como obxectivo de déficit o 0% do PIB.

E o límite de débeda congruente co dito obxectivo de estabilidade, o cal constitúe o importe máximo de endebedamento que pode acadar a comunidade autónoma no ano 2024. Este límite será a débeda consolidada a finais de 2023 máis unicamente o importe correspondente á devolución das liquidacións negativas dos anos 2008 e 2009, xa que como xa se mencionou a necesidade de financiamento será nula.

VI.2. Evolución da situación financeira autonómica.

VI.2.1. Evolución orzamentaria

Neste apartado realizamos un breve análise da evolución do orzamento consolidado homoxeneizado da comunidade autónoma nos últimos exercicios.

Ingresos

Os ingresos non financeiros superan os 13.000 millóns de euros, ata acadar os 13.326 millóns de euros, 827 millóns máis que no orzamento consolidado de 2023.


Cadro II. GALICIA. Evolución do orzamento de ingresos consolidado. Datos homoxeneizados

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
INGRESOS																	
I Impostos directos	1.364	1.516	1.374	2.031	2.030	1.913	1.937	2.020	2.194	2.335	2.275	2.431	2.616	2.748	2.844	3.356	3.431
II Impostos indirectos	2.689	2.399	1.897	2.856	2.959	2.944	3.133	3.118	3.243	3.324	3.456	3.451	3.638	3.337	3.094	3.819	4.137
III Taxas, prezos e outros ingresos	253	286	271	174	180	205	166	177	179	169	169	178	187	172	173	172	176
IV Transferencias correntes	5.064	4.949	4.497	2.760	2.616	2.312	1.953	2.168	2.394	2.517	2.815	3.008	2.943	3.703	3.738	3.800	4.225
V Ingresos patrimoniais	24	54	20	16	22	23	24	19	16	9	8	9	8	7	23	12	27
Total operacións correntes	9.395	9.205	8.058	7.836	7.806	7.397	7.214	7.501	8.026	8.354	8.724	9.076	9.392	9.967	9.872	11.159	11.997
VI Alieamento de investimentos reais	99	111	49	27	32	30	13	10	13	7	11	7	7	5	8	9	9
VII Transferencias de capital	709	742	681	613	589	513	480	517	535	561	559	671	702	1.039	1.380	1.331	1.320
Total ingresos de capital	808	853	730	640	621	543	493	527	548	568	570	679	708	1.044	1.388	1.340	1.329
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCIERAS	10.202	10.059	8.788	8.476	8.428	7.940	7.706	8.028	8.573	8.922	9.294	9.755	10.101	11.011	11.260	12.499	13.326
VIII Activos financeiros	1	1	1	10	11	20	20	14	32	30	43	21	29	25	95	82	100
IX Pasivos financeiros	474	851	2.048	1.340	1.373	1.476	2.507	1.700	1.657	2.031	1.387	1.768	1.692	2.361	1.763	1.586	1.389
TOTAL OPERACIÓNS FINANCIERAS	474	852	2.049	1.349	1.384	1.496	2.527	1.714	1.690	2.061	1.430	1.789	1.721	2.386	1.858	1.668	1.490
TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS	10.676	10.910	10.837	9.826	9.812	9.436	10.233	9.743	10.263	10.982	10.724	11.544	11.822	13.397	13.118	14.167	14.815

Dentro dos ingresos correntes, cómpre salientar a diferente porcentaxe de participación nos tributos cedidos a partir de 2011, dimanante da aplicación do novo sistema de financiamento no cálculo das entregas a conta do devandito sistema dificulta a comparación en toda a serie temporal.

Respecto o orzamento consolidado do 2023, os ingresos correntes crecen en 827 millóns de euros debido fundamentalmente ao incremento nun 8,6% dos recursos procedentes do sistema de financiación autonómico polo efecto combinado da estimación das entregas a conta, da estimación da liquidación do exercicio 2022 e do reintegro das contías adiadas das liquidacións negativas dos anos 2008 e 2009.


Gráfico I. Evolución ingreso corrente 2009-2024 en millóns de euros.



O gráfico seguinte mostra a evolución do ingreso corrente, en relación co aforo bruto, variables claves na súa maior parte para reforzar as políticas de gasto e o investimento.

Esta evolución dos ingresos leva o gasto corrente total moi por enriba dos 10.000 millóns de euros, o dato máis alto dos orzamentos da comunidade autónoma.

Gráfico II. Evolución gasto corrente 2009-2024 en millóns de euros




Respecto aos ingresos non financeiros, o orzamento prevé un esforzo investidor extraordinario para reactivar a economía, cunha previsión para os ingresos de capital por riba dos 1.300 millóns de euros por terceiro ano consecutivo.

Sumando os ingresos correntes e os ingresos de capital obtemos o total de ingresos non financeiros do orzamento consolidado, a estas contías se engaden os ingresos financeiros (endebedamento e activos financeiros) para pechar o financiamento dos gastos da comunidade autónoma.

De seguido, recollese un cadro ilustrativo coa evolución da capacidade de financiamento de gastos orzamentarios (capítulos I a VIII de gastos), a partir dos ingresos non financeiros e ingresos do capítulo VIII, que chamamos ingresos orzamentarios neste gráfico, a capacidade completase co endebedamento neto de cada período.

Gráfico III. Capacidade de gasto total agás amortización débeda. 2009-2024. Millóns de euros



Dentro da senda mostrada as disponibilidades para gasto total agás a amortización de débeda acadan os 13.486 millóns de euros no ano 2024, a maior da serie en consonancia de novo co esforzo financeiro que se está a realizar.

Gastos

O orzamento consolidado de gastos recolle tamén a evolución dende 2009. Cómpresinalar a efectos comparativos que a contía que ata 2010 figuraba no capítulo catro como participación dos concellos nos tributos do Estado pasa a ter nese ano carácter extraorxamentario polo que resulta axustada en toda a serie para facilitar unha visión homoxenea da evolución do gasto en termos consolidados, así mesmo tamén se eliminan a efectos comparativos os gastos financiados con FEAGA nos que a Xunta actúa de mero intermediario, por ese mesmo motivo e seguindo as recomendacións do Consello de Contas.

Como pode apreciarse, atendendo ao gasto non financeiro, destácanse claramente tres etapas na evolución do gasto:

- unha crecente, correspondente á fase expansiva ata 2009 no que o orzamento consolidado non financeiro acada os 10.544 millóns de euros,
- outra fase decrecente que mostra un axuste á baixa no período 2010-2014, ata acadar un gasto non financeiro duns 8.343 millóns de euros nese último ano,
- e unha última de recuperación dende o orzamento de 2014 ata o actual, na que este medra ata os 10.149 millóns de euros no orzamento para 2020, e experimenta un crecemento extraordinario no exercicio 2021 ata os 11.563 millóns de euros, e que continua no exercicio 2022 ata acadar os 11.627 millóns de euros e no exercicio 2023 que volve a medrar ata os 12.620 millóns de euros. En canto

ao ano 2024 continúa a senda crecente cun aumento ata acadar os 13.257 millóns de euros, a cifra máis alta da nosa historia.

Na medida en que foi preciso recorrer ao endebedamento para suavizar o impacto do axuste no gasto consolidado, o capítulo de operacións financeiras e o capítulo de gasto financeiro mostran unha evolución crecente a partires do 2010, porén dende o 2015 invertese a tendencia, sendo o primeiro exercicio dende o comezo da crise no que suben os gastos non financeiros e baixan os financeiros, situación que repítese nos exercicios no 2016-2021, e no 2022 consolidase esta tendencia diminuíndo o gasto financeiro en 278 millóns de euros con respecto a 2014, ata chegar a 74 millóns de euros, cun lixeiro incremento para os anos 2023 e 2024 ata acadar as cifras de 111 e 189 millóns de euros respectivamente, como consecuencia da subida dos xuros.

Cadro III. Galicia. Orzamento consolidado de gastos. Datos homoxeneizados

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
GASTOS																
I Gastos de Persoal	3.692	3.773	3.627	3.609	3.391	3.367	3.382	3.567	3.681	3.762	3.889	4.031	4.306	4.327	4.594	4.868
II Gastos en bens correntes e servizos	1.416	1.381	1.353	1.384	1.376	1.364	1.388	1.483	1.634	1.724	1.783	1.840	2.013	1.984	2.145	2.244
III Gastos financeiros	148	157	198	295	299	352	336	271	235	170	165	143	100	74	111	189
IV Transferencias correntes	2.430	2.471	2.322	2.239	1.970	1.941	1.960	2.015	2.161	2.222	2.320	2.411	2.596	2.642	2.953	3.102
Total operacións correntes	7.686	7.782	7.500	7.527	7.036	7.024	7.066	7.335	7.712	7.878	8.158	8.424	9.015	9.027	9.803	10.402
V Fondo de Continxencia	99	62	78	76	85	105	125	52	37	39	39	33	45	45	45	17
Total fondo de continxencia	99	62	78	76	85	105	125	52	37	39	39	33	45	45	45	17
VI Inversións Reais	1.439	1.251	805	782	711	666	700	777	841	881	911	929	1.535	1.442	1.575	1.596
VII Transferencias de Capital	1.320	1.108	720	704	604	548	496	593	631	688	741	762	968	1.113	1.197	1.242
Total operacións de capital	2.759	2.359	1.525	1.486	1.315	1.214	1.196	1.370	1.473	1.570	1.652	1.691	2.503	2.554	2.772	2.838
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	10.544	10.203	9.102	9.089	8.436	8.343	8.388	8.757	9.222	9.487	9.850	10.149	11.563	11.627	12.620	13.257
VIII Activos Financeiros	120	118	307	176	166	140	147	153	152	161	164	154	244	220	227	230
IX Pasivos Financeiros	246	516	417	548	834	1.750	1.208	1.353	1.608	1.076	1.531	1.519	1.590	1.270	1.320	1.329
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	366	634	723	723	1.000	1.890	1.355	1.506	1.761	1.237	1.695	1.673	1.834	1.491	1.547	1.558
TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS	10.910	10.837	9.826	9.812	9.436	10.233	9.743	10.263	10.982	10.724	11.544	11.822	13.397	13.118	14.167	14.815

O cadro anterior mostra a evolución das diferentes partidas de gasto non financeiro nos orzamentos consolidados desde o ano 2009 ata 2024, como pode verse a natureza dos servizos públicos prestados pola comunidade autónoma, (xustiza, educación, sanidade, servizos sociais), implica unha composición do gasto intensa no gasto corrente (persoal, gastos de funcionamento e consumos dos centros). Os capítulos I e II de gasto aumentan co paso do tempo dada a forte rixidez dos mesmos, nas contas do ano 2024 suben en 372 millóns respecto do orzamento consolidado do ano 2022.

As transferencias correntes tamén pasan a acadar o nivel mais alto da serie, acadando a cifra de 3.102 millóns de euros, motivado polas medidas de apoio as familias e sectores e empresas máis afectadas pola de nova situación e polo desenvolvemento da Lei de Dependencia e o apoio ás políticas de familia e de inclusión tentando garantir un apoio financeiro aos mais vulnerables.


O resultado é que se no ano 2008 o peso do gasto corrente acadaba un 72,4% do gasto non financeiro do orzamento consolidado, no 2024 este é do 78,5%.

O gasto en capital reflicte o necesario impulso ás políticas de fomento e a os investimentos produtivos para apoiar a reactivación económica e social, estas superan os 2.838 millóns de euros mais do dobre da magnitude de 2014, este importante crecemento que mantén o nivel do pasado exercicio é posible polo mantemento dos ingresos de capital e polo mantemento do esforzo en aforro bruto.

O resto das partidas do orzamento, veñen condicionadas pola rixidez do gasto corrente, así a capacidade de financiamento de investimentos de capital ven dada pola suma do aforro bruto, os ingresos de capital e a capacidade de endebedamento libre da financiación de activos.

Como detalle de este esforzo investidor, pódese apreciar na seguinte gráfica o importante esforzo inversor efectuado nos período 2021-2024 e a estrutura do seu financiamento. No ano 2024 o financiamento realízase sen ter que recorrer, por primeira vez desde o ano 2008, ao endebedamento de modo que o 56,2% finánciase con aforro bruto e o 46,8% con ingresos de capital.

Gráfico IV. Evolución do financiamento do gasto de capital 2014-2024



Evolución do gasto real

De seguido procederase a analizar a evolución das principais magnitudes e saldos orzamentarios da comunidade autónoma partindo dos ingresos e gastos consolidados realizados correspondentes ao período 2008-2022, última conta xeral da comunidade autónoma liquidada.

Compre salientar que todos os datos son os correspondentes á conta xeral da comunidade autónoma, homoxeneizados deducindo as partidas que pasan a ser extraorza-

mentarias neste período (a participación das corporacións locais nos tributos do estado e o FEAGA).

A distribución por capítulos dos gastos durante o período 2008-2022 é a que segue:

Cadro IV. Gastos Consolidados non financeiros (Obrigas Recoñecidas). Datos en Millóns de euros

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
GASTOS															
I Gastos de Persoal	3.576	3.899	3.823	3.725	3.441	3.447	3.451	3.560	3.668	3.749	3.845	4.066	4.278	4.492	4.664
II Gastos en bens correntes e servizos	1.409	1.414	1.357	1.321	1.594	1.541	1.567	1.646	1.650	1.786	1.831	1.864	2.057	2.170	2.143
III Gastos financeiros	135	111	122	214	257	302	365	308	270	224	154	158	141	97	73
IV Transferencias correntes	2.430	2.609	2.559	2.273	2.179	2.059	1.993	1.957	2.019	2.105	2.157	2.242	2.478	2.780	2.651
Total operacións correntes	7.550	8.033	7.861	7.533	7.470	7.349	7.376	7.470	7.606	7.864	7.987	8.330	8.954	9.538	9.531
V Fondo de Continencia	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Total fondo de continencia	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
VI Inversións Reais	1.362	1.258	882	681	660	627	526	750	692	681	682	688	810	860	883
VII Transferencias de Capital	1.247	1.036	780	540	581	488	439	528	350	388	439	506	600	627	548
Total operacións de capital	2.609	2.294	1.663	1.221	1.241	1.115	965	1.278	1.041	1.069	1.122	1.194	1.409	1.487	1.431
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCIERAS	10.160	10.327	9.524	8.754	8.711	8.465	8.340	8.748	8.648	8.933	9.109	9.524	10.364	11.025	10.962
VIII Activos Financeiros	136	134	132	113	196	130	168	141	176	127	130	393	159	257	163
IX Pasivos Financeiros	348	246	520	420	508	1.026	1.461	1.306	1.334	1.756	1.034	2.710	3.423	1.602	1.438
TOTAL OPERACIÓNS FINANCIERAS	484	380	652	532	704	1.155	1.629	1.447	1.510	1.883	1.164	3.103	3.582	1.859	1.601
TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS	10.644	10.707	10.175	9.286	9.415	9.620	9.969	10.195	10.158	10.816	10.273	12.628	13.946	12.884	12.562

En canto aos gastos correntes, a súa execución no 2022 representou o 86,9% do gasto non financeiro total, 4 décimas maior que o ano anterior. No exercicio 2022 os gastos de capital volven a superar os 1.400 millóns de euros por terceiro ano consecutivo, de modo que neste trienio os gastos de investimento superaron os 4.300 millóns. Tamén destaca o mantemento en mínimos do gasto financeiro cun valor de 73 millóns de euros. Dende o ano 2008 ata o 2021 o incremento do gasto corrente foi de 1.981 millóns de euros un 26,2% máis.

En canto aos gastos de capital, a súa execución no 2022 representou unicamente o 13,1% do gasto non financeiro total, similar ao do ano anterior.

No que atinxe ao financiamento do gasto de capital o 33,8% procede de fondos propios xerados co aforo corrente, 484 millóns de euros, e un 47,3% dos ingresos de capital (debido ao forte incremento experimentado polos ingresos de capital durante o ano 2022, un 56,2% máis) e o resto co recurso ao endebedamento.

Se botamos unha ollada á composición do financiamento dos investimentos nos últimos 11 anos, pódese apreciar como muda radicalmente e como diminúe de forma continua tanto os fondos finalistas do Estado e o Fondo de Compensación Interterritorial nos PGE, tradicional fonte de financiamento para cohesionar a capacidade de investimento dos diferentes territorios cuxa evolución non deixa de baixar dende a grande crise, en cambio pode verse como o financiamento procedente dos fondos europeos crece de forma moi importante desde a pandemia, pasando do 20,2% no ano 2020 ao 34,2% no ano 2023.

Cadro V. Fontes de financiamento dos investimentos do orzamento consolidado en %

Ratio Investimento por fonte	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
% Financiamento FCI/ Investimento Real	9,9%	6,8%	6,6%	7,0%	5,4%	5,1%	4,5%	4,6%	4,3%	2,4%	3,2%	2,3%
% Financiamento Fondos Propios/ Investimento Real	70,5%	68,9%	69,0%	68,7%	70,8%	72,8%	74,8%	73,5%	72,6%	69,3%	58,1%	61,6%
% Financiamento Finalistas do Estado/ Investimento Real	4,3%	2,3%	1,8%	1,9%	2,1%	1,9%	1,0%	1,6%	1,4%	0,8%	0,9%	1,4%
% Financiamento Fondos Europeos/ Investimento Real	15,1%	21,5%	21,8%	22,4%	21,7%	20,1%	19,6%	19,9%	20,2%	26,8%	37,0%	34,2%
% Outras transferencias finalistas/ Investimento Real	0,2%	0,5%	0,7%	0,1%	0,0%	0,1%	0,1%	0,4%	1,6%	0,7%	0,8%	0,6%
Total	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

En canto a evolución do gasto non financeiro total, no ano 2009 o seu importe ascendeu 10.327 millóns de euros, o que supoñía o máximo histórico ata o dito momento. No ano 2010 prodúcese por primeira vez unha caída do gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia respecto o ano anterior o que se volta a producir nos anos 2011 a 2014. No 2015 comeza unha nova etapa do crecemento do gasto non financeiro consolidado que crece de xeito continuado ata os 11.025 millóns de euros no 2021, superando o máximo alcanzado no ano 2009, a causa dos gastos extraordinarios derivados da crise sanitaria da COVID-19, por último, no ano 2022 a execución mantense en niveis similares.

No que atinxe aos ingresos, a súa distribución por capítulos durante o período 2008-2022 amosa unha evolución aínda mellor, tanto en termos absolutos como no seu contido ao basearse nun crecemento sólido do ingreso corrente, tal e como pode apreciarse no seguinte cadro:

Cadro VI. Ingresos Consolidados (Dereitos Recoñecidos). Datos en Millóns de euros

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
INGRESOS														
I Impostos directos	1.737	1.385	2.050	2.020	2.023	1.998	2.089	2.262	2.375	2.385	2.491	2.782	2.732	2.884
II Impostos indirectos	2.119	1.874	2.690	2.733	2.892	3.141	3.151	3.222	3.304	3.468	3.400	3.406	3.351	3.084
III Taxas, prezos e outros ingresos	262	248	256	166	180	186	204	177	171	181	197	174	191	198
IV Transferencias correntes	5.019	4.364	2.460	2.402	2.290	1.935	2.209	2.375	2.537	2.712	2.762	3.613	4.109	3.826
V Ingresos patrimoniais	29	19	23	25	41	29	14	19	12	11	12	17	12	23
Total operacións correntes	9.165	7.890	7.479	7.346	7.425	7.288	7.668	8.055	8.400	8.757	8.863	9.992	10.395	10.015
VI Alieamento de investimentos reais	66	22	24	16	17	11	8	4	4	4	16	4	5	5
VII Transferencias de capital	760	649	558	464	478	396	644	227	286	445	422	343	428	673
Total ingresos de capital	826	671	582	480	495	407	652	235	290	449	438	346	434	677
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCIERAS	9.991	8.561	8.060	7.826	7.920	7.695	8.319	8.290	8.690	9.206	9.301	10.339	10.829	10.692
VIII Activos financeiros	16	7	4	33	26	26	33	35	35	44	30	33	24	18
IX Pasivos financeiros	936	1.822	1.293	1.624	1.909	2.221	1.752	1.882	2.218	1.194	2.971	3.645	2.304	2.141
TOTAL OPERACIÓNS FINANCIERAS	953	1.830	1.298	1.657	1.935	2.247	1.785	1.916	2.253	1.239	3.002	3.679	2.328	2.159
TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS	10.944	10.391	9.358	9.483	9.855	9.942	10.104	10.206	10.943	10.445	12.303	14.017	13.157	12.851

Os ingresos correntes acadaron o seu máximo nos anos 2008 e 2009, reducíndose no 2014 respecto ao máximo de 2009 en 1.877 millóns de euros un 20,5% menos. No 2021, supérase o chan acadado no 2014 ata chegar aos 10.395 millóns de euros no ano 2021 (debido en gran parte as transferencias extraordinarias para combater os efectos da pandemia) e a 10.015 millóns en 2022.

Dende o 2011 esta masa financeira amosaba unha evolución estable en torno aos 7.400 millóns de euros, tras unha baixa anómala no 2014 (que explica a importante liquidación do sistema de financiamento no 2016), aumentan no 2015, e crecen con forza no 2016-2018, e máis modestamente no 2019, de novo debido a unha liquidación anormalmente baixa do SFA, neste caso debida ao efecto non compensado do SII do IVE. Nos anos 2020, 2021 e 2022 volven a crecer con forza polas causas antes mencionadas.

No que refire á evolución dos ingresos non financeiros, logo de sufrir o impacto da grande crise no período entre 2010-2014, no que baixan 1.430 millóns de euros, se recuperan no 2020 ata os 10.339 millóns de euros, no 2021 acadan a cifra de 10.829 millóns de euros, reducíndose ata 10.692 millóns en 2022.

No que refire ao aforro corrente, ás abruptas caídas de ingresos da grande crise inhabilitaron a capacidade de xerar aforro corrente, chegando este a ser negativo ata en tres ocasións no período de crise, e non sendo ata 2015 que se inicia unha sólida senda de crecemento manténdose nuns niveis próximos aos 500 millóns de euros (nos anos 2020 e 2021 o seu importe situouse en niveis próximos aos 1.000 millóns como consecuencia dos recursos extraordinarios provocados pola pandemia).

Finalmente, en canto á evolución do superávit ou déficit non financeiro, no período de referencia pódense extraer as seguintes conclusións: no ano 2007 conseguíuse pechar o exercicio cun superávit non financeiro e os anos seguintes remataron todos con déficit. O máis elevado produciuse no ano 2010 cando ascendeu a 964 millóns de euros.

Despois dun superávit extraordinario no ano 2018, o saldo non financeiro volta a ser lixeiramente deficitario no período 2019-2022, de modo que no ano 2022 pechouse cun déficit orzamentario de -270 millóns de euros.

VI.2.2. *Sustentabilidade Financeira*


O goberno galego sempre se comprometeu co cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, levando a cabo un control rigoroso do déficit público e da débeda pública, que permitiron garantir a sustentabilidade de débeda pública no curto e medio prazo. A liquidez e a solvencia son dous principios moi interiorizados na xestión da facenda galega, non hai que esquecer que fomos a primeira autonomía que estableceu legalmente uns principios reitores encamiñados a garantir a sustentabilidade da débeda mediante a promulgación da Lei 2/2011, de 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira. En efecto, dita norma fundamentouse na necesidade de que a estabilidade orzamentaria constitúe un requisito necesario, pero non suficiente, para garantir a sustentabilidade financeira das administracións pública, e dando un paso adiante en aspectos esenciais, como era disciplinar a elaboración dos orzamentos xerais co esta-

blecemento dun límite de gasto non financeiro autorizado polo Parlamento de Galicia e na que se recollían tres regras de disciplina fiscal que intentaban garantir a sustentabilidade das finanzas públicas a medio prazo.

A primeira, mediante a obriga de financiar calquera incremento de gasto corrente con ingreso corrente e así controlar a evolución do aforro bruto impedindo ao mesmo tempo a aparición de déficits estruturais, a segunda, que a débeda pública autonómica mantese a un nivel prudente e unha evolución estable ao longo do ciclo, para conseguir esta última, se limitaba o crecemento do gasto na fase expansiva do ciclo a unha taxa equivalente ao do crecemento do PIB nominal, e a terceira, mediante a obriga de dedicar posibles maiores recadacións conxunturais a reducir a débeda xerada nas fases recesivas do ciclo.


No seu conxunto estas medidas permitiron un control sobre a evolución do déficit e do endebedamento autonómico. Así podemos afirmar que dende o ano 2008 somos a unha das comunidades autónomas que menos incrementaron a súa ratio Débeda/PIB, cun incremento de só 10,2 puntos fronte a un incremento medio de 16,9 puntos no conxunto de autonomías.

Gráfica IV. CCAA incremento Ratio débeda/PIB 2008-2022



Sendo ademais en termos absolutos a Comunidade Autónoma que menos incrementou a súa débeda no período 2008-2022, en termos porcentuais.


Gráfica V. CCAA incremento Absoluto débeda (PDE) M€ 2008-2022



No que respecta a perspectiva da sustentabilidade dende o punto de vista da liquidez, entendida como a capacidade de ter acceso aos mercados e á capacidade de refinanzamento, a Facenda Galega sempre tivo o visto bo dos mercados, neste sentido somos das poucas autonomías que non utilizamos intensivamente os mecanismos de financiación postos a disposición por parte da AGE durante o período 2012-2023 ante os problemas de liquidez e solvencia aos que enfrontábanse as facendas autonómicas, xa que podíamos financiar as nosas necesidades de endebedamento nos mercados. No obstante, dadas as condicións favorables de financiamento en termos de xuros, por criterios de oportunidade, determinaron o uso destes mecanismos como fonte de financiamento.


O volume total de recursos postos a disposición das autonomías no período 2012-2023 a través destes mecanismos ascenden a 426.180,2 millóns de euros dos cales a Facenda Galega soamente utilizou 9.562,4 millóns, o que representa un 2,2% do total e que en termos do PIB rexional equivalen a un 15,1% do mesmo.

Gráfica VI. CCAA Medidas liquidez AGE 2012-2023 (% PIB)



Así mesmo, como indicador indirecto de liquidez da facenda galega pode utilizarse a evolución do período medio de pago aos provedores de xeito que observase que a Facenda Galega sempre estivo pagando as súas obrigas con moita celeridade e por debaixo dos prazos establecidos pola lei de morosidade.

Gráfica VII. CCAA Período medio pago provedores




No que respecta a perspectiva da sustentabilidade dende o punto de vista da solvencia, refírese á capacidade de obter superávits primarios o suficientemente grandes como para facer fronte ao servizo da débeda, pero dende unha perspectiva do longo prazo. Así a capacidade de xerar superávits primarios, dependerá en gran medida da capacidade de obter ingresos suficientes para o desempeño das nosas competencias.

En efecto un aspecto esencial para garantir a sustentabilidade financeira desta comunidade o constitúe o sistema de financiamento autonómico. No hai que esquecer que o sistema de financiamento procura arredor do 80% dos recursos desta comunidade. Neste sentido a finais do ano 2021 o Ministerio remitiu as CCAA unha proposta de reforma do sistema, centrándose nunha variable clave a poboación axustada. Desde esta comunidade celebramos a posta en marcha do proceso de reforma do sistema, na que o avellentamento, xunto á dispersión, son os ámbitos nos que se centran as reivindicacións da Comunidade Autónoma de Galicia, reclamando para estes unha maior ponderación dentro do conxunto do sistema de financiamento autonómico. No hai que esquecer que en Galicia o peso da poboación maior de 65 anos sobre o total representa el 24,2%, fronte á media española que é do 18,5%, un diferencial de 5,7 puntos máis. As previsións ao futuro son que o porcentaxe do peso da poboación maior de 65 anos suba ata o 31,3% no ano 2035. Porén a reforma do sistema de financiamento, constitúe un aspecto crucial para garantir a sustentabilidade das finanzas públicas no longo prazo, nun contexto no que as administracións enfróntanse a unhas necesidades crecentes, derivadas dunha poboación cada vez máis avellentada, a importantes cambios económicos e sociais, que determinan un significativo aumento del gasto dedicado os servizos públicos fundamentais que deben facemos reflexionar sobre a sustentabilidade do gasto público, e o impacto que distintos factores, entre os que destaca o avellentamento da poboación, poidan ter sobre os mesmos, polo que se deben adoptar medidas que nos preparen ante os retos aos que nos vamos a enfrontar, garantindo unha debida equidade interxeracional. Da súa reforma e evolución dependerá en gran medida a capacidade da Facenda galega para xerar superávits primarios e así garantir a sustentabilidade da débeda dende a perspectiva da solvencia.

VI.3. Evolución do Endebemento: posición relativa

A ratio débeda/PIB da Comunidade Autónoma de Galicia, como pode ollarse no seguinte gráfico, segue a mostrar un diferencial positivo en relación coa ratio medio das CCAA que se ven mantendo ao longo da serie histórica de modo que nos últimos 22 anos o dito diferencial mellorou en case 10 puntos porcentuais, pasando Galicia de ter no ano 2000 unha ratio de débeda-PIB superior en máis de 3 puntos a estar 6,5 puntos por debaixo cos últimos datos publicados polo Banco de España (xuño de 2023).

Gráfico VIII. Evolución débeda PDE. Ratio débeda/PIB. Banco de España




A necesidade dunha evolución moderada do endebedamento non é un fin en si mesmo, constitúe unha garantía para a sostibilidade das finanzas públicas, xa que permitirá, cando sexa preciso, acudir de xeito temporal aos ingresos financeiros para compensar caídas dos ingresos público en fases recesivas do ciclo.

A estes efectos manter unha débeda controlada ata o de agora é unha fortaleza que nos permite soportar menores custes financeiros, pero tamén acudir máis facilmente aos mercados financeiros en caso de ser preciso.

A seguinte gráfica mostra a evolución dos últimos anos do volume de débeda da comunidade autónoma e do custe de mantela, pode verse como o stock de débeda mantívose estable ata o comezo da pandemia, momento no que o endebedamento neto tivo que aumentar co fin apalancar a recuperación; en termos de ratio débeda-PIB o incremento foi moito máis pronunciado como consecuencia da abrupta caída que experimentou o PIB no ano 2020, desde entón a ratio segue unha tendencia a baixa, de modo que cando remate o ano 2024 a ratio reducirase ata o 17% do PIB. Acercándonos ata os niveis de débeda previstos na normativa de estabilidade orzamentaria, de modo que no ano 2024 o recurso á débeda soamente se utilizará no importe correspondente ás liquidacións negativas dos anos 2008 e 2009.


Como tamén pode verse na dita gráfica o control do stock combinado cunha axei-tada política de xestión de pasivos aproveitando as favorables condicións de mercado, permitiu xerar importantes aforros de custes en xuros ás finanzas autonómicas, o cal viuse abruptamente interrompido durante o ano 2022 como consecuencias das tensións ocorridas nos mercados financeiros, de modo que nos anos 2023 e 2024 producirase un incremento moi importante dos gastos financeiros.

Gráfico IX. GALICIA. Evolución Gasto financeiro vs Débeda (PDE)




No seguintes gráficos pode observarse a evolución do endebedamento autonómico dende o ano 2008. As comunidades autónomas tiveron comportamentos heteroxéneos no que atinxe a evolución da débeda pública/PIB, que van dende aumentos de 10,2 puntos no caso de Galicia, ata incrementos de máis de 30,8 puntos como no caso da Comunidade Valenciana.

Gráfico X. GALICIA. Débeda/PIB (PDE)



Tamén e de interese analizar a débeda per cápita das comunidades autónomas. Dende este punto de vista Galicia amosa a terceira menor débeda per cápita, cun valor moi similar á de Asturias que é a segunda. Pola contra Cataluña e a Comunidade Valenciana teñen una débeda per cápita 2,5 veces superior a de Galicia.

Gráfico XI. Débeda per cápita IV T 2022



Conxugando ambos criterios, Débeda/PIB e Débeda/habitante se configuran as seguintes gráficas que reflicten a situación das comunidades autónomas atendendo a ditos criterios tanto no 2008 como no 2022 amosando a mellora significativa da posición da comunidade autónoma de Galicia.

Gráfico XII. Débeda/PIB e Débeda per cápita 2008





Gráfico XIII. Débeda/PIB e Débeda per cápita 2022



Como manifestamos en apartados anteriores deste informe as políticas fiscais deben ter como obxectivo preservar a sustentabilidade da débeda, polo que é mais necesario que nunca o compromiso con planes fiscais a medio prazo cribles e sostibles, establecendo unha folla de ruta en el que o control do déficit, na procura de superávits primarios, e da débeda pública para que amosen unha tendencia sustentable. Así a elaboración dos orzamentos para 2024 enmárcanse dentro dunha estratexia fiscal a medio prazo que contempla a natureza estrutural ou conxuntural de gastos e ingresos.

A conxunción de estas actuacións, control da déficit e impulso do crecemento determinarán a sustentabilidade da nosa débeda pública, garantindo por outra a debida equidade interxeneracional no trasladando a xeración futuras problemas do presente. Como dixo fai case un século, Joseph Alois Schumpeter, “O espírito dos pobos, o seu nivel cultural, a súa estrutura social... Todo isto e moito máis está escrito na súa historia fiscal... As finanzas públicas constitúen un dos mellores puntos de partida para unha investigación da sociedade”.

VI.4. Efecto bola de neve

O pasado 19 de outubro de 2021 a Comisión Europea retomou oficialmente o proceso de revisión das regras fiscais co obxectivo de plantexar unha proposta concreta reforma do marco europeo de gobernanza fiscal coa finalidade neutralizar o efecto procíclico da política fiscal. Esta nova normativa debe dar lugar a un novo marco que corrixa estes defectos coa finalidade última de que a política fiscal contribúa garantir á estabilidade macroeconómica e financeira, modificando o el marco actual por tres elementos comple-

mentarios: un ancora da débeda a medio prazo, unha regra que se aplique sobre o gasto neto de xuros e unha cláusula xeral de escape. Neste sentido, confiar nun único indicador operativo baseado na evolución do gasto neto, tamén evita o típico rumbo procíclico que tivo a política fiscal nos últimos anos: a saber, expansión nos bos tempos e, por tanto, recorte no gasto nos malos tempos.

O executivo comunitario concretou a súa proposta de reforma das regras fiscais en abril de 2023, coa aplicación dun axuste orzamentario mínimo do 0,5% do PIB cando os niveis de déficit sitúense por encima do 3% sobre o PIB. Ademais, esixe que os niveis de débeda reducíronse en relación ao comezo do período de axuste. Ademais, a proposta de Bruxelas prohíbe que o gasto neto dos países creza máis que o potencial do PIB a medio prazo.

Así para os próximos anos, é vital reducir a débeda e mantela sostible, garantir unhas finanzas públicas saneadas en todos os Estados membros da UE e construír unha base sólida para o crecemento. Neste sentido para garantir a sustentabilidade da débeda a Comisión emitirá unha «traxectoria técnica» específica para cada país. Esta traxectoria buscará asegurar que a débeda se coloque nunha senda plausiblemente descendente ou se manteña en niveis prudentes.

A traxectoria técnica diferenciarase para cada Estado membro e terá en conta os seus desafíos de débeda pública. En particular, garantirá que:

- O coeficiente de débeda pública sitúase nunha senda descendente plausible ou se mantén en niveis prudentes.
- O déficit público redúcese e mantén por baixo do valor de referencia do 3% do PIB.
- O cociente de débeda pública é inferior ao final do período cuberto polo plan que ao comezo do devandito período.
- Deberá aplicarse un axuste fiscal mínimo do 0,5 por cento do PIB anual como referencia mentres o déficit mantéñase por encima do 3 % do PIB.
- O esforzo fiscal no horizonte do plan é polo menos proporcional ao esforzo total durante todo o período de axuste.

En relación a isto e tendo en conta o método cálculo establecido na UE para analizar a evolución da débeda pública, a Comunidade Autónoma de Galicia amosa unha tendencia descendente e mantense nuns niveis prudentes nos vindeiros exercicios. Así, tendo en conta a descomposición da dinámica da débeda nos permite identificar as claves da evolución da ratio, concretamente o saldo primario, o axustes stock fluxo e en particular o efecto bola de neve, que a súa vez pode descompoñerse en tres termos:

- O efectos dos xuros.

- O efecto do crecemento real do PIB.
- O efecto da inflación ou PIB nominal.

Polo tanto a dinámica da evolución da débeda vai depender da evolución do saldo primario, é dicir, do déficit o superávit sen ter en conta os xuros, do axuste stock fluxo, que reflicte a diferenza entre a variación da débeda PDE e o déficit público, derivada entre outros, pola evolución das adquisicións de activos financeiros e de aqueles pasivos que non computan na débeda PDE, e por último o efecto bola de neve, no que os xuros teñen un efecto negativo e o crecemento e a inflación un efecto positivo na evolución da débeda.


No caso da Comunidade Autónoma de Galicia a dinámica da débeda pública se amosa no cadro seguinte, tendo en conta o cadro macroeconómico vixente, e tendo en conta as seguintes consideracións, como único axuste stock-fluxo consideramos o importe das liquidacións negativas correspondentes o sistema de financiamento, o valor saldo primario utilizado é o resultante dos obxectivos de estabilidade plasmados no último programa de estabilidade. Os resultados amosan unha redución da ratio Débeda/PIB de 2,6 puntos no período 2022-2026, motivado principalmente polo efecto bola de neve, en particular pola contribución do efecto crecemento (1,2 puntos) e do efecto inflación ou pib nominal (1,8 puntos).

Cadro VII. Dinámica da débeda

Dinámica da Débeda		2022	2023	2024	2025	2026	% PIB Acumulado 2023-2026
1	Ratio Debeda/PIB	17,0%	16,3%	15,6%	15,0%	14,4%	-
2=3+4+8	Variación en ratio	-	-0,7%	-0,7%	-0,6%	-0,6%	-2,6%
3	Saldo Primario	-	0,1%	-0,2%	-0,3%	-0,3%	-0,7%
4=5+6+7	Efecto "Bola de Neve" do cal	-	-0,9%	-0,6%	-0,4%	-0,4%	-2,3%
5	- Efecto en Xuros		0,1%	0,2%	0,2%	0,2%	0,7%
6	- Efecto Crecemento		-0,3%	-0,3%	-0,3%	-0,3%	-1,2%
7	- Efecto Inflación		-0,7%	-0,5%	-0,3%	-0,3%	-1,8%
8	Axuste "Stock-Fluxo"	-	0,1%	0,1%	0,1%	0,1%	0,4%


Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Gráfica XIV. Efecto bola de neve na dinámica Débeda/PIB



En definitiva, a dinámica da débeda amosa una evolución ou senda plausiblemente descendente de conformidade coas novas esixencias da UE e que se manteña en niveis prudentes, permitindo acadar obxectivo do 13% do PIB no 2029, dando cumprimento o artigo 13 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira que establece que “O límite de débeda pública de cada unha das Comunidades Autónomas non poderá superar o 13 por cento de seu Produto Interior Bruto rexional.”

Gráfica XV. Proxección Débeda Pública/PIB (PDE) 2022-2026



VI.5. Transparencia

A Lei 2/2011, de 16 de Xuño, de Disciplina Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira dispón no seu artigo 19.5, adicado a instrumentación do principio de transparencia, que “Os orzamentos xerais recollerán información sobre a necesidade de financiamento da Comunidade Autónoma, os investimentos reais das empresas públicas en termos de contabilidade nacional, a ratio de gasto público da Comunidade Autónoma en relación co produto interior bruto rexional, o nivel de débeda pública no seguinte exercicio e a evolución das seguintes ratios e magnitudes: ratio débeda/PIB, ratio débeda/ingresos correntes, risco comprometido por avais e compromisos por emprego de fórmulas de pago adiado, tanto xa contratadas como das previstas para o exercicio orzamentario”.

As seguintes ratios elabóranse a partires do dato certo do último exercicio pechado (2022) e das previsións de orzamentos dos anos 2023 e 2024. A ratio da débeda PIB dos anos 2018 a 2022 é a publicada polo Banco de España, para calcular a previsión da ratio dos anos 2023 e 2024 aplícase ao dato de PIB de Galicia publicado polo INE as previsións de incremento do PIB nominal incluídas no cadro económico incorporado neste informe.

Cadro VIII. Ratios orzamentario-financeiros (en euros e en %)


	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Necesidade de Financiamento (% PIB)	0,2%	-0,4%	-0,1%	-0,1%	-0,5%	-0,3%	0,0%
Capacidade (+)/ Necesidade (-) de Financiamento (M€)	132	-281	-59	-87	-377	-181	0
Investimentos reais das empresas públicas (M€)	101,1	116,8	136,3	193,3	181,7	198,9	143,3
Ratio Gasto Non Financeiro - PIB rexional	14,6%	14,8%	17,7%	17,4%	15,9%	17,2%	17,2%
Ratio Gasto Total - PIB rexional	16,5%	19,7%	23,8%	20,4%	18,3%	19,3%	19,2%
Ratio Investimento por habitante	252,6	255,0	299,7	319,3	328,2	585,5	593,2
Ratio gasto non financeiro por habitante	3.371,5	3.528,2	3.835,9	4.092,2	4.074,2	4.690,8	4.927,3
Débeda Pública (M€)	11.341,8	11.314,8	11.537,9	11.715,2	11.977	12.225	12.292
Ratio Débeda - PIB (%)	18,2%	17,6%	19,7%	18,3%	17,0%	16,7%	15,9%
Ratio Débeda - Ingresos Correntes	127,4%	125,6%	113,7%	110,9%	116,0%	109,2%	102,5%
Débeda por Habitante	4.198,0	4.191,4	4.270,4	4.348,2	4.451,6	4.543,8	4.568,7
Risco comprometido por avais (M€)	63,0	31,5	30,6	16,1	18,3	6,8	4,4
Compromisos por emprego de fórmulas de pago adiado (M€)	2.617,2	2.478,7	2.335,1	2.194,1	2.050,6	1.906,3	1.768,8

Fonte: Consellería de Facenda e Administración pública

A Necesidade de Financiamento de Galicia no exercicio 2024 redúcese respecto ao ano 2023, ao reducirse desde un 0,3% a un 0%, de modo que a dita necesidade se reduce en 181 millóns de euros.

A gráfica seguinte compara a senda de consolidación fiscal de Galicia e do total das CCAA, pódese apreciar como os esforzos temperás na contención do déficit permitiron unha senda máis suave no espazo temporal obxecto de análise, o que se traduce en máis estabilidade na dotación das diferentes políticas de gasto a igual esforzo de redución do déficit da media das CCAA, o que xa permitiu rematar antes a senda de consolidación fiscal e xerar máis marxe de manobra fronte a posibles continxencias, como acontece desde que comezou a pandemia, no que Galicia mantén unhas finanzas estables fronte á incertidume que nos rodea sen ter que facer esforzos de consolidación adicionais.

Gráfico XVI. Senda consolidación fiscal 2009-2022



De seguido recóllese a senda de evolución das taxas de referencia para o conxunto do sector público durante o trienio 2021-2023 e os obxectivos previstos para o ano 2024 na actualización do programa de estabilidade 2023-2026.

Cadro IX. Taxas de déficit de referencia

	2021	2022	2023	2024
Administración central	-3,5	-3,5	-3,2	-3,0
Comunidades Autónomas	-1,1	-0,6	-0,3	0,0
Corporaciónes Locales	-0,1	0	0,1	0,2
Seguridade Social	-3	-0,8	-0,5	-0,2
TOTAL	-7,7	-4,9	-3,9	-3,0

A representación gráfica desta senda das diferentes administracións amosa como xurde con forza un novo actor na determinación das necesidades de financiamento das administracións públicas, os fondos da seguridade social, que é a administración pública que sofre un maior deterioro por mor da crise e do desaxuste financeiro do sistema contributivo que a fornece de recursos, esta situación ven condicionando os repartos de

obxectivos de déficit entre as diferentes administracións dende 2013, o gráfico seguinte permite apreciar como o seu déficit desde o ano 2016 segue por enriba do das CCAA, de modo que desde ese ano ata o ano 2022 o déficit acumulado pola SS ascende a -9,6% mentres o das CCAA é de -3,4%.

Gráfico XVII. Senda de consolidación fiscal AAPP 2009-2023



No que atinxe aos investimentos reais das entidades instrumentais da Comunidade Autónoma que non forman parte do orzamento administrativo, no ano 2022 estes investimentos ascenderon a 181,7 millóns de euros, no 2023 creceron ata 198,9 millóns e no 2024 estímase que diminúan ata os 143,3 millóns de euros.

En canto a porcentaxe de gasto non financeiro en relación ao PIB de Galicia queda nun 17,2% manténdose na mesma ratio que no ano 2023 xa que ambas magnitudes amosan crecementos similares (5% e 5,5% respectivamente).

En canto o nivel de Débeda Pública (calculada segundo o Procedemento de Déficit Excesivo), a finais do ano 2022, como se ten sinalado na parte de débeda, acadou o importe de 11.977 millóns de euros e prevese que a finais do ano 2023 sexa de 12.225 millóns, e a previsión para 2024, coherente co orzamento que se presenta, é de que remate o dito ano en 12.309 millóns, que suporá un incremento da mesma de 84 millóns que reflicten unha redución do recurso extraordinario á débeda para financiar as políticas de reactivación económica, xa que o ano anterior o incremento previsto nos orzamentos fora de 266 millóns e no anterior de 492,6 millóns de euros.


A Lei de Disciplina Orzamentaria esixe información sobre a evolución das seguintes ratios que teñen relación co nivel de débeda pública: a ratio débeda/PIB e a débeda en relación cos ingresos correntes.

En canto a evolución da ratio débeda/PIB, o último dato publicado polo Banco de España correspondente ao segundo semestre do ano 2023, é dun 16,7% e a previsión, dimanante da evolución tanto da débeda pública como do PIB nominal, é de que a ratio se manteña na dita porcentaxe a finais do ano 2023 e que peche o ano 2024 no 15,9%.

Respecto a relación entre a débeda e os ingresos correntes, no ano 2023 dita relación é do 109,2%, e no ano 2024 a dita ratio reducirase ata o 102,5% debido a que o endebedamento apenas aumento (un 0,5%) en cambio os ingresos correntes medran de xeito máis importante, concretamente nun 7,5%.

O mantemento dunha senda en parámetros aceptables, de acordo coas rexións máis solventes da nosa contorna, así como o cumprimento dos obxectivos e regras fiscais non son un fin en si mesmo, senón a vía para aumentar a solvencia dos galegos -como mostra a seguinte gráfica que reflicte a menor débeda per cápita dos galegos respecto a outras CCAA e, en última instancia a mellor garantía da sostibilidade dos servizos públicos e de reserva de marxe de manobra para circunstancias adversas como as que estamos a afrontar.

Gráfico XVIII. Evolución da débeda por habitante. Comparativa Galicia-media CCAA



De seguido referimos ao risco comprometido por avais, hai que ter en conta o disposto no Texto Refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, en concreto nos seus artigos 40 a 45, respecto do límite máximo de avais que se poderán conceder durante cada ano, remitindo a respectiva Lei de Orzamentos.

Neste sentido a Lei de Orzamentos de Galicia do ano 2024 dispón que o importe máximo dos avais que a Xunta de Galicia poderá conceder durante o dito exercicio será de 30 millóns de euros, de seguido establece que o Instituto Galego de Promoción Económica poderá conceder, durante o ano 2024, avais en canto non se supere en ningún

momento o saldo efectivo vixente de 500 millóns de euros e, por último o IGVS tamén pode conceder avais por un importe máximo de 5 millóns de euros, con destino a compra da primeira vivenda para menores de 36 anos, cun límite máximo do 20% por cento do prezo da compravenda.

Dende xuño de 2015, a concesión de avais está suxeita ao principio de prudencia financeira dacordo ao artigo 13 da Lei Orgánica 8/1980, de 22 de setembro, de Financiación de Comunidades Autónomas (LOFCA).

As condicións de prudencia para avais tense desenvolvido por Resolución da Secretaría General Coordinación Autonómica y Local, que fixa un límite do importe total de avais autorizado por cada comunidade autónoma do 1,5% do seu PIB rexional, os límites recollidos na lei de orzamentos recollidos no parágrafo anterior respectan esta limitación.

Para a comunidade autónoma de Galicia este límite sitúase por enriba do límite autorizado na Lei de orzamentos (535 millóns de €) e ao risco vivo por avais estimado a peche de 2023 (6,8 millóns de euros). Para o ano 2024 estímase que as operacións de concesión de novos avais e amortización de vencementos rebaixen substancialmente o risco comprometido por avais polo IGAPE situándose en torno aos 4,4 millóns de euros.

Por último a Lei de Disciplina Orzamentaria establece que os Orzamentos recollerán información dos compromisos por emprego de fórmulas de pago adiado, tanto das xa contratadas como das previstas para o exercicio orzamentario, esta información figura adicionalmente na Memoria I.

En canto aos compromisos por emprego de fórmulas de pago adiado xa contratados son as mesmas contías que as correspondentes ao pasado orzamento menos unha anualidade, a seguinte táboa reflicte o detalle:

Cadro X. Compromisos de pago futuros en cpp e concesións de obra pública

Contratos celebrados colaboración público-privada e concesión de obra pública (miles de euros)							
PROXECTOS	ADMINISTRACIÓN XERAL					SERGAS	
	AG-56 Santiago-Brión - As Galanas(N-550)-Pardiñas (AG-56)	Vía rápida VRG-4.1 O Salnés	Vía Rápida do Barbanza. VRG-1.1	A52 - Fronteira Portuguesa. VAC A-52 Celanova	Autovía Costa da Morte	Conc Obra Púb Novo Hospital de Vigo	
IMPORTE DA INVERSIÓN DE ADXUDICACIÓN	103.340	43.960	93.830	95.920	199.413	315.228	
COMPROMISOS DE PAGO ANUAIS							
ANO	Investimento	Investimento	Investimento	Investimento	Investimento	Canons	Investimento
2024	14.900	7.130	12.557	10.695	26.782	27.828	37.553
2025	15.543	7.456	13.183	10.918	27.452	26.563	38.945
2026	16.126	7.747	13.855	11.165	28.138	26.650	38.848
2027	16.777	8.045	14.551	11.409	28.842	31.230	33.811
2028	17.452	8.383	15.299	11.685	29.563	31.333	33.697
2029	18.206	8.683	16.072	11.892	30.302	29.235	36.005
2030	18.885	9.025	16.899	12.112	31.059	29.332	35.898
2031	19.643	9.375	17.756	12.331	31.836	29.429	35.792
2032	20.430	9.760	18.638	12.585	32.632	29.526	35.684
2033	21.313	10.110	19.584	6.707	33.448	24.596	41.108
2034	21.959	10.497	20.560	6.826	34.284	23.582	42.223
2035	15.987	7.708	21.600	6.941	35.141	17.309	30.884
2036			8.213	7.080	36.019		
2037				7.182	36.920		
2038				7.303	10.368		
2039				7.429			
2040				2.256			
Total	217.220.713	103.921.376	208.765.804	156.516.298	452.785.511	326.611.644	440.447.158

Dita táboa reflicte que ata o ano 2040 a Xunta de Galicia ten comprometidos a través das colaboracións público privadas 1.906,3 millóns de euros. No ano 2024 non está previsto dispor de máis gasto a través destas fórmulas de pago adiado, polo que o importe comprometido ao final do devandito ano será de 1.768,8 millóns de euros.

Cadro IX. ANEXO: Investimentos reais das empresas públicas. Miles de €

	ENTIDADES	INVERSIÓN REAIS 2024
406	Portos de Galicia	14.628
412	Augas de Galicia	90.139
109	Axencia de Protección da Legalidade Urbanística	1.310
502	Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar	300
512	Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia	29
515	Centro extensión universitaria e divulgación ambiental de Galicia	40
516	Consortio de abastecemento de auga en Cervo e Burela	0
517	Consortio Casco Vello de Vigo	1.289
519	Consortio Local dos Peares	1
413	Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía	105
415	Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia	4.250
417	Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061	112
418	Instituto Galego de Medicina Xenómica	0
604	Fundación Galicia Europa	6
606	Fundación Galega para a Tutela de Persoas Adultas	4
607	Fundación Semana Verde de Galicia	0
608	Fundación Pública Artesanía de Galicia	3
609	Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia	4.682
610	Fundación Exposicións e Congresos de A Estrada	0
611	Fundación Feiras e Exposicións de Lugo	46
612	Fundación Feiras e Exposición de Ourense	23
615	Instituto Feiral de A Coruña	0
616	Instituto Feiral de Vigo	0
650	Fundación Centro Tecnolóxico da Carne	258
652	Fundación Deporte Galego	10
654	Fundación Centro Tecnolóxico do Mar	0
656	Fundación Galega da Formación para o Traballo	7
660	Fundación Camilo José Cela	0
662	Fundación Profesor Novoa Santos	500
663	Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela	1.323
664	Fundación Museo do Mar	0
665	Fundación Biomédica Galicia Sur	750
702	Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.	387
706	Sociedade Pública de Investimentos de Galicia	719
707	SODIGA Galicia, Sociedade de Capital Risco	0
708	XESGALICIA, Sociedade Xestora de Entidades de Capital Risco, S.A.	25
709	Galicia Calidade, S.A.U.	0
710	Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.	696
713	Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo	0
714	Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos	848
717	Xenética Fontao, S.A.	134
718	Galería Empresa Pública de Servizos Sanitarios	1.711
719	Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A.	8.967
727	Xestión do solo de Galicia, XESTUR, S.A.	20
729	Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.	9.980
	TOTAL	143.300